

INFORME
ECONÓMICO E FINANCEIRO



INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

CONTIDO

I.	ESGOTAR OS ESTÍMULOS PARA VOLTAR AO CRECEMENTO SAN	7
I.1.	INTRO	9
I.1.1.	O SEMESTRE EUROPEO 2021	13
I.1.2.	PLAN ORZAMENTARIO 2022.	18
I.1.3.	NEXT GENERATION EU.	20
I.2.	GALICIA VOLTA Á SENDA DO CRECEMENTO SAN	27
II.	CONTORNA ECONÓMICA	39
II.1.	O CONTEXTO INTERNACIONAL	41
II.2.	ECONOMÍA ESPAÑOLA	43
II.3.	ECONOMÍA GALEGA	47
II.4.	ESCENARIO MACROECONÓMICO	52
III.	O ESCENARIO FINANCEIRO	59
III.1.	SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA.	61
III.2.	TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA.	61
III.3.	TIPOS DE XUROS INTERBANCARIOS.	63
III.4.	MERCADO DE DÉBEDA PÚBLICA.	65
III.5.	MERCADOS BOLSISTAS.	67
III.6.	MERCADOS DE DIVISAS.	69
IV.	O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.	71
IV.1.	INTRODUCCIÓN	73
IV.2.	OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2022 DO PLAN ESTRATÉXICO	78
IV.3.	EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).	80
IV.4.	A POLÍTICA DE COHESIÓN DA UNIÓN EUROPEA 2021-2027	97
IV.5.	ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE	111
IV.6.	DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERIAS E ORGANISMOS	

ESTATUTARIOS.	113
V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2022	117
V.1. GRANDES CIFRAS	119
V.1.1. EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO. TEITO DE GASTO E CAPACIDADE DE GASTO	119
V.1.2. PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO PRIORIZADAS NO ORZAMENTO 2022	131
V.1.3. FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, INVESTIMENTO EN I+D+I E FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES.	132
V.1.4. GASTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL	136
VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA	137
VI.1. REGRAS FISCAIS E ORZAMENTO 2022	139
VI.1.1. LÍMITE DE DÉBEDA.	140
VI.2. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA AUTONÓMICA.	141
VI.2.1. EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA	141
VI.3. EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA	151
VI.4. TRANSPARENCIA	153



ESGOTAR OS ESTÍMULOS PARA VOLTAR AO CRECEMENTO SAN


I. ESGOTAR OS ESTÍMULOS PARA VOLTAR AO CRECEMENTO SAN

I.1. INTRO

O apoio fiscal e a política monetaria acomodaticia favoreceron a achega de recursos para loitar contra os efectos socioeconómicos da pandemia e mantela baixo control, ademais evitaron contraccións económicas máis severas e maiores perdas do emprego, porén ese apoio sumado ás caídas dos ingresos, eleva os déficits públicos e os niveis de débeda, cando aínda non se tiña regularizado a xerada durante a grande crise.

No en tanto, compre evitar a retirada prematura de estímulos que poña freo á volta á senda de crecemento san na que se atopaban a economía e as finanzas galegas no intre previo á crise. Para elo debemos empregar todas as dispoñibilidades financeiras ao noso alcance, en especial os fondos extraordinarios mobilizados pola Unión Europea (REACT, Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e FEADER-Euri) no marco do programa NEXT GENERATION, así como a marxe de manobra que ofrece a taxa de referencia de necesidade de financiamento.


Gráfica I.GALICIA. Índice de produción industrial. INE.,



Como se ten dito as autoridades financeiras deben atopar o equilibrio entre os riscos dunha débeda pública e privada avultada e crecente e os riscos dun retiro prematuro do apoio fiscal, que frearía a recuperación.

Por elo, como xa indicamos no informe de estratexia financeiro-fiscal presentado co teito de gasto no pasado mes de agosto, os marcos fiscais cribles a medio prazo son cruciais para acadar equilibrio, e para trazar o camiño cara a reconstitución das reservas fiscais a un ritmo supeditado á recuperación da actividade e do emprego.

Gráfica II.ESPAÑA. Déficit PDE e Débeda PDE en % do PIB.



Fonte. Boletín estatístico do Banco de España. Ministerio de Facenda e Administracións públicas. INE.

Por se estas incertezas non foran abondo, nestes últimos meses está a xurdir unha repunta dos prezos, que a maioría dos analistas estiman como conxunturais e que se normalizarán no primeiro semestre do vindeiro 2022, de non ser así, os riscos dun endurecemento das facilidades monetarias mudarán sensiblemente para paliar o perigo de inflación.

Pese a que segundo o indicado, a política monetaria pode facer caso omiso a este aumento transitorio dos prezos, os bancos centrais se están a preparar para actuar se os riscos de crecentes expectativas inflacionistas cobran importancia, a este efecto sería desexable que se anuncien con claridade tales medidas e os seus factores de activación e que actúen en consecuencia coas súas comunicacións. A previsibilidade e a certidume son boas para o crecemento económico.

A política monetaria acomodaticia está a posibilitar a liquidez dos mercados e as políticas fiscais expansivas, neste sentido esta circunstancia xunto con unha boa xestión da carteira de débeda fan que os presentes orzamentos voltan a baixar sensiblemente o custe financeiro do servizo da débeda achegando 25 millóns de euros á capacidade de gasto real das consellerías.

Gráfica III. Banco de España. Informe estatístico. Prezos e tipos de xuro



Polo xeral a situación é bastante favorable para as economías máis desenvolvidas cuxa poboación esta vacinada e poden dar por superado o episodio pandémico e, centrarse na creación de emprego sostible sen por en risco a credibilidade nos marcos da política fiscal, achegándose cada vez máis ás metas no crecemento san e a volta a os obxectivos estratéxicos de Galicia a mediano prazo, para isto o ano 2022, comezará tamén cun novo plan estratéxico da comunidade autónoma, evolución do actual para a vindeira década e que parte da avaliación do impacto da pandemia na nosa sociedade e economía.


A actualización da folia de ruta estratéxica baseada nun marco ambicioso e realista co respaldo de medidas de gasto e ingreso plausibles debe colaborar á solidez e credibilidade no eido financeiro do noso modelo de crecemento, o que nun futuro favorecerá a redución do custes de financiamento da comunidade autónoma e aumentará a marxe fiscal a curto prazo.

Moito máis preocupante para o crecemento mundial é o diferente ritmo de vacinación entre as economías en desenvolvemento e menos desenvolvidas que provoca que a pandemia siga viva a nivel mundial. Os países de ingreso alto deben cumprir co seu compromiso de doazón de vacinas, coordinar cos fabricantes para priorizar entregas ao mecanismo COVAX a curto prazo e eliminar restricións comerciais ao fluxo de vacinas e insumos de estas. Segundo o FMI a prolongación da pandemia COVID-19 provocada polas entregas insuficientes de vacinas e os rexeitamentos a vacinarse podería reducir de novo o PIB mundial en 5,3 billóns de dólares en termos acumulados en cinco anos.


As contas orzamentarias de Galicia para 2020 son un fiel reflexo da situación anteriormente descrita e mostran unha predecible evolución nas liñas marcadas xa en anos

anteriores, control do gasto corrente, menos gasto financeiro, menos endebedamento, menos impostos e máis investimento produtivo. Grazas á marxe de manobra xerada pola evolución dunhas finanzas sostibles, voltaremos á senda de crecemento san, recuperando os niveis nominais de crecemento previos á crise COVID no primeiro semestre de 2022.

Gráfica IV. Galicia Evolución do PIB nominal 2013-2022(P). Base 2013



Gráfica V. Galicia Evolución do PIB potencial vs real. IGE



1.1.1. O SEMESTRE EUROPEO 2021

O semestre europeo adaptárase de xeito temporal para coordinarse co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. O ciclo este ano comezou coa publicación da estratexia anual de crecemento sostible baseada no pacto verde europeo e no concepto de sosti-bilidade competitiva.

A Comisión Europea (CE) estableceu no 2011 o nomeado «Semestre Europeo», co gallo de mellorar as sinerxias entre as políticas económicas dos países que integran a Unión Europea (UE) e aumentar a vixilancia sobre os seus potenciais desequilibrios macroeconómicos, de xeito especial naqueles que pertencen á Unión Económica e Mone-taria (UEM) un ciclo anual no que se deseñan e coordinan as políticas económicas e que recolle a análise da situación económica dos Estados membros, así como dos seus plans de reformas orzamentarias, macroeconómicas e estruturais. A Comisión Europea mudou a dinámica temporal do semestre, para afacerse á realidade e deseñar unhas políticas fiscais reactivas contra a crise que aproveiten o Mecanismos de Recuperación e Resiliencia (MRR en diante), impulsado por ela mesma.

Os estados membros haberán de remitir os programas nacionais de reforma e os plans de recuperación e resiliencia nun único documento integrado. Estes plans propor-cionarán unha relación das reformas e investimentos que os estados membros impulsaran en liña cos obxectivos do mecanismo. O informe da Comisión sobre os devanditos plan substituirá o country report de 2021.

So haberá recomendacións específicas por país no eido orzamentario, non sobre axustes estruturais que avaliaranse no anterior Plan nacional (para os estados membros que os presenten).

A Recomendación do Consello Europeo pola que se emite un ditame do Consello sobre o Programa de Estabilidade de 2021 de España do 13 de xuño de 2021 recolle o ca-lendario de actuacións levadas a cabo pola Comisión Europea e o Consello dende marzo de 2020 como resposta á crise da Covid-19 e a análise das previsións e medidas incluídas por España no seu plan orzamentario.

O punto de partida é a comunicación da Comisión de 20 de marzo de 2020, que activou a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento, conceden-do flexibilidade orzamentaria aos Estados membros, permitindo unha desviación temporal da traxectoria de axuste cara ao obxectivo orzamentario a medio prazo. Dita cláusula de salvagarda seguiu en vigor en 2021 e, sobre a base das súas previsións de primavera de 2021, a Comisión considerou que se cumprían as condicións para mantela en vigor en 2022 e desactivala no 2023.

O 20 de xullo de 2020 o Consello recomendou a España que adoptara todas as medidas necesarias, en consonancia coa devandita cláusula para combater a pandemia, soste a economía e apoiar a posterior recuperación de maneira eficaz, así como que, cando as condicións económicas o permitan, aplique políticas orzamentarias dirixidas a lograr posicións orzamentarias prudentes a medio prazo e a garantir a sustentabilidade da débeda e fomentar o investimento, en liña tamén co disposto na Recomendación do Consello de 2021 sobre a política económica da zona Euro.

O 18 de novembro, a Comisión adoptou os seus ditames sobre os proxectos de plans orzamentarios para 2021 os Estados membros da zona Euro, considerando que o proxecto de España estaba aliñado coas súas recomendacións e que a maioría das medidas incluídas no proxecto de plan orzamentario apoiaban a actividade económica nun contexto de considerable incerteza.

A iniciativa Next Generation EU, incluído o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) garantirá unha recuperación sustentable, integradora e equitativa. Dito mecanismo establecido no Regulamento (UE) 2021/241 entrou en vigor o 19 de febreiro de 2021 para proporcionar axuda financeira á realización de reformas e ao investimento, particularmente para promover as transicións ecolóxica e dixital, reforzar a resiliencia e o crecemento potencial das economías dos Estados membros.

Xa en 2021, o 3 de marzo a Comisión aprobou unha comunicación con novas orientacións para facilitar a coordinación das políticas orzamentarias e a elaboración dos Plans de estabilidade e converxencia dos Estados membros. Así, a orientación global é a dunha política fiscal que continúe a ser expansionista en 2021 e 2022. As políticas orzamentarias dos Estados membros deben ter en conta o estado da recuperación, a sustentabilidade orzamentaria e a necesidade de reducir as diverxencias económicas, sociais e territoriais.

Os Estados membros con baixo risco para a sustentabilidade das súas finanzas públicas deben orientar os seus orzamentos ao mantemento dunha política fiscal expansiva en 2022, tendo en conta o impacto do MRR. Os Estados membros con altos niveis de débeda deben aplicar políticas fiscais prudentes, preservando os investimentos a nivel nacional e utilizando as axudas do MRR para financiar proxectos de investimento de calidade e reformas estruturais adicionais. Para o período posterior a 2022, as políticas fiscais deben seguir tendo en conta a fortaleza da recuperación, o grao de incerteza e consideracións de sustentabilidade orzamentaria. Unha reorientación cara a posicións fiscais prudentes a medio prazo, eliminando gradualmente as medidas de apoio contribuirá a garantir a sustentabilidade fiscal a medio prazo.

España presentou o seu Programa de Estabilidade o 30 de abril de 2021, sobre o que a Comisión Europea emitiu un informe analizando a súa situación, ao superar en 2020 o déficit de Administracións Públicas o valor de referencia do 3% establecido no Trata-

do (cun 11% do PIB) e a súa débeda pública o valor de referencia do 60% do PIB (cun 120,0%), concluíndo que non se cumprían dos criterios de déficit e débeda.

O escenario macroeconómico das previsións foi considerado realista para 2021 e 2022. Existe unha desviación de 0,6 puntos porcentuais do PIB entre as estimacións de crecemento do PIB para 2021 da Comisión (5,9%) e as do Programa de Estabilidade de 2021 (6,5%), que se explica por diferenzas nos perfís de gasto vencellados ás axudas do MRR: mentres que a Comisión Europea prevé unha absorción máis gradual das subvencións do MRR, o escenario macro do Programa de Estabilidade de 2021 de España baséase nunha maior utilización dos fondos na fase inicial, que daría lugar a un crecemento económico máis elevado. De cara a 2022, as previsións están na mesma liña, con tan só algunha pequena discrepancia.

No que se refire ás previsións de déficit para 2021 incluídas no Programa de Estabilidade de España (do 11,0% do PIB en 2020 ao 8,4% en 2021), son superiores ás de primavera da Comisión (7,6% do PIB), pola disparidade nas previsións de gasto público, dado que a Comisión prevé un gasto público en transferencias sociais e outros gastos inferiores aos previstos no Programa de Estabilidade 2021.

España adoptou medidas orzamentarias para reforzar a capacidade do seu sistema sanitario, conter a pandemia e prestar axuda ás persoas e sectores máis afectados, en resposta ás consecuencias da Covid-19.

Esta resposta amorteceu a contracción do PIB, contendo á súa vez o aumento do déficit público e débeda pública. Segundo o documento do Consello da UE, as medidas orzamentarias deben maximizar o apoio á recuperación sen condicionar as traxectorias orzamentarias futuras, polo que haberán de evitar crear unha carga permanente para as finanzas públicas. Se os Estados membros introducen medidas permanentes deben financiarlas adecuadamente para garantir a neutralidade orzamentaria a medio prazo. As medidas adoptadas por España en 2020 e 2021 axústanse á Recomendación do Consello do 20 de xullo de 2021: as medidas discrecionais adoptadas polo Goberno español en 2020 e 2021 son temporais ou van acompañadas de medidas compensatorias.

O programa de estabilidade para 2021 parte da base de que os investimentos e as reformas financiadas mediante subvencións do MRR representarán o 0,04% del PIB en 2020, o 1,8% en 2021, o 1,9% en 2022, o 1,4% en 2023 e o 0,1% en 2024, prevendo aproveitar arredor do 95% das subvencións do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia atribuídas a España entre 2021 e 2023 e mencionando a posibilidade de solicitar préstamos a través deste mecanismo nunha fase posterior por un importe equivalente ao 6,3% do PIB. Sen embargo, estas previsións non inclúen o impacto directo das axudas do MRR nos plans de ingresos e gastos, senón unicamente o impacto indirecto nos ingresos derivada dun maior crecemento do PIB. A Comisión Europea nas súas previsións de primavera non inclúe plenamente as axudas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia tal como fai España,

xa que manexa outras hipóteses en relación ao momento no que os proxectos do Plan de recuperación e Resiliencia español alcancen unha fase na que se poidan realizar os gastos de maneira efectiva e comecen tamén a repercutir no crecemento do PIB.

Os indicadores de axuste orzamentario establecidos no Regulamento (CE) n.º 1466/97 deben considerarse tendo en conta as circunstancias actuais: 1) existe un grao significativo de incerteza nas estimacións da fenda de produción; 2) a política fiscal debe poder adaptarse rapidamente á evolución de la pandemia de COVID-19, pasando das axudas de emerxencia a medidas máis selectivas, unha vez diminúan os riscos sanitarios; 3) no contexto actual son importantes as medidas de apoio á actividade económica. Tendo en conta as importantes transferencias do orzamento da Unión, como as do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os indicadores establecidos non reflicten plenamente o impulso económico das políticas fiscais. Así, o saldo estrutural nas circunstancias actuais non parece un indicador adecuado; a referencia en materia de gasto tamén debe adaptarse e complementarse con información adicional co fin de medir a orientación da política fiscal en toda a súa extensión.

As medidas de emerxencia temporal correspondentes ao apoio achegado aos sistemas sanitarios e á indemnización de traballadores e empresas polas perdas de ingresos derivadas dos confinamentos e as perturbacións na cadea de subministro excluíronse do gasto agregado, como no enfoque seguido na avaliación dos proxectos de plans orzamentarios para 2021. A fin de avaliar o efecto global da política fiscal na conxuntura actual, haberá que incluír as cuantiosas transferencias procedentes do orzamento da UE no agregado do gasto para poder medir a variación dos gastos primarios incluídos os financiados coas axudas do MRR e doutros fondos da Unión e excluindo as medidas discrecionais en materia de ingresos e as medidas de emerxencia temporais relacionadas coa crise. Este análise pretende tamén avaliar se a política fiscal nacional é prudente e se a súa composición promove unha recuperación sustentable compatible coas transicións ecolóxica e dixital, prestando especial atención á evolución do investimento e dos gastos primarios correntes que son financiados a nivel nacional.

No que se refire as previsións para 2022, no seu Programa de Estabilidade de 2021, España prevé que o déficit de Administracións Públicas diminúa ao 5,0 % do PIB, principalmente como consecuencia da supresión das medidas temporais de apoio adoptadas en 2020 y 2021 e que a ratio de débeda das Administracións Públicas se reduza ao 115,1 % do PIB. Estas previsións están aliñadas en xeral coas previsións de primavera de 2021 da Comisión. Partindo das previsións da Comisión, e baseándose na metodoloxía específica que reflicte os retos mencionados anteriormente, o efecto global da política fiscal, definido con anterioridade —incluído o impacto na demanda agregada en 2022 dos investimentos financiados tanto polo orzamento nacional como polo da Unión, en particular a través do MRR—, estímase no -0,5 % do PIB. O efecto positivo dos gastos financiados mediante o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia e doutros fondos da UE aumentaría en 0,6 puntos porcentuais do PIB. Por outra banda, os investimentos financiados a nivel nacional

terían un efecto contractivo equivalente a 0,2 puntos porcentuais do PIB. Os gastos primarios correntes financiados a nivel nacional (excluídas as medidas discrecionais relativas aos ingresos) terían un efecto contractivo equivalente a 0,4 puntos porcentuais do PIB.

A calidade das medidas orzamentarias dos Estados membros resulta moi importante para o Consello da UE: as reformas orzamentarias estruturais encamiñadas a mellorar a composición dos orzamentos nacionais poden apoiar un potencial crecemento, crear a necesaria marxe de manobra orzamentaria e contribuír a garantir a sustentabilidade das finanzas públicas a longo prazo, especialmente tendo en conta os retos en materia de cambio climático e asistencia sanitaria. Polo lado dos ingresos, a crise da COVID-19 reforzou a importancia das reformas encamiñadas a aumentar a eficiencia e a equidade dos sistemas de ingresos públicos. Polo lado dos gastos, fixo aínda máis indispensable aumentar o nivel e a calidade dos investimentos sostibles e que favorezan o crecemento, e facelos compatibles co logro dos obxectivos de fomentar o potencial de crecemento, a resiliencia económica e social e a dobre transición ecolóxica e dixital.

Segundo os plans orzamentarios a medio prazo do Programa de Estabilidade de 2021, o déficit das Administracións Públicas diminuíría, pasando do 4,0 % do PIB en 2023 ao 3,2 % do PIB en 2024. Non se prevé que volte a ser inferior ao 3 % do PIB no período que abrangue o Programa de Estabilidade de 2021. O efecto global da política fiscal—incluída a incidencia na demanda agregada dos investimentos financiados polo Estado e a UE— estímase nun +0,9 % medio do PIB en 2023 e 2024. O efecto positivo dos gastos financiados polas subvencións do MRR e doutros fondos da Unión reduciríase en 0,9 puntos porcentuais, mentres que os investimentos financiados a nivel nacional terían un efecto neutro. Os gastos primarios correntes financiados a nivel nacional (excluídas as medidas discrecionais relativas aos ingresos) terían un efecto expansionista equivalente a 0,2 puntos porcentuais do PIB. O crecemento potencial nominal medio a 10 anos estímase actualmente nun 2,5 %. Sen embargo, esta estimación non inclúe o impacto das reformas que forman parte do Plan de Recuperación e Resiliencia e que poderían estimular o crecemento potencial de España.

En canto ao endebedamento, as previsións indican que a ratio débeda pública/PIB descenderá do 113,3 % do PIB en 2023 ao 112,1 % en 2024. Á luz da elevada ratio de débeda, considérase que España afronta uns riscos elevados para a sustentabilidade a medio prazo das súas finanzas públicas.

Da avaliación do Programa de Estabilidade de 2021 e as medidas de seguimento adoptadas por España para aplicar a Recomendación do Consello de 20 de xullo de 2020, o Consello da UE emite as seguintes recomendacións para España:

I. Que empregue no 2022 o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para financiar investimentos adicionais en apoio da recuperación, aplicando ao mesmo tempo unha política fiscal prudente e preserve os investimentos financiados a nivel nacional.

2. Cando as condicións económicas o permitan, aplique unha política fiscal dirixida a lograr posicións orzamentarias prudentes e garantir a sustentabilidade orzamentaria a medio prazo e ao mesmo tempo, fomente o investimento para impulsar o potencial de crecemento.

3. Preste especial atención á composición das finanzas públicas, tanto polo lado dos ingresos como polo dos gastos, e á calidade das medidas orzamentarias a fin de garantir unha recuperación sustentable e integradora. Dea prioridade aos investimentos sostíbles e que favorezan o crecemento, especialmente para apoiar a transición ecolóxica e dixital. Conceda preferencia ás reformas fiscais estruturais que axuden a financiar as prioridades das políticas públicas e contribúan á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas, reforzando tamén, no seu caso, a cobertura, adecuación e sustentabilidade dos sistemas de protección sanitaria e social para todas as persoas.

1.1.2. PLAN ORZAMENTARIO 2022.

O pasado 15 de outubro o goberno de España presenta o plan orzamentario perante a Comisión Europea para 2022. No que se indica que España segue a senda marcada pola cláusula de salvagarda prorrogada no 2022 pola Unión Europea e mantén abertos os mecanismos previstos na normativa nacional para dar cobertura a esta situación excepcional. É por elo polo que España activa de novo a cláusula que permite a suspensión das regras fiscais, tal e como fixo no 2021, fixando unha taxa de referencia de crecemento máximo das necesidades de financiamento por sectores da administración a as súas correspondentes implicacións na débeda.

Por elo, o Consello de Ministros no ACM de 27 de xullo de 2021 polo que se fixa o crecemento do límite de gasto non financeiro para 2022, a apreciación prevista dos artigos 135.4 da CE e 11.3 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, referente á apreciación da situación de pandemia. Esta apreciación foi ratificada polo pleno do congreso dos Deputados o pasado 13 de setembro.

En calquera caso, tal e como pon de manifesto o Goberno de España a activación da devandita cláusula non implica que non se manteñan os compromisos coa estabilidade orzamentaria polo que non se suspenden os procedementos do pacto de estabilidade e crecemento.

A estratexia fiscal e orzamentaria presentada neste plan vai encamiñada a apoiar a recuperación da crise ocasionada pola pandemia e no pulo a un proceso de cambio estrutural da economía. Indica o Plan que de xeito simultáneo os PGE permitirán avanzar na redución do déficit, garantindo o firme compromiso do Goberno coa estabilidade orzamentaria e a consolidación fiscal.

A activación da cláusula xeral de salvagarda permite unha desviación temporal respecto da traxectoria de axuste cara o obxectivo orzamentario a medio prazo, sempre que non poña en risco a sostibilidade orzamentaria a medio prazo. No que respecta ao corrector, o Consello pode tamén decidir, previa recomendación da Comisión, a adopción dunha traxectoria orzamentaria revisada. A cláusula xeral de salvagarda non suspende os procedementos do Pacto de Estabilidade e Crecemento. Permite aos Estados membros non cumprir os requisitos orzamentarios que se aplicarían en condicións normais e á Comisión e ao Consello tomar as medidas precisas de coordinación de políticas no marco do Pacto.

No Plan Orzamentario 2012, se recollen as taxas de referencia do saldo fiscal, deseñadas cun dobre obxectivo: por un lado continuar apoiando a empresas, traballadores e familias mentres a recuperación económica se asenta, e, por outra banda, comezar un proceso de reequilibrio a medio prazo que permita acadar posicións fiscais prudentes e reafirmar a posición das contas públicas.

Cadro I. Taxas de referencia do saldo fiscal das AAPP 2021-2024 Ministerio de Facenda

	2021	2022*	2023	2024
Administración central	-6,3	-3,9	-3,1	-2,5
Comunidades Autónomas	-0,7	-0,6	-0,4	-0,2
Corporacións Locais	0,0	0,0	0,3	0,3
Seguridade Social	-1,5	-0,5	-0,7	-0,7
TOTAL	-8,5	-5,0	-4,0	-3,2

No que atinxe á débeda, o cadro seguinte mostra a evolución da débeda pública global segundo as previsións macroeconómicas e fiscais. Para 2021, a débeda retomará de novo a senda descendente que se observaba con carácter previo á pandemia.

Cadro II. Evolución da débeda das AAPP e perspectivas. Ministerio de Facenda.

	2020	2021	2022
Ratio Débeda/PIB	120,0	119,5	115,1
variación	24,4	-0,4	-4,5
Contribución á variación na ratio débeda/Pib			
Saldo orzamentario primario	8,7	6,2	3,0
Intereses pagados	2,2	2,1	2,0
Axuste stock-flow	3,0	-0,1	0,0
p.m. tipo de xuro implícito sobre a débeda	2,1	1,9	1,8

1.1.3. NEXT GENERATION EU.

A Comisión Europea presentou a finais de maio de 2020 un paquete de medidas de gran alcance, o Plan de Recuperación, que xuntaba o marco financeiro plurianual (MFP) coas medidas específicas e temporais de recuperación no denominado Next Generation EU. O instrumento naceu co obxectivo de impulsar a recuperación da Unión Europea tras a crise sanitaria da Covid-19. Constitúe unha oportunidade para transformar a economía e crear novas oportunidades. A continuación mostramos un cadro coa distribución económica do instrumento NG:

Cadro III. Distribución económica instrumento NG

PROGRAMA	XESTOR	IMPORTE TOTAL M€	IMPORTE ESPAÑA M€
Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Subvencións)	EM	312.500	64.290
Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Préstamos)	EM	360.000	62.350
REACT_EU	EM	47.500	12.430
FEDER	EM	7.500	667
Fondo de Transición Xusta	EM	10.000	452
Total xestión por Estado Membro		737.500	140.189
Horizonte Europa	UE	5.000	
Invest EU	UE	5.600	
Resc EU	UE	1.900	
TOTAL		750.000	140.189

Fonte: Comisión Europea e Consellería de Facenda

Da distribución por países, España ten acceso a uns 140.000 millóns de euros, dos cales 126.640 millóns de euros para a execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e 12.400 millóns de euros (411 millóns para Galicia) en concepto de REACT UE (Recovery Assistance for Cohesion and the Territories of the European Union), que continúa e amplía as medidas en resposta á crise sanitaria.

Para regular estes fondos o Consello Europeo publicou no mes de febreiro o Regulamento 2021/241, no que establece os obxectivos do Mecanismo, seu financiamento, as modalidades de financiación da Unión Europea no marco do Mecanismo e as normas para a obtención dos fondos.

As características máis salientables da xestión recollidas no Regulamento son o breve espazo de tempo para a execución dos fondos (o 100% debe estar comprometido antes da finalización do ano 2023), a xestión orientada á consecución de obxectivos concretos e o papel da transición verde e a transformación dixital.

Un dos requirimentos da UE é a formulación a nivel de país dun instrumento de planificación estratéxica para a xestión. En España tradúcese no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que xa foi aprobado pola Comisión Europea o pasado mes de xuño e distribúe 70.575 millóns de euros entre reformas e investimentos.

A estrutura do PRTR é de 4 eixos vertebrais (transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero), 10 políticas panca, 30 compoñentes e 113 investimentos, arredor dos que están formulados os obxectivos.

Cadro IV. Políticas panca e compoñentes do PRTR

Políticas Panca e Compoñentes do PRTR		
I. Axenda urbana e rural, loita contra a despoboación e desenvolvemento da agricultura	V. Modernización e dixitalización do tecido industrial e da PEME, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora	VIII. Nova economía dos cidadados e políticas de emprego
1. Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada en contornos urbanos e metropolitanos	12. Política industrial España 2030 13. Impulso á PEME	22. Plan de choque para a economía dos cidadados e reforzo das políticas de inclusión.
2. Plan de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana	14. Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico	23. Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, fundamentadas en tres pilares.
3. Transformación ambiental e dixital do sistema agroalimentario e pesqueiro	15. Conectividade dixital, impulso á ciberseguridade e despregue do 5G	
II. Infraestruturas e ecosistemas resilientes	VI. Pacto pola Ciencia e a Innovación. Reforzo ás capacidades do Sistema Nacional de Saúde	IX. Impulso da Industria da Cultura e o Deporte
4. Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade	16. Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial	24. Plan de revalorización da industria cultural
5. Preservación do litoral e os recursos hídricos	17. Reforma institucional e fortalecemento das capacidades do sistema nacional de ciencia, tecnoloxía e innovación	25. Spain Audiovisual Hub (inclúe sector videoxogos)
6. Mobilidade, sostible, segura e conectada	18. Renovación e ampliación das capacidades do SNS	26. Fomento do sector do deporte
III. Transición enerxética Xusta e inclusiva	VII. Educación e coñecemento, formación continua e desenvolvemento de capacidades.	X. Modernización do sistema fiscal para un crecemento inclusivo e sostible.
7. Despregue masivo do parque de xeración renovable dirixido ao desenvolvemento da enerxía	19. Plan nacional de capacidades dixitais (digital skills)	27. Lei de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal
8. Infraestruturas eléctricas, promoción de redes intelixentes	20. Plan estratéxico de impulso da Formación Profesional	28. Adaptación do sistema impositivo á realidade do século XXI
9. Follas de ruta do hidróxeno renovable e a súa integración sectorial	21. Modernización e dixitalización do sistema educativo	29. Mellora da eficacia do gasto público
10. Estratexia de Transición Xusta		30. Sustentabilidade do sistema público de pensións no marco do Pacto de Toledo
IV. Unha Administración para o século XXI		
11. Modernización das Administracións Públicas		

Para instrumentar medidas axilizadoras para a xestión debido aos axustados tempos foi publicado o Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O decreto ademais, contempla os instrumentos para a asignación e distribucións dos fondos entre os diferentes niveis de goberno:

Os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia xestionados polas Comunidades Autónomas son froito das Conferencias Sectoriais, onde as diversas Consellerías reúnen cos Ministerios para concretar os criterios de distribución, as anualidades, os fitos e obxectivos, as actuacións a realizar e os gastos elixibles co Mecanismo. Para a liberalización dos fondos é preciso que estea aprobada pola Conferencia Sectorial correspondente.

Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE), definidos no artigo 8 do RD 36/2020 como proxectos de carácter estratéxico con gran capacidade de arrastre para o crecemento económico, o emprego e a competitividade da economía española. Ata a data só hai aprobado un PERTE e, malia que se faculta ao Ministerio de Facenda ao establecemento das normas sobre o funcionamento e estrutura deste instrumento, non hai un regulamento definido para a participación nestes proxectos.


Convocatorias de subvencións, os Ministerios e Comunidades Autónomas elaborarán e publicarán convocatorias e licitacións para executar os fondos que ten asignados para súa propia xestión. No Real Decreto 36/2020 establécense medidas axilizadoras así como agrupacións para a presentación de solicitudes de axudas. Polo momento xa foron publicadas máis de corenta convocatorias.

A principios do ano 2021 comezaron as Conferencias Sectoriais entre as distintas CCAA e os departamentos Ministeriais. Case tódalas Consellerías tiveron reunións para a asignación dos fondos non reembolsables do instrumento Next Generation.

A maior parte das asignacións nos Compoñentes para a Galicia sitúanse entre o 5% e o 6% dende o principio das Conferencias Sectoriais.

O seguinte cadro mostra as asignacións de recursos en millóns de euros entre os diferentes niveis de Administración Pública:


Cadro V. Distribución económica dos compoñentes por Administración



Fonte: Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e Conferencias Sectoriais

O seguinte cadro mostra a comparativa das asignacións das CCAA diferenciando as contías asignadas a Galicia.

Gráfico VI. Asignacións Galicia respecto ao resto de CCAA



Fonte: Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e Conferencias Sectoriais

Ata o de agora están distribuídos o 67,6% dos fondos non reembolsables, sendo a Administración Xeral do Estado a principal perceptora cun 58,7% dos fondos. As corporacións locais teñen un papel importante xa que ademais do 5,9% que lle corresponde de xeito directo, dentro das asignacións ás CCAA tamén serán destinatarias de recursos.

Da distribución monetaria por compoñente, podemos deducir que os investimentos protagonistas do PRTR son aqueles relacionados coa mobilidade sostible, a eficiencia enerxética e a dixitalización, xa sexa para a cidadanía ou para as Administracións Públicas.

Como pode apreciarse estes fondos mobilizados pola UE serán vitais para garantir unha recuperación efectiva e un crecemento sólido tras a pandemia, polo que resulta moi importante unha asignación de recursos inversamente proporcional ao nivel de renda per capita e a súa boa execución. Polo de agora a Comunidade Autónoma de Galicia ten un 6,0% dos fondos repartidos entre as CCAA, isto é un 2,1% do total asignado no MRR ata o momento, que se traduce en 1.016 millóns de euros.

Destas contías asignadas están formalizadas en convenios ou bases reguladoras de investimentos tratados nas conferencias sectoriais un 41% do total.


Paralelamente ás primeiras Conferencias Sectoriais, o pasado mes de abril a Xunta de Galicia publicou a súa Estratexia para a transformación de Galicia. Un documento que avalía para os principais eidos socio-económicos a evolución dos últimos anos e a situación de Galicia despois da Covid-19, expoñendo dun xeito claro e gráfico a senda de crecemento de Galicia nos últimos anos, e como a crise sanitaria interrompeu esta evolución. No documento propónse unha serie de actuacións inmediatas e a aposta galega para a recuperación. Estas accións están aliñadas co PRTR, cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e coas cinco cadeas de valor:

- 1- Economía circular e transición enerxética
- 2- Mobilidade sostible
- 3- Hubs de innovación, industria 4.0 e TICS
- 4- Cadeas Mar-Industria, Agroalimentaria e crecemento cohesionado
- 5- Sanidade e modos de vida saudable, nova economía dos coidados

A lóxica destas cadeas responden ao obxectivo da Unión Europea cando sinala que as reformas e investimentos no marco do Mecanismo deben contribuír igualmente a aumentar a resiliencia da Unión e a reducir a súa dependencia mediante a diversificación das cadeas de subministro fundamentais. Polo tanto, potenciando e desenvolvendo proxectos en torno a estas cadeas de xeito equilibrado, reforzase a autonomía estratéxica da

Unión e, máis concretamente, de Galicia. Os 30 compoñentes do PRTR, de feito, pódense agrupar nas cadeas de valor da Estratexia galega, sendo a comparativa das asignacións a Galicia e do peso plantexado nun inicio da seguinte forma:

Gráfico VII. Asignacións a Galicia por cadeas de valor



No momento do deseño da Estratexia o PRTR aínda non tiña cuantificados as reformas e investimentos, polo que recolléronse os distintos proxectos que propoñían as Consellerías para transformar Galicia e o orzamento estimado para a súa execución. O resultado foi un mapa de 248 iniciativas públicas e 107 privadas aliñadas coas cadeas de valor e que non se afasta do recibido nas Conferencias Sectoriais a día de hoxe. Dos anteriores proxectos plantexados 47 teñen xa financiación.

Mención especial merece o Polo para a Transformación de Galicia, que é o gran concepto impulsor de proxectos tractores público-privados con gran capacidade de transformación da nosa actividade produtiva, cara a unha estrutura máis competitiva e sostible. O Polo consta de catro proxectos tractores (Centro para o impulso da economía circular; Xeración de hidróxeno verde; Nova potencia renovable; Xestión sostible dos bosques galegos) e catro proxectos transversais (cadeas loxísticas sostibles, centros de investigación e innovación, laboratorios dixitais e instrumentos de recuperación da terra agraria) todos eles interconectados e relacionados entre si.

Para a gobernanza dos fondos e a potenciación dos proxectos das empresas e concellos galegos, realízase dende a Oficina Next Generation da Xunta de Galicia, creada a tal efecto con dependencia orgánica da dirección do Igape e funcional da Vicepresidencia segunda e consellería de economía, empresa e innovación, pero estreitamente vinculada á Consellería de Facenda e Función Pública. A oficina ten dúas unidades primeira de Proxectos Estratéxicos Empresariais, cuxa súa función é o asesoramento, información e busca de sinerxías entre o tecido empresarial galego, ademais de intermediar e formar grupos de traballo con outros axentes do goberno. Neste contexto, e ao amparo do Real Decreto 36/2020, tamén ten un papel importante a sociedade público-privada Impulsa,

que é un vehículo motriz que pretende impulsar os proxectos tractores para transformar a economía galega, de maneira que contribúan ao crecemento económico, o emprego e a competitividade da economía.

A segunda Unidade de Proxectos Estratéxicos Públicos, encargada da xestión operativa da tramitación administrativa, de asesorar e coordinar aos distintos xestores das Consellerías e dirixindo de xeito periódico as Comisións Next Generation Galicia. Esta comisión é un órgano colexiado de ámbito autonómico cuxo obxectivo é planificar, impulsar e desenvolver os distintos proxectos que a Xunta poida presentar para o seu financiamento a través do MRR. Tamén serve para avanzar as novidades de xestión, resolver dúbidas que xeren o instrumento NG e de posta en común en todo o relacionado coas Conferencias Sectoriais.

Esta oficina tamén coordinou un calendario de xuntanzas de Diálogo social cos axentes sociais galegos para consensuar e analizar as candidaturas Next Generation de Galicia. Estas reunións tiveron como obxectivo analizar os proxectos por cadea de valor da mencionada Estratexia de Galicia, para destacar as actuacións máis prioritarias para o desenvolvemento de Galicia, tentando reforzar a industria como xeradora de riqueza, emprego e coñecemento. Así como, propoñer medidas ou alternativas para a súa mellora e avaliar o seu grao de ambición. Como continuidade desta labor e a petición dos axentes sociais, manterase o equipo de traballo para informar e se cadra, colaborar nos posibles atrancos relacionados coa execución dos fondos.

A medida que a execución dos fondos avance a oficina encárgase de velar pola boa execución e cumprimento dos requirimentos do Plan, contidos nas Ordes que máis adiante expoñeremos. Para iso apoiarán ás entidades executoras no seguimento dos fitos e obxectivos das actuacións asignadas, revisando os obstáculos e atrancos existentes no desempeño dos investimentos, acometendo se é preciso as actuacións necesarias para axilizar a execución.

A asignación de fondos leva consigo o cumprimento dos principios de xestión, para os cales o Ministerio de Facenda e Función Pública publicou a finais do mes de setembro dúas Ordes que configuran, por unha banda, a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e, por outra banda, Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Os principios de xestión do PRTR recollidos nas anteditas Ordes coinciden co exixido polo Regulamento UE 2021/241, estes son: o seguimento e a acreditación de resultados, o cumprimento da etiqueta verde e dixital, a non prexudicación ao medioambiente (Do

Not Significant Harm), a identificación dos perceptores finais dos fondos, a comunicación e o respecto ao réxime de axuda de Estado, prevención da dobre financiación e do fraude. O fraude é un aspecto decisivo, por iso todos organismos que executen fondos deberán dispoñer dun Plan de medidas antifraude que abrangue dende as medidas de prevención ata os mecanismos de detección e medidas correctoras para as situacións previstas.

Esta xestión, caracterizada pola consecución e acreditación de fitos e obxectivos, xa foi revisada pola Comisión Europea. O sistema segue un modelo de autoavaliación, onde aqueles que reciban dotacións económicas son as chamadas entidades executoras e son os responsables últimos da consecución dos obxectivos marcados no convenio ou bases reguladoras, así como asegurar os intereses financeiros da UE.


Serán os órganos xestores os que terán o peso da responsabilidade da xestión, polo que terán que establecer mecanismos de verificación e controis de seguimento para acreditar o respecto aos principios do PRTR e o logro dos obxectivos.

En definitiva os fondos Next Generation supoñen unha inxección para a economía galega, pero tamén implican un esforzo para as administracións públicas galegas, pola carga burocrática e de xestión que redundan destas axudas, nalgúns casos tamén pode supoñer un respaldo económico en aqueles casos nos que a intensidade das axudas non acadan o 100%.

I.2. GALICIA VOLTA Á SENDA DO CRECEMENTO SAN

Como sinala o anterior punto introdutorio, o ton expansivo da política fiscal debe apoiar con decisión a dinamización e modernización do tecido económico, para o cal será clave esgotar a capacidade de financiamento e a mobilización dos recursos que achega o mecanismo Next Generation EU que se pomenorizan nun punto posterior.


Gráfica VIII. Capacidade de gasto agás servizo da débeda. Evolución no orzamento consolidado.



Con estas achegas, acádase a maior capacidade de gasto da serie histórica do orzamento da comunidade autónoma, tanto se deducimos os fondos extraordinarios non consolidables COVID (o que nos permite comparar capacidade para gastos ordinarios ano tras ano como na gráfica) como si os incluímos.

Este esforzo debe focalizarse na mellora dos servizos públicos básicos e nos investimentos que modernicen e fagan máis competitivo, innovador e sustentable o noso tecido produtivo e tamén a administración pública, evitando a consolidación de gasto improdutivo para garantir unha transición tranquila á desaparición da cláusula de salvagarda no 2023.


Cadro VI. Galicia. Serie longa de orzamento consolidado. Gasto non financeiro



Orzamento 2022

Os Orzamentos do ano 2022 son os orzamentos máis altos, e co menor gasto en xuros, da serie histórica.

Gráfica IX. Evolución Gasto non financeiro e xuros da débeda



As contas presentadas implican unha lixeira variación do teito de gasto por dous motivos:

I. Baixada de ingresos polo impacto neto das medidas tributarias con impacto no exercicio 2022, cun impacto total no ano 2022 de 16,7 millóns de euros.


II. Aumento dos fondos finalistas recollendo novos fondos do MRR asignados en conferencia sectorial.

Como xa se explicaba no Informe de estratexia financeiro-fiscal de xullo do presente ano e que acompañou a aprobación do límite de gasto non financeiro:

“O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas, en especial neste ano poden ter certa importancia se se aproban asignacións adicionais á comunidade autónoma correspondentes ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (o teito xa recolle aquelas das que temos unha contía asignada para 2022 a día de hoxe), que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado (...)”.

Polo que como xa se prevía no mes de xullo despois da aprobación do límite de gasto producíronse inclusións de novos fondos MRR por un importe de 73,1 millóns de euros. De modo que o importe total do gasto non financeiro excede o importe fixado como límite de gasto no mes de xullo en 64 millóns de euros (como consecuencia da minoración que supoñen as rebaixas fiscais), ata os 11.627 millóns de euros.

Gráfica X. Conciliación Límite de gasto non financeiro e orzamento inicial



Todo isto supón un aumento do gasto non financeiro orzamentado respecto ao do 2021 dun 0,6%, porén se homoxeneizamos o gasto, deducindo os importes do financiamento extraordinario COVID non consolidable, o gasto non financeiro aumenta nun 6,9% sobre o do ano pasado.

Ademais de que o Ministerio de Facenda elimina o fondo extraordinario pola COVID como se ten indicado, varias son as peculiaridades que afectan puntualmente ás finanzas públicas autonómicas para 2022, tanto pola vertente do ingreso como pola do gasto.

-No que atinxe a os ingresos, e tal e como anunciabamos o pasado exercicio o sistema de financiamento mostra unha liquidación negativa polo impacto extraordinario dos meses de confinamento de 2020 nos ingresos tributarios, tal e como solicitou a comunidade autónoma, o CPFF acorda unha transferencia extraordinaria que deixe cun saldo cero a liquidación negativa de 2020, porén os ingresos consolidados da comunidade autónoma baixan a liquidación de 2019, recibida no ano anterior que si foi positiva de 376,3 millóns de euros.

Por outra banda recollemos un ingreso extraordinario pola sentenza a favor da compensación da liquidación de 2017 por 211 millóns de euros, impacto da implantación do sistema de información inmediata da AEAT na recadación do IVE autonómico.

Por último no referente a os fondos da unión europea vencellados ao programa Next Generación EU, comeza a orzamentación do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, se orzamentan boa parte das anualidades 21 e 22 (507,7 M€) dado que se están a

distribuír os fondos en conferencia sectorial neste segundo semestre polo que boa parte da anualidade 21 será executada no vindeiro exercicio.

Tamén se orzamenta a parte do REACT UE que se executará no vindeiro exercicio. (249 millóns de euros).

No eido da PAC incorporase o FEADER-Euri, tamén fondo NGEU, que fai incrementar a dotación anual do FEADER ata os 243 millóns de euros.

Pola contra os fondos ESI, baixan na súa orzamentación ao orzarse os remanente de programación do período 14-20. O período 21-27 incorporárase ao orzamento unha vez se presente o programa operativo de Galicia, documento no que xa se está a traballar e feito que acontecerá non tres meses seguintes á presentación do Acordo de Asociación tal e como estipula o Regulamento de Disposicións Comúns.

Rematamos os aspectos máis salientables dos orzamentos con dous referencias, a primeira ás bonificacións tributarias, que reducen o importe dos ingresos da Comunidade Autónoma en 16,7 millóns de euros.

E a segunda á redución no ano 2022 da necesidade de endebedamento que se axusta ao máximo permitido pola taxa de referencia acordada no CPFF do 0,6% do PIB, 408 millóns de euros, 177 menos que no pasado exercicio.

Impulso do gasto social e consolidación da recuperación económica

Cos vimbios que proporcionan os anteriores recursos, presentamos un orzamento que persevera nas liñas de actuación dos últimos anos:

- 11.627 millóns de euros para consolidar a recuperación económica, superar os niveis de riqueza prepandemia e atender as necesidades das familias e dos sectores produtivos.
- Blíndase o gasto social dedicando ao mesmo o 70% do orzamento, 8.660 millóns de euros, 610 millóns que neste ano.
- Control do gasto corrente, que medra 3 veces menos que os gastos de capital.
- Impulso dos gastos de capital, facendo o maior esforzo investidor posible, de xeito que volven a sobrepasar a cifra récord de 2.500 millóns de euros-, o que supón máis de 5.000 millóns de euros en investimentos en dous anos.

Baixamos os impostos

Coa finalidade de reforzar o impulso da reactivación económica adóptanse unha serie de medidas para incrementar a renda dispoñible das familias, de xeito que vólvese a reducir a tarifa autonómica do IRPF para as rendas medias e baixas, como xa se fixo no ano 2016, beneficiando ao 90% dos contribuíntes.

Por outra parte, tamén se introduce unha bonificación do 25% da cota no Imposto sobre o Patrimonio, coa intención de seguir rebaixándoo de maneira progresiva, sempre que as circunstancias económicas o permitan. Ademais mantense o mínimo exento. O obxectivo é seguir adaptándonos ao noso entorno da UE, onde practicamente non existe este imposto en ningún país.

E, por último, tamén se rebaixa o tipo xeral no imposto sobre transmisión patrimonial onerosa, desde o vixente 10% ata o 9%, coa finalidade de reducir a tributación as familias que adquiren unha vivenda favorecendo a actual evolución positiva do mercado inmobiliario, e contribuír a súa dinamización.

Ademais, mantense:

○ tipo reducido do 7% na compra de vivenda habitual con límite de patrimonio.

○ tipo reducido do 5% cando a compra se realiza en zonas pouco poboadas.

○ tipo reducido do 3% para menores de 36 anos, persoas con discapacidade e familias numerosas.

E a eliminación deste imposto para estes colectivos se compran unha vivenda habitual nestas zonas pouco poboadas.

Tamén mantense o programa de 'Impostos 0 no Rural' coa eliminación deste tributo para todas as compravendas de solo rústico, as transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias e as agrupacións de fincas rústicas. Xa se teñen beneficiado máis de 102.000 galegos.

O obxectivo común de todas estas medidas é liberar unha parte dos recursos dos axentes económicos, de xeito que se facilita a afluencia de liquidez para que poida ser derivada cara opcións de investimento que garantan unha recuperación estable e mantida no tempo. A inversión que se produza, ao reactivar a actividade económica, devolverá ao sistema a perda inicial recadatoria, mediante a recadación dos impostos asociados ao incremento desa actividade e dos elementos de investimento.

-Consolidamos a eliminación do Imposto de Sucesións para o 99,9% das herdanzas directas.

Neste tributo, mantemos as rebaixas para que Galicia siga entre as CC.AA. con mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre familiares directos e para os imáns. Están exentas de tributación o 99,9% das herdanzas por vía directa. Desde 2016 beneficiáronse máis de 566.000 galegos.


O impacto total das medidas de redución de impostos nas contas do ano 2022 é de 16,7 millóns de euros, xa que o maior impacto (o relativo as medidas adoptadas no IRPF e no imposto sobre o patrimonio) afectarán as contas autonómicas a partir do ano 2023.

Baixamos os gastos financeiros e o endebedamento

As políticas de xestión da carteira de débeda aproveitando a expansión cuantitativa do BCE e o rigor no proceso de consolidación fiscal mostrado pola comunidade autónoma reflíctense na baixa do custo do endebedamento, que baixa a niveis históricos, liberando 25,4 millóns de euros no 2022, un 25,5% menos, que se poden dedicar a financiar o funcionamento de servizos públicos básicos.


De modo que soamente se destinarán 74 millóns de euros a pagar os xuros da débeda pública, o cal é posible grazas a que somos a Comunidade que menos aumentou a súa débeda desde o inicio da anterior crise.

Gráfico XI. Orzamento consolidado. Evolución do gasto financeiro



Ademais, a evolución moderada do endebedamento permite garantir a sostibilidade das finanzas públicas e volver a niveis de ratios de débeda-PIB previos a crise sanitaria.

Gráfico XII. Evolución ratio deuda/PIB




Contemos o gasto corrente e o concentramos nos servizos públicos básicos

O gasto corrente medra nun 4,9%, case tres veces menos que os gastos de capital, non obstante, se se compara co orzamento de 2021 sen descontar os fondos COVID, o gasto mantense case nos mesmos niveis, cun aumento de apenas 13 millóns de euros, un 0,14% máis.

Ademais hai que ter en conta que o vindeiro ano os gastos de persoal chegarán aos 4.327 millóns de euros, como consecuencia do aumento das retribucións dos empregados públicos nun 2%, e por todos os acordos asinados cos representantes dos traballadores.

A maior parte deste gasto corrente está vencellado ao gasto social, que tamén acada o maior volume da serie histórica: 8.660 millóns de euros para gasto social e emprego, 610 millóns de euros máis que no orzamento consolidable de 2021.


Gráfico XIII. Incremento Gasto social



Mantemos o esforzo investidor, xerando capital a través do aforro corrente.


Os gastos de capital acadarán o vindeiro ano os 2.554 millóns de euros, manténdose por segundo ano nuns niveis similares, de modo que en dous anos o esforzo inversor superará os 5.000 millóns de euros.

Gráfico XIV. Orzamento consolidado. Evolución das operacións de capital e as súas fontes de financiamento




No seguinte gráfico pódese ver como a meirande parte dos gastos de capital fináncianse con ingresos de capital, estes ascenden a 1.387,9 millóns de euros, o que supón máis da metade, un 54,3%, o 33% finánciase con aforro bruto, de xeito que un 12,7% supón necesidade de financiamento.

Gráfico XV. Fontes financiamento gastos de capital



No seguinte gráfico pode observarse o impulso inversor feito nos últimos anos, de modo que o peso dos investimentos no total do gasto non financeiro aumentou o seu peso en case 10 puntos respecto ao ano 2020.

Gráfica XVI. Evolución do peso dos investimentos no gasto non financeiro.



Chegamos a este punto concretando o orzamento máis alto da historia da comunidade autónoma, medrando sobre o do pasado ano un 6,9% en gasto non financeiro consolidable, que aposta polo investimento produtivo como remedio para o shock económico

que estamos a vivir, apoiando a dinamización e recuperación dos sectores produtivos. Da súa execución con acerto dependerá en boa medida a solidez da senda de crecemento futuro de Galicia.


Como sempre, salientar que o éxito das políticas de gasto, máis que dun aumento máis ou menos pronunciado dos recursos, depende de como se execute, do contido e a calidade de cada proxecto que se impulse, e de que se acaden os resultados pretendidos con cada medida. Por elo será importante, como se indica no último punto de este apartado, o monitoreo das actuacións para garantir que se executa o orzamento en primeiro lugar e que se cumpren os obxectivos fixados con esta execución en segundo.

Os cadros seguintes son unha mostra da evolución da achega de recursos orzamentarios e da súa composición, intensiva en operacións de capital, xa que en liña coas recomendacións da Comisión Europea se basea en acelerar investimentos para consolidar o crecemento económico.

Do mesmo xeito dende a perspectiva da clasificación económica do orzamento, a gráfica seguinte, recollida ao longo de varios anos nesta memoria, mostra como mudan a composición dos pesos dos capítulos de gasto, reforzando aínda máis os investidores na composición do orzamento pola natureza económica das partidas de gasto.

Esta investimento acelerado ten encaixe no noso orzamento, grazas a un esforzo continuado na preservación do aforro corrente, que se reforza cos fondos Next Generation UE.

Gráfico XVII. GALICIA. Orzamento consolidado evolución da composición do gasto pola súa natureza





CONTORNA ECONÓMICA

II. CONTORNA ECONÓMICA

II.1. O CONTEXTO INTERNACIONAL

A pandemia da COVID-19 provocou unha abrupta caída da actividade económica mundial no ano 2020. As medidas de confinamento e distanciamento social adoptadas en todos os países para conter a propagación do virus e evitar a sobrecarga dos sistemas sanitarios provocaron un desplome da actividade. Despois de máis de un ano e medio de pandemia, o avance na vacinación permítenos confiar na saída da crise sanitaria e económica. As previsións dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea anticipan a reactivación económica. O FMI prevé un crecemento da economía mundial do 5,9% en 2021 e do 4,9% en 2022. As previsións da OCDE e da Comisión Europea sinalan crecementos inferiores, 5,7% - 5,6% en 2021 e 4,5% - 4,3% en 2022.

Non obstante, a desigual distribución das vacinas por países, a aparición de novas variantes do coronavirus e a eficacia das vacinas ante estas variantes influirán na magnitude e velocidade da recuperación da economía mundial.

As previsións máis recentes son as do FMI, que resaltan as diferenzas na recuperación económica entre países ante a diverxente distribución de vacinas; mentres que nos países avanzados o principal problema non é a dispoñibilidade das vacinas senón a resistencia á vacinación, os países emerxentes e en desenvolvemento teñen problemas de subministro. Nun mundo globalizado, a circulación do virus nos países con baixas taxas de vacinación afectará á saúde e á economía mundial.

As diferenzas entre as economías tamén está determinada polas medidas de políticas fiscal e monetaria que se adoptaron con rapidez nas economías avanzadas e que lles permitirán unha máis áxil recuperación fronte a falla de políticas de apoio nas economías emerxentes.

Segundo o FMI, as economías avanzadas¹ crecerían un 5,2% en 2021 e un 4,5% en 2022. As economías emerxentes e desenvolvidas² crecerían un 6,4% en 2021 e un 5,1% en 2022.

1

Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

2

Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.

Cadro 1. Previsións macroeconómicas

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (outubro 2021)		OCDE (setembro 2021) ⁽¹⁾		Comisión Europea (xullo 2021) ⁽²⁾	
	2021	2022	2021	2022	2021	2022
PIB Mundial	5,9	4,9	5,7	4,5	5,6	4,3
Área Euro	5,0	4,3	5,3	4,6	4,8	4,5
Francia	6,3	3,9	6,3	4,0	6,0	4,2
Alemaña	3,1	4,6	2,9	4,6	3,6	4,6
Italia	5,8	4,2	5,9	4,1	5,0	4,2
Portugal	4,4	5,1	3,7	4,9	3,9	5,1
España	5,7	6,4	6,8	6,6	6,2	6,3
Reino Unido	6,8	5,0	6,7	5,2	5,0	5,3
Estados Unidos	6,0	5,2	6,0	3,9	6,3	3,8
Xapón	2,4	3,2	2,5	2,1	3,1	2,5
Marrocos	5,7	3,1	--	--	--	--
México	6,2	4,0	6,3	3,4	4,6	2,4
Brasil	5,2	1,5	5,2	2,3	3,4	1,8
China	8,0	5,6	8,5	5,8	7,9	5,4
India	9,5	8,5	9,7	7,9	10,5	6,5
Comercio mundial de bens e servizos	9,7	6,7	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. Na actualización de setembro non difunde as previsións para Portugal, polo que se consideran as previsións de maio.

(2) A Comisión Europea, no mes de xullo, só actualiza as previsións dos países da Unión Europea. As previsións do resto de países corresponden ao mes de maio.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, India, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos do FMI, por ser os máis recentes, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións da OCDE e as da Comisión Europea.

Entre os países da área do euro, as economías máis afectadas pola crise en 2020 rexistrarán un maior incremento do PIB en 2021. Así, segundo o FMI, Francia crecerá un 6,3%, Italia un 5,8% e España un 5,7%. A OCDE prevé o mesmo aumento para Francia e unha décima máis para Italia mentres que a Comisión Europea prevé menores crecements para ambas as dúas. As previsións para España da OCDE e da Comisión Europea son superiores ás do FMI en 2021.

Para o ano 2022, Francia e Italia crecerían menos que no ano anterior segundo os tres organismos mentres que en Alemaña e Portugal o impulso será maior. O FMI prevé un crecemento de España do 6,4% en 2022, maior que o do ano precedente; a Comisión

tamén prognostica maior incremento en 2022 que en 2021 mais a OCDE diminúe a taxa de 2022 respecto á de 2021.

Estados Unidos crecería un 6,0% en 2021 segundo o FMI e a OCDE e un 6,3% segundo a Comisión Europea. As previsións para 2022 difiren máis entre os organismos: o FMI prevé un 5,2% mentres que OCDE e Comisión anticipan crecementos inferiores, 3,9% e 3,8% respectivamente.

Reino Unido, un dos países máis afectados pola crise sanitaria, estaría entre os países con maior crecemento en 2021, 6,8% segundo o FMI, que baixa ata o 5,0% a Comisión Europea. Para o ano 2022, o FMI prevé unha taxa do 5,0%, inferior en dúas décimas á da OCDE, 5,2%, e en tres décimas á da Comisión Europea, 5,3%.

As economías china e india acadarían elevadas taxas de crecemento en 2021, 8,0% e 9,5% respectivamente, segundo o FMI. A OCDE prognostica maiores crecementos para os dous países mentres que a Comisión rebaixa unha décima a previsión de China respecto do FMI mentres que sube un punto a de India. Para 2022 as previsións para China oscilan entre o 5,4% da Comisión e o 5,8% da OCDE. Hai máis diferenza entre os tres organismos nas previsións para India, entre o 8,5% do FMI e o 6,5% da Comisión.

II.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

A crise sanitaria orixinada pola expansión da COVID-19 tivo un forte impacto na economía española. As restricións para conter a expansión do virus así como as características estruturais da economía española provocaron unha profunda caída da actividade no ano 2020.

As medidas de confinamento no segundo trimestre de 2020 provocaron unha forte contracción da actividade; nos seguintes trimestres as sucesivas olas de contaxios coas conseguíntes limitacións aos movementos das persoas e á actividade de determinadas ramas produtivas condicionaron a evolución económica.

No conxunto do ano 2020, a economía española reduciu o seu PIB un 10,8%, unha das maiores caídas entre os países do noso entorno. Desde o punto de vista da demanda, a demanda interna restou 8,6 puntos porcentuais e a demanda externa 2,2 puntos porcentuais.

Cadorna II. ESPAÑA. Componentes do PIB polo vía da demanda

España. Demanda. Índices de volume. Referencia 2015								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)								
Operacións	2019	2020	2020				2021	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	1,2	-8,2	-3,2	-17,4	-5,8	-6,4	-3,5	17,0
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,0	-12,0	-5,0	-24,1	-8,9	-10,0	-6,0	22,9
-Gasto en consumo final das AAPP	2,0	3,3	2,2	2,7	3,6	4,7	3,8	3,9
Formación bruta de capital	3,2	-11,4	-4,8	-23,6	-9,4	-7,9	-1,6	18,9
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	1,6	-8,6	-3,5	-18,2	-6,4	-6,5	-3,0	17,3
Exportacións de bens e servizos	2,5	-20,1	-7,1	-38,3	-19,7	-15,3	-7,3	38,9
Importacións de bens e servizos	1,2	-15,2	-5,1	-31,6	-14,5	-9,5	-3,9	38,4
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,1	-10,8	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,2	17,5

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

O consumo privado reduciuse un 12,0% en 2020. O peche das actividades máis afectadas polas medidas de distanciamento social, as limitacións á mobilidade así como a incerteza sobre a evolución do emprego limitaron o gasto.

Pola contra, o consumo público incrementouse para afrontar a emerxencia sanitaria, un 3,3%.

A incerteza sobre o impacto da pandemia na actividade económica a nivel mundial freou a inversión, cunha caída en 2020 do 11,4%. Reduciuse tanto a inversión en bens de equipo como en construción.

A demanda externa restou 2,2 puntos ao crecemento do PIB. O peche de fronteiras nos meses de maior incidencia da COVID-19 así como a contracción da actividade reduciron tanto as exportacións, -20,1%, como as importacións, -15,2%.

Desde o punto de vista da oferta, os grandes sectores de actividade minoraron á súa actividade, con caídas superiores ao 10%, agás o sector primario. Foron as actividades máis relacionadas coa interacción social as máis prexudicadas pola crise sanitaria e económica.

Cadro III. ESPAÑA. Compoñentes do PIB polo vía da oferta

España. Oferta. Índices de volume. Referencia 2015								
<i>Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
Operacións			2020				2021	
	2019	2020	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-2,5	4,3	0,2	6,7	3,1	7,3	-2,5	-6,7
Industria	1,4	-10,1	-5,6	-24,8	-5,8	-4,4	0,0	23,7
- Industria manufacturera	0,7	-12,1	-7,0	-29,2	-6,9	-5,3	-0,6	29,2
Construción	5,3	-11,3	-2,9	-25,1	-7,4	-9,6	-10,7	11,7
Servizos	2,3	-11,5	-4,1	-21,8	-9,8	-10,3	-5,0	17,6
Impostos netos sobre os produtos	1,1	-11,0	-6,3	-19,9	-8,7	-8,9	-1,2	20,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,1	-10,8	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,2	17,5

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

Nos primeiros meses de 2021 a actividade económica veuse limitada polas medidas de contención ante a expansión do coronavirus. A melloría na situación sanitaria levará a unha recuperación da actividade na segunda metade de 2021. Grazas á vacinación, a actividade económica non é tan sensible á incidencia do coronavirus, como se veu nos meses de verán, nos que o aumento no número de contaxios non repercutiu de forma intensa na actividade. Isto nos permitirá avanzar na reactivación económica, malia que a posibilidade da aparición de novas variantes para as que a vacina perda eficacia podería mudar a situación.

Os principais organismos públicos e privados prevén unha rápida recuperación da actividade, volvendo a niveis previos á pandemia en 2022.

O consumo privado e a inversión serán os motores da recuperación. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia será vital para a economía española. Os proxectos aos que se destinen os fondos europeos así como a capacidade de execución nos prazos previstos determinarán o impacto na economía.

No seguinte cadro preséntanse as proxección dos principais organismos que elaboran previsións, coa desagregación dos compoñentes de demanda, para o bienio 2021 - 2022.

Cadra IV. ESPAÑA. Previsións. Compónentes do PIB polo vía da demanda

Previsións macroeconómicas. España. TVI (%)								
	2021				2022			
	Ministerio (outubro 2021)	Banco de España (setembro 2021)	FMI (outubro 2021)	Comisión Europea (maio 2021)	Ministerio (outubro 2021)	Banco de España (setembro 2021)	FMI (outubro 2021)	Comisión Europea (maio 2021)
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	8,0	9,6	5,9	6,4	6,9	4,3	5,1	5,8
Gasto en consumo final nacional das AAPP.	2,5	2,2	3,2	2,7	1,5	0,2	0,8	1,9
Formación bruta de capital fixo	7,1	5,8	6,4	9,6	12,2	10,5	9,9	12,7
Demanda nacional ⁽²⁾	6,5	7,0	5,7	6,1	6,7	4,7	5,3	6,3
Exportacións de bens e servizos	10,0	8,7	11,9	10,4	10,3	11,1	12,0	12,8
Importacións de bens e servizos	10,3	11,5	12,0	11,7	10,0	7,5	8,8	11,7
Produto interior bruto	6,5	6,3	5,7	5,9	7,0	5,9	6,4	6,8
Produto interior bruto nominal	7,8	7,6	7,5	--	8,6	7,7	7,9	--
Taxa de paro	15,2	15,1	15,4	15,7	14,1	14,3	14,8	14,4

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio, Banco de España e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Banco de España, FMI e Comisión Europea

As previsións para o ano 2021 varían entre o 5,7% do FMI e o 6,5% do Goberno. No ano 2022 España podería crecer entre un 5,9% que prognostica o Banco de España e un 7,0% que apunta o Goberno. No que todos os organismos coinciden é en sinalar que será a demanda interna a que impulsará a economía no bienio.

Os fogares, unha vez se normalice a situación sanitaria, volverán aos seus niveis habituais de gasto. Ademais a mellora do mercado laboral incidirá no aumento do consumo. Pola contra, o incremento dos prezos podería moderar o avance.

O consumo privado crecería en 2021 entre un 9,6% do Banco de España e o 5,9% do FMI. Este dinamismo manteríase en 2022, con taxas entre o 6,9% do Goberno e o 4,3% do Banco de España.

Os fondos asociados ao programa Next Generation deberían provocar un forte impulso á inversión, que ademais se verá propulsada polo incremento da demanda e por unhas condicións financeiras favorables. Para o ano 2021 as previsións apuntan a un incremento entre o 5,8% do Banco de España e o 9,6% da Comisión; para 2022, o efecto dos fondos europeos manifestaríase con maior intensidade e a inversión aumentaría entre un 9,9% que prognostica o FMI e un 12,7% a Comisión Europea.

O comercio exterior verase incentivado polo fortalecemento da actividade económica dos principais socios comerciais. A recuperación do turismo estranxeiro, moi importante na economía española, dependerá da situación epidemiolóxica dos países de orixe.

Un dos principais problemas aos que se enfrontan as economías avanzadas e, en particular, a española é o desabastecemento de determinados bens imprescindibles nos procesos produtivos, que están a obstaculizar o desenvolvemento dalgúns sectores industriais,

como por exemplo, o sector da automoción. A tardanza na resolución deste problema incidiría no ritmo de recuperación da economía.


A suba dos prezos, principalmente os enerxéticos, tamén podería retrasar o avance económico, polo seu impacto tanto nas empresas como nos fogares.

A reactivación económica virá acompañada dunha mellora no mercado laboral, o que se traducirá nunha diminución da taxa de paro no ano 2022. Para o ano 2021, a taxa de paro superaría o 15% segundo os principais organismos. Baixaría deste nivel en 2022, situándose entre un 14,1% que prevé o Goberno e un 14,8% o FMI.

II.3. ECONOMÍA GALEGA

Nun mundo globalizado, unha crise sanitaria como a da COVID-19 impacta en todas as economías, e, polo tanto, nunha economía aberta como a galega. Non obstante, en Galicia a incidencia do coronavirus foi menor que no conxunto do Estado o que se reflicte nun menor impacto económico. Ademais, a estrutura produtiva galega, cun maior peso da industria agroalimentaria (menos afectada polas restricións) e unha menor dependencia do turismo axudaron a un comportamento menos desfavorable.


Gráfico I. Casos diagnosticados de COVID-19 por 100.000 habitantes



Fonte: Elaboración propia

Aínda así, o PIB galego reduciuse un 8,9% no ano 2020, menos que no conxunto de España pero máis que nalgúns dos nosos socios comerciais como Francia ou Portugal. No gráfico que segue pode verse o impacto da crise en Galicia respecto a España e á Unión Europea.

Gráfico II. PIB real. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. 2019IV=100



Fonte: Elaboración propia

O confinamento estrito da poboación e a paralización da actividade na primavera de 2020 levou a unha caída histórica da actividade no segundo trimestre; nos seguintes trimestres a evolución da actividade económica estivo moi ligada á incidencia da COVID-19.

Despois dunha caída do PIB do 18,0% no segundo trimestre de 2020, a mellora sanitaria en Galicia reduciu a caída no terceiro trimestre, ata unha taxa do -6,2%, mais a recaída a finais de ano traducíuse nunha taxa do -7,6% no cuarto trimestre. O empeoramento da situación epidemiolóxica a principios do ano 2021 incidiu nunha contracción do PIB do 2,9% no primeiro trimestre. O avance na vacinación permitiu relaxar as restricións e a reactivación da actividade económica desde o segundo trimestre de 2021.

Desde a óptica da demanda, o consumo privado e a inversión foron os máis afectados pola crise sanitaria. Desde a óptica da oferta, as actividades máis relacionadas co ocio víronse máis prexudicadas polas medidas de distanciamento social.

Demanda

No ano 2020, a demanda interna restou 8,3 puntos ao crecemento do PIB e a demanda externa 0,6 puntos.

As restricións á actividade e a mobilidade limitaron as oportunidades de gasto do fogares; o emprego e a renda dos fogares reduciuse malia as medidas introducidas para paliar estes efectos, o que provocou, ademais, un aforo precatório.

Unha crise mundial desta magnitude frea a inversión ante a incerteza sobre a evolución sanitaria e económica.

O peche de fronteiras e a caída da actividade a nivel internacional reduce o comercio exterior. A demanda externa foi negativa en Galicia en 2020, cunha caída das exportacións maior que a das importacións.

Respecto ao gasto dos non residentes, ao ser Galicia unha comunidade menos dependente do turismo que o resto de España a redución dos movementos turísticos non tivo tanto impacto na economía galega como na española.

Cadro V. GALICIA, PIB, desglose polos compoñentes da demanda

Galicia. Demanda. Índices de volume. Referencia 2015								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
Operacións			2020				2021	
	2019	2020	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,0	-7,4	-3,6	-18,3	-2,9	-4,7	-3,4	18,7
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,1	-11,3	-6,5	-24,5	-4,9	-9,4	-6,0	23,4
-Gasto en consumo final das AAPP	1,8	4,5	5,2	0,3	3,1	9,6	3,6	8,2
Formación bruta de capital	1,8	-13,2	-9,8	-25,5	-9,7	-7,4	-1,5	17,8
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	2,0	-8,3	-4,6	-19,5	-4,0	-5,1	-3,0	18,5
Exportacións de bens e servizos	0,2	-5,8	-0,3	-23,4	1,3	-1,4	4,6	36,4
Importacións de bens e servizos	0,6	-4,6	-1,9	-26,2	5,5	3,3	4,5	39,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,8	-8,9	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6	-2,9	17,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Desde mediados de ano, apréciase un maior dinamismo da actividade, favorecida polo avance na vacinación e a relaxación das medidas de contención.

Oferta

Desde a óptica da oferta, a crise afectou a todos os sectores económicos, aínda que aquelas actividades máis relacionadas coa interacción social foron as máis prexudicadas.

O Comercio, transporte e hostalería e as Actividades artísticas, recreativas e outros servizos rexistraron as maiores caídas en 2020, -19,5% e -18,0% respectivamente.

Cadro VI. GALICIA, PIB, desglose polos compoñentes de oferta

Galicia. Oferta. Índices de volume. Referencia 2015								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
Operacións	2019	2020	2020				2021	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-0,2	-3,3	-1,9	-1,0	-3,4	-7,0	-3,5	-3,6
Industria	-1,4	-8,6	-1,8	-21,5	-5,5	-5,6	2,0	18,7
- Industria manufactureira	0,6	-9,6	-2,2	-28,8	-4,1	-3,3	-0,3	31,0
Construción	3,4	-12,6	-6,8	-22,1	-10,2	-11,2	-7,3	9,3
Servizos	2,7	-8,1	-3,5	-17,2	-5,2	-6,5	-3,3	19,8
- Comercio, transporte e hostalería	3,6	-19,5	-8,9	-37,5	-13,8	-17,7	-13,5	53,1
- Información e comunicacións	0,5	-0,1	6,9	-6,6	0,0	-0,5	-6,1	2,3
- Actividades financeiras e de seguros	1,3	-0,4	-3,5	1,0	0,5	0,3	6,8	3,2
- Actividades inmobiliarias	1,2	-0,3	0,4	-0,2	-0,6	-0,8	-0,4	0,1
- Actividades profesionais	4,1	-9,3	-5,2	-22,8	-3,8	-5,7	1,4	29,2
- Administración pública, sanidade e educación	3,0	1,6	2,7	1,1	0,9	1,5	3,5	5,0
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,4	-18,0	-9,5	-42,7	-8,4	-11,2	-1,3	56,2
Impostos netos sobre os produtos	1,2	-15,0	-10,4	-23,3	-12,1	-14,2	-5,6	14,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,8	-8,9	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6	-2,9	17,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

A industria e a construción tamén se viron moi afectadas pola crise, con caídas do 8,6% e do 12,6% respectivamente.

En senso contrario, a Administración pública, sanidade e educación incrementou o seu valor engadido para poder enfrontar á emerxencia sanitaria.

Emprego

Os efectos da crise económica tamén se trasladan ao emprego. As medidas adoptadas polo Goberno para manter o emprego: ERTE, prestación por cese de actividade, fan que tanto nas cifras de ocupados da Enquisa de poboación activa (EPA) como nas afiliacións á Seguridade Social se inclúan persoas nestas situacións.

A mellor visión do impacto das medidas de contención do virus na economía é a proporcionada polas horas traballadas. No ano 2020, as horas caeron un 10,7%.

A paralización da actividade económica nos meses de marzo e abril de 2020 traxiuse nun descenso das horas traballadas do 29,3% no segundo trimestre de 2020. A evolución da situación sanitaria reflectiuse na evolución das horas traballadas, cunha caída no terceiro trimestre do 4,0%, e empeorando no cuarto trimestre ata unha diminución do 5,5%. A normalización da actividade levará tamén á recuperación do tempo de traballo.

Cadro VII. GALICIA, Horas traballadas

Galicia. Horas traballadas								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>								
	2019	2020	2020				2021	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-0,9	-0,1	2,3	-3,3	1,4	-0,8	-5,4	-0,1
Industria	-0,8	-9,8	-3,6	-29,9	-3,4	-2,4	-1,4	37,1
- Industria manufacturera	-0,9	-10,4	-3,9	-31,1	-3,9	-2,6	-1,4	38,7
Construción	1,1	-13,5	-9,7	-39,0	-3,4	-1,9	7,6	62,5
Servizos	0,3	-11,9	-4,0	-31,6	-4,9	-7,1	-2,7	39,4
- Comercio, transporte e hostalería	-1,4	-19,0	-6,8	-45,4	-10,1	-13,7	-7,3	61,8
- Información e comunicacións	2,3	-0,3	-0,8	-2,2	-1,2	3,2	3,8	7,9
- Actividades financeiras e de seguros	-6,5	-1,6	-5,4	-12,3	8,1	4,9	5,0	21,3
- Actividades inmobiliarias	4,2	-5,9	-4,2	-35,7	7,2	9,4	16,6	79,0
- Actividades profesionais	1,5	-6,7	-3,9	-20,9	-0,4	-1,5	3,0	28,7
- Administración pública, sanidade e educación	1,2	-3,6	1,7	-15,1	-0,4	-0,7	-1,8	17,5
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	4,5	-16,3	-7,2	-42,0	-5,9	-10,2	0,2	68,0
TOTAL HORAS	0,1	-10,7	-3,8	-29,3	-4,0	-5,5	-2,1	35,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Como se indicou anteriormente, a EPA non reflicte o impacto da crise no emprego. A caída da ocupación é inferior á doutras crises económicas. O número de persoas ocupadas situouse en 1.074.200 en 2020, un 1,9% menos que no ano 2019.

Houbo un aumento da poboación inactiva no ano 2020, principalmente no segundo trimestre, polas dificultades da poboación para buscar activamente emprego debido ao confinamento. Nos trimestres seguintes, a situación económica desanimou aos que perderon o emprego a buscar outro, polo que o número de persoas inactivas mantívose elevado no resto do ano. No conxunto do ano 2020, a poboación inactiva de 16 a 64 anos incrementouse un 4,3%.

O descenso da poboación activa, xunto cun pequeno incremento da poboación parada, posibilitaron que a taxa de paro situárase no 12,0% na media do ano 2020, dúas décimas máis que no ano anterior.

As afiliacións medias á Seguridade Social diminuíron un 1,7% no ano 2020. O paro rexistrado aumentou un 10,4%. Desde o mes de abril de 2021 aumentan as afiliacións medias e baixa o paro rexistrado.

II.4. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico que se presenta conta co aval da Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF), en cumprimento do artigo 14 da Ley Orgánica 6/2013, de 14 de novembro, de creación da AIReF. A AIReF considera prudente e como tal avala o escenario de previsión para 2022.

O escenario macroeconómico para Galicia elabórase cun modelo de estimación dos agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo (ver Anexo). Parte dunhas hipóteses básicas para as que se tivo en conta o escenario comentado anteriormente para España no apartado de economía española, as previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e hipóteses externas sobre o tipo de cambio e os prezos do petróleo. Na seguinte táboa móstranse os devanditos supostos.

Cadro VIII. Hipóteses básicas do escenario

Hipóteses básicas			
Taxas de variación interanual en %, salvo indicación en contrario			
	2021	2022	Fuente
Poboación en idade de traballar	-0,2	-0,2	Elaboracion propia
Gasto en consumo final das AAPP	3,3	0,4	Consellería de Facenda
Demanda interna España	6,6	5,4	Elaboracion propia
Demanda interna Francia	5,1	3,4	Comisión Europea (maio 2021)
Demanda interna Alemaña	2,0	5,1	Comisión Europea (maio 2021)
Demanda interna Italia	4,3	4,6	Comisión Europea (maio 2021)
Demanda interna Portugal	3,8	4,0	Comisión Europea (maio 2021)
Demanda interna Bélxica	4,7	4,0	Comisión Europea (maio 2021)
Demanda interna Países Baixos	1,9	4,0	Comisión Europea (maio 2021)
Demanda interna Reino Unido	7,2	5,3	Comisión Europea (maio 2021)
Demanda interna Estados Unidos	6,8	4,0	Comisión Europea (maio 2021)
IPC xeral sen produtos enerxéticos España	0,6	1,0	Elaboracion propia
Tipo de cambio dólar/euro	1,19	1,18	Banco de España (setembro 2021)
Precio petróleo "Brent" (nivel)	68,7	69,1	Banco de España (setembro 2021)

O escenario macroeconómico que acompaña aos Orzamentos de 2022 prevé unha forte recuperación da economía galega, con taxas de crecemento do 6,0% nos dous anos, 2021 e 2022.

O dinamismo da economía galega basearase na demanda interna, que alcanzará 6,0 puntos porcentuais en 2021 e 4,4 puntos porcentuais en 2022. A demanda externa será negativa en 2021, -0,1 puntos porcentuais, e positiva en 2022, 1,6 puntos porcentuais.

O consumo privado reduciuse un 11,3% no ano 2020. O avance da vacinación permite unha mellora da situación sanitaria e unha redución das restricións, o que impulsará o consumo no ano 2021 ata un incremento do 6,9%. Os fogares poderían realizar os seus gastos habituais, que tiñan suprimidos ou aprazados. O principal risco para a recuperación dos hábitos de consumo é a subida dos prezos, que podería retraer as decisións de gasto dos fogares. Para o ano 2022 continuará o dinamismo do consumo, aínda que con taxas inferiores ás do ano anterior, favorecido ademais pola progresiva recuperación do emprego.

O gasto en consumo final das administracións públicas aumentará en 2021 un 3,3%, debido ao elevado gasto sanitario; prevese unha moderación no consumo público no ano 2022, ata unha taxa do 0,4%.

Tras unha profunda contracción da inversión no ano 2020, reflectida nunha taxa do -13,2%, prevese un forte impulso nos próximos anos. Os fondos Next Generation serán fundamentais, o calendario de implementación así como as características dos proxectos seleccionados marcarán o impacto na economía.

Unhas condicións financeiras favorables, a recuperación da actividade mundial así como a redución da incerteza contribuirán a impulsar a inversión. No ano 2021 prevese un incremento do 7,0% que chegaría ata o 8,1% en 2022.

O impacto estimado dos fondos europeos na economía galega é de 0,3 puntos porcentuais en 2021 e de 1,2 puntos porcentuais en 2022. Este impacto, ao ter en conta os efectos desbordamento, incrementase ata os 0,8 puntos porcentuais en 2021 e 1,4 puntos porcentuais en 2022.

Non obstante, hai un risco á baixa relevante neste escenario. A falla de subministros de determinados bens está a afectar a moitos sectores, entre eles, o automóbil, cun peso importante na industria galega; existe moita incerteza sobre a solución a este problema de desabastecemento que podería ralentizar a recuperación económica de Galicia. Os últimos datos dispoñibles xa manifestan os problemas derivados da falta dalgúns produtos.

A achega da demanda externa será negativa en 2021, cun incremento das exportacións (7,9%) inferior ao das importacións (8,0%). Para o ano 2022 prevese unha achega positiva, cun aumento das exportacións (10,3%) e das importacións (7,3%). A evolución

da economía española así como a das principais economías do noso entorno marcarán o dinamismo do sector exterior. En relación ao gasto dos non residentes, o turismo con destino Galicia procede principalmente do resto de España e está a ter un forte impulso no ano 2021, incentivado ademais pola celebración do Xacobeo.

A taxa de paro situouse en Galicia en 2020 no 12,0%. Prevese que alcance o 12,2% no ano 2021, como consecuencia do incremento da poboación activa ante a mellora da situación económica, e que se reduza ata o 11,7% en 2022.

Cadro IX. Escenario macroeconómico

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %			
	2020	2021	2022
Gasto en consumo final	-7,4	5,9	3,8
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-11,3	6,9	5,1
- Gasto en consumo final das AAPP	4,5	3,3	0,4
Formación bruta de capital	-13,2	7,0	8,1
Achega demanda interna¹	-8,3	6,0	4,4
Exportación de bens e servicios	-5,8	7,9	10,3
Importación de bens e servicios	-4,6	8,0	7,3
Produto interior bruto (PIB)	-8,9	6,0	6,0
Produto interior bruto nominal	-8,2	7,3	7,8
Emprego. PTETC	-8,0	5,4	3,1
Taxa de paro²	12,0	12,2	11,7

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

Data peche previsións: 24 setembro 2021

Anexo metodolóxico sobre o escenario macroeconómico de Galicia

Neste anexo resúmese a metodoloxía empregada para a elaboración do escenario macroeconómico, seguindo o disposto na Directiva 2011/85/UE del Consejo, sobre requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

O método utilizado para a elaboración do escenario macroeconómico é un modelo de estimación de agregados macroeconómicos de demanda a curto prazo. É un modelo

de periodicidade trimestral que pretende simular a evolución dos agregados macroeconómicos nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional e integrado no sistema de contas económicas de Galicia elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

O modelo proporciona estimacións de: gasto en consumo final dos fogares, demanda de capital (formación bruta de capital), demanda de traballo (ocupados), oferta de traballo (poboación activa) e taxa de paro; deflactor del PIB, custo laboral e índice de prezos de consumo; exportacións e importacións.

As exportacións trátanse de forma distinta que as importacións. Nas exportacións distínguese entre as exportacións ao resto de España e as exportacións ao resto do mundo, mentres que as importacións se consideran nunha única ecuación.

As previsións sobre as variables macroeconómicas do escenario realízanse mediante modelos de ecuacións a curto e longo prazo que incorporan relacións de cointegración en modelos de corrección do erro. O principio deste modelo é que existe unha relación de equilibrio a longo prazo entre as variables económicas e que no curto prazo pode haber desequilibrios, que son corrixidos gradualmente a través de axustes parciais polo termo do erro.

Distínguense, polo tanto, dúas ecuacións de comportamento asociadas: unha ecuación a longo prazo, que explica a evolución tendencial da variable e unha ecuación a curto prazo, que explica a dinámica transitoria de tipo estacionario.

Cada ecuación estímase en dúas etapas. Primeiro estímase os parámetros da ecuación a longo prazo e unha vez obtida a especificación máis adecuada no longo prazo, defínese o mecanismo de corrección do erro como os residuos da ecuación. Na segunda etapa os residuos trátanse como unha variable explicativa mais e procédese á procura de especificación e estimación dos parámetros da ecuación a curto prazo.

A taxa de paro, as exportacións totais, o deflactor de exportacións totais, o stock de capital e o produto interior bruto (PIB) obtéñense como identidades.

A información de base obtense da Contabilidade anual e trimestral de Galicia, dos indicadores conxunturais dispoñibles para a economía galega obtidos a partir das operacións estatísticas elaboradas polo IGE ou das distintas operacións estatísticas nacionais que proporcionan a información para Galicia. Esta información é obxecto de diversas transformacións ata chegar aos datos empregados no modelo. Este tratamento inclúe operacións diversas, como deflactación, enlace de series con distintas bases, cálculo de indicadores compostos, desestacionalización, etc.

Realízanse supostos sobre a evolución das variables esóxenas ao modelo. Estes baséanse nas previsións que realizaron os organismos nacionais e internacionais na súas

últimas previsións. Para as variables nas que Galicia presenta un comportamento propio, distinto ao nacional, como a poboación de 16 anos e máis anos, elabóranse uns supostos específicos para Galicia.

Supostos básicos

Os principais supostos utilizados para a elaboración das previsións son:

Poboación de 16 e máis anos: Prevese unha traxectoria consistente coas proxeccións de poboación de Galicia.

Demanda interna de España: os supostos sobre a súa evolución elabóraos o IGE a partir das previsións realizadas para España polos organismos públicos nacionais e internacionais.

Demanda interna dos principais países do entorno de Galicia: as hipóteses sobre a evolución da demanda interna dos principais países coinciden coas últimas previsións da Comisión Europea para estes países.

Índice de prezos de consumo sen produtos enerxéticos de España: as hipóteses elabóraas o IGE en función da evolución do índice así como das previsións dos distintos organismos.

Tipo de cambio dólar/euro: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Prezo do petróleo Brent: utilízanse os supostos sobre a evolución que prevé o Banco de España.

Ecuacións

A continuación descríbense brevemente as ecuacións empregadas. En todas elas a frecuencia de observación é trimestral e as series foron axustadas de estacionalidade e calendario.

Demanda de traballo

A demanda de traballo queda determinada a partir da función de produción e das condicións de primeira orde de maximización dos beneficios da empresa representativa.

Demanda de capital

Ao igual que coa demanda de traballo, na teoría a demanda de capital a longo prazo derívase da función de produción e da condición de primeira orde de maximización de

beneficios. Na ecuación do modelo depende do produto interior bruto e do tipo de interese nominal das sociedades non financeiras.

Oferta de traballo

A ecuación da oferta de traballo (poboación activa) indica que depende da poboación en idade de traballar e da taxa de paro.

Consumo privado

Na ecuación do consumo final dos fogares a única variable explicativa como tal é o PIB, que actúa como aproximación á renda dos fogares.

Exportacións ao resto de España

As exportacións galegas ao resto de España dependen da demanda interna española e dun índice de competitividade, medido a través dos prezos de exportación dos países competidores no mercado do resto de España.

Exportacións ao resto do mundo

As exportacións ao resto do mundo dependen principalmente dun indicador de demanda mundial.

Importacións

As importacións dependen da demanda interna.

Deflactor do PIB

A ecuación que describe o deflactor do PIB considera que a súa evolución depende do custo laboral, do índice xeral de prezos de exportación dos países competidores, da inversa da relación capital – produto e da produtividade total dos factores.

Deflactor de exportacións ao resto de España

O deflactor de exportacións ao resto de España depende dos prezos internos, aproximados polo deflactor do PIB, e dos prezos de exportación dos competidores do resto de España.

Deflactor de exportacións ao resto do mundo

O deflactor de exportacións ao resto do mundo depende do prezo de exportación dos países competidores do resto do mundo.

Deflactor de importacións

O deflactor de importacións depende dos prezos internos e dos prezos externos dos provedores.

Custo laboral

A ecuación de custo laboral mostra que a súa evolución depende da produtividade marxinal do traballo a prezos correntes.



O ESCENARIO FINANCEIRO

III. O ESCENARIO FINANCEIRO

III.1. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA.

A situación dos mercados financeiros e monetarios estivo marcada polas medidas adoptadas para facer fronte á pandemia mundial declarada en marzo de 2020 pola Organización Mundial da Saúde (OMS).

Adicionalmente, producíronse outros episodios de incerteza, tanto de natureza económica como política, que se acumularon ao longo destes últimos meses, como son as presións inflacionistas, o desabastecemento de componentes electrónicos e outras materias primas, o encarecemento do transporte internacional, así como as eleccións alemáns...

Nos mercados financeiros, as autoridades monetarias reaccionaron á crise do coronavirus adoptando un ton máis expansivo das súas políticas, debido a un afundimento das perspectivas de crecemento económico global sen precedentes, así como un descenso das expectativas de inflación e das rendibilidades da débeda soberana.

No ámbito da Unión Europea, o Banco Central Europeo mantivo o tipo de interese de referencia da Eurozona no seu mínimo histórico do 0%, e ampliou as súas medidas de estímulo co obxectivo de relaxar as condicións financeiras ante o impacto da crise do Covid-19.

En 2021, dada a mellora da situación económica, é previsible nos próximos meses que o BCE anuncie unha retirada de estímulos mediante a redución do programa de compras de emerxencia (PEPP), aínda que a subida de tipos non é previsible nun prazo tan corto de tempo.

III.2. TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA.

TIPOS DE XURO OFICIAIS						
	2018	2019	2020	2021		
				Marzo	Xuño	Setembro
Op. principais de financiamento	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Facilidade marxinal de crédito	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25
Facilidade de depósito	-0,40	-0,43	-0,50	-0,50	-0,50	-0,50
Fondos Federales (EE UU)	2,50	1,75	0,25	0,25	0,25	0,25
Tipo de Xuro Oficial (Xapón)	-0,10	-0,10	-0,10	-0,10	-0,10	-0,10

(Datos correspondentes ao final do período considerado)

A irupción do Covid-19 na área do euro produciuse nun contexto de baixa inflación e amplo estímulo monetario, cos tipos de interese de referencia en mínimos históricos, novas compras netas de activos baixo o programa APP, e un calendario establecido de operacións de refinanciamento a prazo máis longo con obxectivo específico, as denominadas “TLTRO-III”.

A perturbación económica xerada pola pandemia tivo como consecuencia un forte endurecemento das condicións financeiras na área do euro. Para facer fronte a esta situación, o Consello de Goberno do BCE introduciu en marzo de 2020 un paquete integral de medidas que actuaron en dúas dimensións principais: a compra de activos e as operacións de liquidez.

En relación á compra de activos, o BCE aprobou en marzo de 2020 o lanzamento dun Programa de Emerxencia (PEPP, polas súas siglas en inglés) para combater a pandemia do coronavirus cun alcance de 0,75 billóns de euros, ampliado en xuño ata os 1,35 billóns e en decembro ata os 1,85 billóns. Este programa permitiu reducir significativamente o tipo de interese da débeda soberana.

En relación ás operacións de liquidez, o BCE introduciu novas liñas de operacións de refinanciamento a prazo máis longo (LTRO e PELTRO, polas súas siglas en inglés), que teñen por obxectivo facilitar ao sector bancario o acceso ao financiamento.


Así mesmo e co obxecto de que o sector bancario seguisse proporcionando crédito á economía real, o BCE modificou o programa TLTRO e relaxou as condicións do seu marco de colateral. O BCE mediante este programa outorga aos bancos financiamento en condicións especialmente vantaxosas, a condición de que cumpran cuns obxectivos de concesión de crédito a empresas e fogares.

En EEUU, a Reserva Federal recortou en dúas ocasións en marzo de 2020, o tipo obxectivo dos fondos federais en 50 e 100 puntos básicos, respectivamente, ata situalo nunha horquilla do 0%-0,25%, que se mantén en 2021.

Doutra banda, o Banco de Inglaterra tamén acordou no mes de marzo de 2020 reducir o tipo de intervención do 0,75% ata o 0,10% (tipo vixente en 2021), e o Banco de Xapón non alterou o tipo de desconto desde marzo de 2016, manténdoo no -0,1%.

De cara ao futuro e se a situación económica o permite, non pode descartarse un proceso de tapering (retirada de estímulos).

Gráfico : I Evolución dos tipos de Intervención



III.3. TIPOS DE XUROS INTERBANCARIOS.

Tipos de xuros na área do euro (Porcentaxes)					
Período	Eonia	A un mes	A tres meses	A seis meses	A un ano
2018	-0,36	-0,37	-0,32	-0,27	-0,17
2019	-0,39	-0,40	-0,36	-0,30	-0,22
2020	-0,46	-0,50	-0,42	-0,36	-0,30
Mar.2021	-0,48	-0,56	-0,54	-0,52	-0,50
Xuñ.2021	-0,48	-0,56	-0,54	-0,51	-0,48
Set.2021	-0,48	-0,56	-0,54	-0,52	-0,49

Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: Tipos fin de periodo

As decisións que foron adoptando tanto o Banco Central Europeo como a Reserva Federal ao longo de 2020 e 2021 como consecuencia da crise sanitaria marcaron a evolución dos tipos de xuro no mercado interbancario e as perspectivas cara os vindeiros meses.

Neste sentido e como pode apreciarse no gráfico 2, a pandemia provocou unha significativa subida dos tipos que tivo un marcado carácter temporal, dado que as decisións monetarias permitiron reconducir a evolución dos tipos incluso ata situálos por debaixo da situación prepandémica.

No mercado interbancario da zona euro, os tipos de xuro pecharon 2019 cunha lixeira tendencia á baixa, como consecuencia dos estímulos introducidos do Banco Central Europeo, o que situaba os tipos do euribor a tres meses e a un ano, respectivamente, no -0,383% e no -0,249% a 31 de decembro de 2019.

Ata mediados de marzo de 2020 continuou esta tendencia coa caída dos tipos en tódolos seus tramos de entre 8 e 12 puntos básicos, situándose o 12 de marzo o euribor a 3 meses no -0,489% e o euribor a 12 meses no -0,368%.


O inicio da crise sanitaria marca un punto de inflexión coa evolución dos tipos no mercado interbancario. Deste xeito, a partir de mediados de marzo prodúcese un incremento significativo dos tipos de aproximadamente 30 puntos básicos, situándose o 22 de abril no -0,190% o euribor a 3 meses e no -0,053% o euribor a 12 meses.

Esta situación revírtese a partir do mes de xuño, no que prodúcese un cambio de tendencia, o que se traduciu nunha nova e máis profunda caída de tipos de xeito sostido, derivada das medidas adoptadas para combater a pandemia, o que permite acadar mínimos históricos nas referencias mencionadas.

A 31 de decembro de 2020 os tipos do euribor a tres meses e a un ano, respectivamente, situáronse no -0,545% e no -0,499%.

En 2021 destaca a estabilidade na evolución dos tipos, sen alteracións significativas.

Gráfico 2: Evolución euribor



III.4. MERCADO DE DÉBIDA PÚBLICA.

Período	Bono 10 anos			Prima de risco (puntos básicos)
	España	Italia	Alemaña	España -Alemaña
2018	1,44	2,60	0,46	98
2019	0,68	1,94	-0,21	89
2020	0,40	1,15	-0,47	87
Mar.2021	0,34	0,67	-0,32	66
Xuñ.2021	0,44	0,86	-0,20	65
Set.2021	0,36	0,73	-0,30	66

Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: Tipos fin de período

Os primeiros meses de 2020 e ata a irrupción en marzo da crise sanitaria, produciuse unha caída de tipos que en España superou os 20 puntos básicos, situándose a rendibilidade do bono a 10 anos no 0,248% a 11 de marzo.

A incerteza acerca do impacto da crise provocou un incremento do coste da débeda moi significativo, que en España acadou o seu máximo o 22 de abril, cun tipo do 1,15%. A

partir de entónces e como consecuencia das medidas adoptadas para facer fronte a crise, prodúcese unha forte caída do coste de débeda ata acadar mínimos históricos.

En xaneiro de 2021 rexístrase un coste da débeda próximo ao 0% (0,02% a 4 de xaneiro). A partir do entón e ao longo do ano prodúcese variacións á alza e á baixa que responden a episodios de incerteza e volatilidade, pero moito menos significativos que os acontecidos en 2020.



Gráfico 3. Evolución da prima de risco

En canto a prima de risco, en 2019 rexistrouse unha caída sostida da mesma que se mantivo en 2020 ata o inicio da pandemia, no que se produxo un forte incremento da prima de risco, dado o carácter de valor refuxio do bund.


Deste xeito, en apenas dous meses (entre o 21 de febreiro e o 22 de abril), a prima de risco incrementouse en 94 puntos básicos ata acadar os 160 pb, imputables exclusivamente ao incremento de coste do bono español (a rendibilidade do bund mantívose constante).

A partir de entónces prodúcese un retorno á normalidade preCovid, acadando en novembro de 2020 niveis equivalentes aos do inicio de ano.

En 2021 non prodúcese oscilacións significativas da prima de risco, que en ningún caso superan os 17 puntos básicos (dun mínimo de 57 pb en febreiro a 74 pb en xullo).

No resto dos soberanos cabe destacar o repunte da prima de risco do Reino Unido tras o Brexit (incremento de 87 pb, dende 18 pb en xaneiro a 105 pb en setembro) e Estados Unidos (incremento de 63 pb, dende 92 pb en xaneiro a 155 pb en setembro).

Gráfico 4: Evolución da rendibilidade a dez anos



III.5. MERCADOS BOLSISTAS.

Índices de cotización bolsistas							
Período	IBEX 35	Eurostoxx 50	CAC 40	DAX	FTSE 100	Dow Jones	Nikkei
2018	9.510,88	3.369,85	5.287,65	12.160,42	7.347,86	24.996,01	22.285,02
2019	9.213,88	3.458,65	5.502,98	12.216,09	7.305,65	26.556,06	21.779,97
2020	7.441,08	3.217,78	4.992,88	12.179,46	6.143,13	26.709,25	22.709,56
Mar.2021	8.580,00	3.919,21	6.067,23	15.008,34	6.713,63	32.981,55	29.178,80
Xuñ.2021	8.821,20	4.064,30	6.507,83	15.531,04	7.037,47	34.502,51	28.791,53
Set.2021	8.796,30	4.048,08	6.520,01	15.260,69	7.086,42	33.843,92	29.452,66
Variación anual en %							
2018	-7,5	-3,3	2,2	-2,2	-0,3	13,9	9,9
2019	-3,1	2,6	4,1	0,5	-0,6	6,2	-2,3
2020	-19,2	-7,0	-9,3	-0,3	-15,9	0,6	4,3
Mar.2021	26,4	40,6	38,0	51,1	18,4	50,5	54,2
Xuñ.2021	22,0	25,7	31,8	26,2	14,1	33,7	29,2
Set.2021	31,0	26,8	35,7	19,6	20,8	21,8	27,0

Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período


En 2020 a crise sanitaria da Covid-19 provocou un impacto negativo, sen precedentes recentes, e significativamente asimétrico nas principais economías avanzadas o que se traduxo no comportamento dos mercados bolsistas.

Deste xeito, en España, o IBEX retrocedeu un 19,2%, o índice EUROSTOXX 50 retrocedeu un 7% e no resto de prazas europeas tamén se rexistraron perdas significativas en 2020.

No mesmo periodo, no mercado norteamericano, o índice DOW JONES, a pesar da forte caída que rexistrou no mes de marzo, recuperou os valores prepandemia e rematou o ano en positivo.

En 2021, tras o proceso de vacunación e os datos de crecemento económico, se está a producir un forte crecemento de tódolos índices, con variacións de dous díxitos en tódolos casos analizados. En particular, o IBEX rexistra unha variación interanual dun 31% en setembro.

Gráfico 5: Mercados Bolsistas



III.6. MERCADOS DE DIVISAS.

Tipos de cambio do euro (medias do período)		
Período	Dólar EEUU	Ien xaponés
2018	1,181	130,41
2019	1,120	122,06
2020	1,141	121,78
Mar.2021	1,190	129,38
Xuñ.2021	1,205	132,63
Set.2021	1,177	129,66
% de apreciación sobre un ano antes		
2018	4,6	3,0
2019	-5,2	-6,4
2020	1,9	-0,2
Mar.2021	7,6	8,8
Xuñ.2021	7,0	9,5
Set.2021	-0,2	4,1

No que respecta aos mercados de divisas, en 2020 a evolución do tipo de cambio euro/dólar veu determinado en gran medida polos recortes dos tipos de intervención da Reserva Federal, que provocaron una apreciación do euro fronte ao dólar.

En 2021 o euro perdeu valor fronte o dólar debido a unha previsión dunha normalización máis rápida da política monetaria estadounidense. Deste xeito, entre xaneiro e outubro prodúcese unha depreciación dun 5,7%, cunha caída na cotización do dólar fronte ao euro dende o 1,23 dólares/euro ata o 1,16 dólares/euro

A moneda única non rexistrou variacións tan significativas fronte a outras moedas como o ién ou a libra esterlina.

Gráfico 6.: Mercados de divisas





Gráfico 7.: Mercados de divisas





O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

IV. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA.

IV.1. Introducción

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) ten por obxectivo xeral impulsar o crecemento económico fomentando un modelo de crecemento económico baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico e facendo da nosa Comunidade un territorio máis atractivo para traballar, investir e convivir.

Ademais, é unha ferramenta para impulsar e coordinar as distintas estratexias sectoriais da Xunta a medio prazo e ao mesmo tempo favorecer os valores diferenciais de Galicia promovendo a especialización, a calidade e a mellora do valor engadido dos seus produtos.

O Plan presenta catro características a destacar:

- A súa elaboración, execución e seguimento baséase nun modelo de asociación entre a Xunta e os diferentes axentes sociais da Comunidade Autónoma.
- Un deseño en base a unha lóxica de intervención empregando a teoría do cambio, é dicir os obxectivos estratéxicos indican o cambio que perseguen para dar resposta aos diferentes retos que enfronta a Comunidade Autónoma identificados a partir dun diagnóstico da situación socioeconómica.
- Presenta a finalidade de facilitar a reorientación dunha xestión pública autonómica encamiñada a resultados que se plasma nos plans e programas de gasto das distintas Consellerías e que recollen os obxectivos e indicadores do Plan.
- Conta cun plan de avaliación e seguimento que establece os compromisos de seguimento das actuacións e dos resultados acadados a través de indicadores de produtividade e de resultado, respectivamente. Así mesmo, establece a realización de avaliacións de determinadas políticas públicas durante a execución do Plan. O seguimento e avaliación do Plan permitiría propoñer a súa reformulación se fose preciso.

Para acadar os obxectivos centrais do PEG, desenvólense as prioridades de actuación e os obxectivos estratéxicos que se agrupan en catro eixes de actuación máis un instrumental. Ademais, o plan integra os principios horizontais de asociación e gobernanza, promoción da igualdade de homes e mulleres e non discriminación e desenvolvemento sustentable. Por outra parte, todo o plan constrúese coa finalidade de avanzar en catro obxectivos transversais que abranguen a todos os eixes de actuación:

- Colaborar a mudar a actual dinámica demográfica.
- Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.


- Fomento do emprendemento e internacionalización en todos os campos.
- Impulso da cultura da innovación.

En definitiva, o Plan Estratéxico está estruturado en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratéxico / obxectivo instrumental. O PEG consta de 5 eixes prioritarios, 20 prioridades de actuación, 74 obxectivos estratéxicos e 21 obxectivos instrumentais. Para a medición da realización acadada dos obxectivos operativos conta con 194 indicadores de produtividade clave, coa súa desagregación por xénero cando procede. Por outro lado, para a análise da consecución dos obxectivos previstos hai 135 indicadores de resultado.

O seguinte cadro mostra unha representación esquemática dos eixes, obxectivos transversais e principios horizontais da estratexia do PEG.

A representación esquemática da estrutura do plan sería a seguinte.

Gráfico 1: Estrutura do PEG



Fonte: Consellería de Facenda

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) vixente foi elaborado ao longo do ano 2015 con un período de vixencia de 5 anos ata o ano 2020, o plan pretende fomentar un modelo de crecemento económico baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico e facendo da nosa Comunidade un territorio máis atractivo para traballar, investir e convivir.

Na **segunda metade do ano 2019** comezaron os traballos para a **elaboración dun novo Plan Estratéxico** que tería como período de vixencia dende 2021 a 2030, desafortunadamente a crise producida pola Covid-19 retrasou parcialmente os traballos realizados, estes consistiron en dúas roldas de traballo, en xullo e decembro de 2019, cos principais axentes económicos e sociais, estruturados en 4 grupos e 18 mesas de traballo coa finalidade de identificar os principais retos aos que se enfronta Galicia na vindeira década e as principais liñas de actuación necesarias para acadalos.

Os **trazos básicos do novo Plan deseñado nesas mesas de traballo** foron os seguintes:

- Deseñar a Galicia do futuro poñendo no centro o reto demográfico que implicará deseñar e impulsar novas medidas de dinamización, pero tamén outras para garantir o benestar dunha sociedade máis avellentada.

- Dar un pulo ao modelo baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha sociedade moderna, competitiva, solidaria e cohesionada social e territorialmente, con altas taxas de emprego, aumentar a produtividade, posicionando os seus produtos por calidade e deseño; o que debe redundar en máis riqueza e benestar dos galegos.

- Favorecer os valores diferenciais de Galicia como factores de desenvolvemento entre os que destacan a lingua, a cultura e o medio ambiente, para facer de Galicia un lugar atractivo para traballar, investir e convivir.

- Mostrar unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do goberno, impulsar e coordinar as diferentes estratexias sectoriais da Xunta de Galicia a medio prazo.

As principais liñas estratéxicas do plan deben dar resposta aos retos e necesidades identificadas. As relacionadas co **RETO DEMOGRÁFICO** con medidas de dinamización, que priorizan o benestar e a calidade de vida das familias, prestando especial atención á mocidade e ás persoas maiores.

- Ia. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada.

- Ib. Promover unha educación inclusiva e de calidade.

- Ic. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias.

- Id. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade.

- Ie. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

En canto a acadar unha **GALICIA VERDE**, sustentable e respectuosa co patrimonio natural, as liñas estratéxicas estruturanse nas seguintes prioridades:

2a. Reducir as emisións de CO2 e as actividades que supoñen a contaminación do medio natural.

2b. Garantir unha mobilidade sustentable.

2c. Desenvolver medidas preventivas para paliar os efectos do cambio climático, consolidando o control e observación medioambiental, fortalecendo unha resposta integral ás necesidades da poboación e reducindo a súa vulnerabilidade, así como a das infraestruturas.

2d. Sensibilizar á sociedade e impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio.

No ámbito de conseguir unha **GALICIA MÁIS COMPETITIVA E INTELIXENTE**, mediante a innovación, a dixitalización, as infraestruturas produtivas e o apoio ás PEMES:

3a. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas.

3b. Impulsar unha sociedade dixital que redunde en beneficio dos cidadáns e as empresas.

3c. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento.

3d. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede.

3e. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo.

3f. Fomentar un turismo sustentable e de calidade.

Por último, acadar unha **GALICIA COHESIONADA SOCIAL E TERRITORIALMENTE**, artículase nas seguintes liñas:

4a. Facer que o crecemento chegue a toda a poboación, en especial ás persoas e familias máis desfavorecidos.

4b. Favorecer a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante e impulsar os servizos e prestacións á emigración galega.

4c. Potenciar a cultura como sector clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.

4d. Impulsar a cohesión territorial, desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.

Todas estas prioridades artículanse contando cunha unha administración máis moderna para un cidadán mellor informado e máis esixente, e que sexa eficiente, de calidade e transparente.

Os sucesos de marzo de 2020 cambiaron algún dos retos e das necesidades co-mo consecuencia da crise orixinada pola Covid-19, necesidades que non estaban contempladas nestas reunións previas ao inicio da pandemia, ademais as dificultades para prever con precisión a evolución da mesma desaconsellaron a elaboración dun Plan Estratéxico a longo prazo. A curto prazo a Xunta de Galicia presentou un Plan de re-activación e dinamización de Galicia para reactivar os sectores máis afectados pola pandemia e fortalecer a sanidade, os servizos sociais e o sistema educativo.

Como consecuencia do anterior, os orzamentos do ano 2021 e 2022 preséntanse en termos do PEG 2015-2020 prorrogado con adaptacións ás novas necesidades derivadas da Covid-19 como son a creación de obxectivos operativos en todos os obxectivos estratéxicos para dar cabida a actuacións extraordinarias derivadas das consecuencias da pandemia.

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS 2022 DO PLAN ESTRATÉXICO

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2022 rexeuse principalmente atendendo ás necesidades de reactivar a economía e atender ás necesidades das familias e empresas. Isto implica apostar pola cobertura das necesidades de funcionamento dos servizos públicos, especialmente no que se refire aos servizos máis afectados polas consecuencias da Covid 19 (Sanidade, Educación, política social,...), por xerar emprego e polas prioridades de investimento atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do PEG.

En efecto, realizouse un encaixe da estrutura orzamentaria co PEG aos efectos de priorizar investimentos segundo a lóxica de intervención establecida no Plan. Ademais, o PEG integra a programación de fondos europeos do período 2014-2020.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos retos establecidos no PEG a nivel rexional en materia de crecemento e converxencia económica, emprego, I+D+i, educación, inclusión, medio ambiente e dinamización demográfica, que a súa vez, inclúen e complementan os indicadores da Estratexia Europa 2020, ampliando o rango nalgún dos ámbitos.

O importe asignado no Orzamentos xerais para o ano 2022 ascende a 11.791,4 millóns de euros, cifra na que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (Programa de gasto 911A). A asimilación da orzamentación no 2022 á estrutura do PEG resúmese no cadro seguinte:

Cadro I: PEG 2015-2020 no Orzamento 2022

Eixes e Prioridades de actuación	Importe	% total	% eixe
E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	3.781.607.777	32,1	
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	266.529.479	2,3	7,0
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	306.650.489	2,6	8,1
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	395.173.891	3,4	10,4
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	329.455.468	2,8	8,7
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.483.798.450	21,1	65,7
E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	5.865.036.204	49,7	
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	4.616.568.121	39,2	78,7
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	577.216.639	4,9	9,8
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	475.742.734	4,0	8,1
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	154.532.176	1,3	2,6
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	40.976.534	0,3	0,7
E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	1.354.693.180	11,5	
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	751.996.048	6,4	55,5
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	108.736.235	0,9	8,0
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	126.027.362	1,1	9,3
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	243.537.042	2,1	18,0
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	124.396.493	1,1	9,2
E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	609.408.590	5,2	
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	310.710.862	2,6	51,0
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	61.208.727	0,5	10,0
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	237.489.001	2,0	39,0
E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	180.637.071	1,5	
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	14.580.882	0,1	8,1
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	166.056.189	1,4	91,9
Total	11.791.382.822	100,0	

Fonte: Consellería de Facenda

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á “Memoria de Obxectivos e Programas” contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos. Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores de produtividade asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e eficiencia das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos.

IV.3. EIXES DE ACTUACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG).

O orzamento do Plan Estratéxico de Galicia (en adiante PEG) para o ano 2022 ascende a 11.787,9 millóns de euros, importe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas-cas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A).

A distribución por eixes, manifesta unha vez máis, que son os gastos destinados á Benestar das persoas e as familias e á Cohesión social, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, xunto á mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación e o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes. Así mesmo recolle a promoción da igualdade de oportunidades dos homes e mulleres galegas, ofrecendo ás persoas que se atopan con especiais dificultades os recursos e servizos que lles garantan a súa inclusión social. Ascende este eixe a 5.865,0 millóns de euros, e representa o 49,7% do total do PEG.

En segundo lugar está a aposta pola empregabilidade e o crecemento intelixente, o eixe I, cun orzamento total de 3.781,6 millóns de euros, o 32,1% sobre o total. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitan integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento. Ademais destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, o apoio á artesanía, a regulación sectorial e a protección da competencia. Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas e dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda, son tamén prioridades de actuación neste eixo.

Atopa así mesmo reflexo neste eixe, os gastos dirixidos ao mercado de traballo, coa finalidade de aumentar a empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a través da formación e innovación constante. Por outro lado, minimizar o fracaso escolar e aliñarse en resultados coas rexións líderes de Europa en tódolos niveis e impulsar o SUG cara á excelencia, son os principais retos aos que ten que facer fronte o sistema educativo, prioridade de actuación (PA) que representa o 65,7% do eixe.

O eixe 3 destinado a impulsar un crecemento sustentable, ao territorio e á agricultura, montes e mar, presenta un orzamento de 1.354,7 millóns de euros, o 11,5% do total, céntrase fundamentalmente en fomentar un sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.

Tamén neste eixe se inclúen os gastos dirixidos a fomentar unha economía baixa en carbono e unha enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe.

A potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados e a conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e a cohesión territorial son prioridades de actuación dentro do eixe.

Por último, establécese o reto de pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.


O eixe 4 presenta un importe de 609,4 millóns de euros, o 5,2% do total. Inclúe a consolidación dun modelo de crecemento vinculado á economía dixital, a través da mellora no uso e na calidade das TICs e no acceso ás mesmas. Inclúese tamén neste eixe o orzamento para apoiar á industria cultural e de medios, como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información, así como para a conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia e o impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.

O eixe 5, alcanza os 180,6 millóns de euros e o 1,5% do orzamento. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración moderna, eficiente e de calidade, baseada nunha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público e unha administración transparente, eficiente e orientada a resultados.

Cadro 2: Distribución orzamento 2022 por eixes do PEG

Eixes	Importe	% total
E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	3.781.607.777	32,1
E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	5.865.036.204	49,7
E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	1.354.693.180	11,5
E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	609.408.590	5,2
E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	180.637.071	1,5
Total	11.791.382.822	100,0

Fonte: Consellería de Facenda
Gráfico 2: Distribución orzamento 2022 por eixes do PEG



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 1: EMPREGABILIDADE E CRECEMENTO INTELIXENTE.

Este eixe recolle un modelo integral de desenvolvemento para a modernización do sistema produtivo baseada na innovación e no coñecemento sen descoidar os sectores produtivos tradicionais.

As rexións europeas están obrigadas a competir en base á tecnoloxía, deseño e innovación de xeito continuado se non queren ver deslocalizada a súa produción a países de baixos prezos.

Para iso, debe implantarse a cultura da innovación en todos os eidos socioeconómicos de Galicia, de xeito que, a través dun proceso que non será inmediato, se normalice o proceso innovador como un máis dentro da cadea de produción, o que suporá unha auténtica revolución na formulación dos sistemas produtivos e de xestión e venda, pero tamén unha importante fonte de xeración de nichos de emprego agora inexistentes.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2022 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro IV:

- a) **PA I.I. Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento.**

As principais actuacións nesta PA son: o proxecto de impulso a centros tecnolóxicos e organismos de investigación que investirá 13,2 millóns de euros, o

proxecto de tecnoloxías cuánticas que investirá 12,0 millóns de euros xunto cun proxecto de comunicación cuántica por un importe de 6,2 millóns de euros, o programa de axudas PEME innova por un importe de 11,9 millóns de euros, actuación estratéxica para o desenvolvemento da Civil UAVS Initiative para a utilización de sistemas aéreos non tripulados no ámbito civil e para a mellora da prestación dos servizos públicos, todo elo no marco do impulso do sector aeronáutico de referencia europea en Galicia ao que se destinarán 9,3 millóns de euros, medidas de atracción de investimento privado con 15,9 millóns de euros e axudas ao emprendemento innovador con 7,8 millóns de euros. entre outros.

b) **PA 1.2. Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.**

As principais liñas de actuación serán a creación do fondo “transforma”, programa de apoio á recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional, mediante formulas de economía social, destinadas a remediar a grave perturbación que na economía galega provocou o gromo de COVID-19 con 30 millóns de euros, as liñas de préstamos do IGAPE con 28,0 millóns de euros, investimentos en activos físicos para o procesado, comercio e desenvolvemento de produtos agrícolas (19,5 millóns de euros), préstamos para o refinanciamento por un importe de 18 millóns de euros, as axudas ao investimento produtivo (16,1 millóns de euros) e axudas a emprendedores (15,0 millóns de euros).

c) **PA 1.3. Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.**

Entre as actuacións desta PA destacan as seguintes: contratación persoas mozas en organismos de investigación, ó que se destinarán máis de 13 millóns de euros., Promoción do emprego autónomo con máis de 12,0 millóns de euros, novas actuacións estratéxica autónomos, con 10,2 millóns de euros, programas de adquisición de experiencia para desempregados, aos que se dedicarán 10 millóns de euros, entre outros.

d) **PA 1.4. Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda.**

As principais actuacións contemplan accións para fortalecer a rede viaria de altas prestacións e a rede de estradas convencional e de conservación e mantemento da vialidade da rede de estradas. Realizaranse diversas obras na rede de estradas como a “Vía de altas prestacións Tui-A Guarda”, “conexión vía Ártabra coa AP-9”, “conversión en autovía do corredor Nadela - Sarria” “ Vía de alta capacidade da costa norte e melloras complementarias na AC862, AC556 e LU540”, “ AG59 A Ramallo-sa-A Estrada”, “Vía de alta capacidade BAIO-BERDOIAS”. No que respecta ás políticas de vivenda as actuacións máis importantes serán: programa

de rehabilitación enerxética de edificios con un importe de 9,7 millóns de euros, Programa Rexurbe con 9,2 millóns de euros, Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio e Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio ámbolos dous con 5,1 millóns de euros e o fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, ao que se destinarán 4,0 millóns de euros, entre outras.

e) **PA 1.5. Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia.**

Cómpre resaltar nesta PA as seguintes actuacións: programas de mellora da aprendizaxe e rendemento e programas de diversificación curricular, programa PROA (plan de reforzo, orientación e apoio), ciclos formativos de grao medio da formación profesional, actuacións de mellora da competencia dixital, creación de centros bilingües de FP, recoñecemento e acreditación de competencias profesionais, formación do profesorado de FP, axudas á gratuidade da educación especial, plan integral de aprendizaxe de idiomas estranxeiros, actividades formativas da Rede de Formación do Profesorado, desenvolver os cursos e os módulos profesionais náutico e marítimo-pesqueiro nos portos e nos centros de ensino oficiais, a posta en marcha das medidas do Plan de Formación Profesional para o sector agroforestal, plan para o fomento da educación dixital, mellora funcional, integración e sinalética dos centros públicos de ensino, reparacións, ampliacións e melloras nos centros públicos de ensino, construción de novos centros de ensino, mellora da eficiencia enerxética nos centros de ensino,


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2022 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 3: Gasto orzamentario 2022 Eixe I

E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	Importe	% total	% eixe
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	266.529.479	2,3	7,0
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	306.650.489	2,6	8,1
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	395.173.891	3,4	10,4
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	329.455.468	2,8	8,7
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.483.798.450	21,1	65,7
Total	3.781.607.777	32,1	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 3: Distribución gasto orzamento 2022 do Eixe I por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL.

O segundo eixe do plan estratéxico está centrado no benestar e na cohesión social, o reforzamento do sistema sanitario, os servizos sociais e garantir o acceso a unha vivenda digna. A crise económica e social derivada da pandemia, así como a dinámica demográfica de Galicia fan que a mellora das políticas de benestar e o apoio aos servizos de saúde sexan cada vez máis indispensables para mellorar a calidade de vida da poboación.

Do mesmo xeito as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a inverter a dinámica demográfica de Galicia.

Por último resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dos colectivos máis desfavorecidos e que están a sufrir especialmente as consecuencias da crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación e mediante o impulso das políticas de acceso á vivenda. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.

Mención especial compre facer ás políticas de igualdade que se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero debe estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción es-

pecíficas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2022 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro V:

a) **PA 2.1. Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.**

As actuacións máis relevantes en termos de gasto financeiro desta PA son, ademais dos gastos de persoal e os gastos en bens correntes e servizos asociados á actividade de atención primaria e hospitalaria, as “Urxencias sanitarias 061” (66,3 millóns de euros), “O Fondo de cohesión da actividade especializada” (33 millóns de euros), o “Fondo de continxencia do SERGAS” (22,8 millóns de euros), o “Programa de vacinación” (19 millóns de euros) e a prestación ortoprotésica nas distintas áreas sanitarias (15,5 millóns de euros), 66 actuacións de reformas, climatización, proxectos de enerxías renovables, etc. nos centros de saúde e 62 actuacións de equipamentos de bloques cirúrxicos, renovación de equipos de ecografía, obras de reformas ou proxectos de novas tecnoloxías, nos 14 centros hospitalarios e o desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS, permite dar cobertura a unha poboación de 2.638.730 persoas que se beneficia dos servizos dixitais de xestión de patoloxías crónicas ou outros servizos específicos na área da e-saúde, envellecemento activo e saudable, tendo en conta que poderá computarse unha mesma poboación máis dunha vez nun ano se resulta beneficiado por máis dun servizo. Ademais, calcúlase que haberá máis de 180.690 interconsultas electrónicas.

b) **PA 2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.**

En 2022 as partidas máis importantes pretenden incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia, a través dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, apoio á mobilidade persoal e teleasistencia avanzada, cos que se atende a algo máis de 103.000 persoas, das que as mulleres representan o (64%). É importante destacar o impulso, cos recursos do mecanismo europeo recuperación, á construción de residencias de persoas maiores co novo modelo asistencial e a remodelación dos centros de coidados de longa duración.

c) **PA 2.3. Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.**

As principais actuacións desta prioridade son o gasto en transporte e comedores escolares, o servizo de transporte integrado e as axudas pa-para adquisición de libros e material escolar, garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en

familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade, obxectivo que inclúe as medidas para a conciliación e dinamización demográfica, as escolas infantís e distintos proxectos de atención ás familias e aos menores.

Outras actuacións son un proxecto piloto de talento interxeracional, o fomento da conciliación e a corresponsabilidade e por último, actuacións de lecer e tempo libre e fomento de prácticas formativas para a mocidade.

d) **PA 2.4. Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero.**

Nesta PA as actuacións con maior importe son: a “Renda de Integración Social de Galicia”, ó que se destinarán máis 50 millóns de euros e coa que se pretende axudar a 7.200 persoas, axudas e subvencións en materia de servizos sociais e axudas extraordinarias e de inclusión para a redución da desigualdade, programas de inclusión social, plan concertado de prestacións sociais básicas, actuacións de inclusión sociolaboral e actuacións con colectivos vulnerables ou en situación de exclusión social.

Por outro lado, no obxectivo estratéxico relacionado coa emigración, as persoas galegas residentes no exterior retornadas e a promoción da inclusión social das persoas inmigrantes, prevese un total de 11.130 persoas retornadas e case 2.000 persoas inmigrantes, participantes en programas de inclusión social, ademais de axudar a 167 entidades galegas no exterior.

Outras actuación corresponden a medidas do pacto de Estado contra a violencia de xénero, as distintas axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero e as medidas de prevención e programa de autoemprego da muller (EMEGA).

e) **PA 2.5. Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.**

As liñas de actuación nesta PA promoverán axudas para facilitar o acceso á vivenda tanto en propiedade, como as de aluguer, prevención da exclusión residencial mediante o bo-no alugueiro, adquisición de solo adquirido e urbanización do mesmo e licitación para a construción de vivendas de promoción pública.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2022 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 4: Gasto orzamentario 2022 Eixe II

E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	Importe	% total	% eixe
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	4.616.568.121	39,2	78,7
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	577.216.639	4,9	9,8
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	475.742.734	4,0	8,1
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	154.532.176	1,3	2,6
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	40.976.534	0,3	0,7
Total	5.865.036.204	49,7	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 4: Distribución gasto orzamento 2022 do Eixe II por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

Este eixe ten como denominador común, a posta en valor do potencial medioambiental da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario como panca de crecemento.

O medio natural de Galicia, incluíndo as súas augas, constitúen un ben sen o que non se pode entender a nosa Comunidade Autónoma e que conta cun amplo percorrido de posibilidades para a súa posta en valor.

Por un lado, dende un punto de vista turístico, sector cun amplo futuro en continuo cambio, no que a nosa comunidade autónoma debe incidir nas súas fortalezas fronte os

principais destinos europeas. Por outro lado, no que atinxe a un sector agropecuario e forestal cun bo produto e amplo percorrido para xerar valor engadido en torno a el, o mesmo acontece coa pesca e a acuicultura e a industria transformadora.

Por último, Galicia produce o 10% da enerxía nacional. En consecuencia, as posibilidades das novas fontes de enerxía, abren un horizonte no que traballar para mellorar o mix enerxético e mesmo para crear unha industria en torno a determinadas enerxías renovables, tanto tradicionais como a eólica, como as novas liñas de traballo en torno á biomasa e outras renovables como a undimotriz, solar fotovoltaica ou xeotérmica.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2022 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro VI:

a) **PA 3.1. Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.**

En 2022 desenvolveranse, entre outras actuacións, investimentos en explotacións agrícolas, axudas a zonas con limitacións naturais (montaña), xestión sostible de pastos, primeira instalación de explotacións por persoas xoves, accións de planificación preventiva contra incendios forestais - reforzando as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais- así coma accións relacionadas coas catástrofes naturais, transformación dos produtos da pesca e da acuicultura, primeira instalación de xoves, axudas a zonas con limitacións naturais (montaña), investimentos produtivos na acuicultura, diversificación e modernización das empresas acuícolas, mellora de camiños, establecemento e mantemento de zonas forestais.

b) **PA 3.2. Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono**

As actuacións con maior importe financeiro da PA serán: desenvolver e xestionar o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, e desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade, actuacións en materia de autoconsumo e almacenamento eléctrico (máis de 8 millóns de euros) concederanse axudas a proxectos de enerxías renovables (máis de 5 millóns de euros); e levarase a cabo a implantación proxectos de biomasa no sector público (2,1 millóns de euros), levarase a cabo un plan para a mellora de eficiencia en vivendas (2,5 millóns de euros); realizaranse actuacións en materia de mobilidade sustentable (2,5 millóns); concederanse axudas de bono social para evitar cortes de subministro (2 millóns) entre as principais actuacións. Tamén se inverterá nos ecobarrios de A Coruña e Ourense (En Elviña e A Ponte respectivamente).

c) **PA 3.3. Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados.**

Neste terreo realizaranse actuacións de cara ao Xacobeo 2022, a promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia, actuarase sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e dos albergues.

d) **PA 3.4. Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial.**

As principais actuacións desta prioridade están relacionadas mellorar as infraestruturas e servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais, racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais, completar o planeamento xeral de toda a Comunidade Autónoma, e elaborar, coordinar, seguir e controlar as políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación, actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente" (7,7 millóns de euros), obras do plan urbe (5,5 millóns de euros), axudas Reserva da Biosfera (6,4 millóns de euros e dentro do mecanismo do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia), Proxecto Mil Ríos (3,6 millóns de euros).

e) **PA 3.5. Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.**

En 2022 desenvolveranse principalmente actuacións construción de novas plantas de biorresiduos (ao que se destinarán 20 millóns de euros), proxectos que contemplan actuacións específicas no eido medioambiental (12,5 millóns de euros). Por outra parte, o financiamento desta PA trata de garantir un acceso ós servizos básicos de abastecemento e saneamento e depuración os cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas e garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa, que permitirán o tratamento nas EDARes de Galicia de 217.600 m³/día de augas residuais cunha poboación adicional beneficiada de 12.485 persoas. A poboación beneficiaria das medidas de prevención das inundacións é de máis de 18.186 persoas.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2022 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 5: Gasto orzamentario 2022 Eixe III

E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	Importe	% total	% eixe
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	751.996.048	6,4	55,5
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	108.736.235	0,9	8,0
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	126.027.362	1,1	9,3
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	243.537.042	2,1	18,0
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	124.396.493	1,1	9,2
Total	1.354.693.180	11,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 5: Distribución gasto orzamento 2022 do Eixe III por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO.

A transición cara unha economía e sociedade dixital sitúase como un elemento transversal e fundamental para contribuír a dar resposta ás distintas prioridades estratéxicas de Galicia: demografía, medio ambiente e cambio climático, cohesión social e territorial e competitividade e innovación. Para iso, debe asegurarse que Galicia dispoña das persoas coa formación dixital necesaria para dar resposta á transformación dixital como protagonistas absolutos do cambio.

Ademais, e preciso promover a especialización tecnolóxica, como un factor necesario e imprescindible para competir nunha contorna dixital, fomentar a demanda de solucións dixitais que permitan a transformación dixital dos sectores público e privado como base para fomentar a competitividade e o crecemento, todo isto asegurando a aliñación estratéxica dos desafíos e necesidades do campo das TIC co establecido na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS) e na Estratexia Dixital de Galicia 2030 que está aliñada coas prioridades do novo marco europeo e busca situar a Comunidade como unha rexión de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúa a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sustentable nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Por outro lado, resulta estratéxico a dinamización e fomento da cultura galega, o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural.

O progreso de Galicia está vencellado co desenvolvemento da súa autonomía, polo que é preciso seguir impulsando as institucións autonómicas. É importante resaltar que a crise da COVID-19 está a ser un enorme desafío para Europa e todos os países e rexións. A UE e os seus Estados membros tiveron que adoptar medidas de emerxencia para protexer a saúde dos cidadáns e evitar o colapso da economía. Galicia atópase nun momento transcendental cara á próxima década, no que debe ofrecer respostas a crise e avanzar cara ás transicións dixital e ecolóxica, así como seguir investindo na cohesión social e territorial. Por iso, Galicia debe asumir un papel protagonista para contribuír aos obxectivos de Europa e para compensar a súa distancia dos centros de decisión e facer valer os intereses dos seus sectores produtivos e dos seus cidadáns.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2022 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro VII:

a) **PA 4.1. Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información.**

Os principais proxectos serán actividades culturais e de promoción e difusión cultural, axudas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual, á produción artística e en materia cultural, así como o financiamento de actividades do Centro Dramático Galego, do Centro Coreográfico Galego e do Centro Galego das Artes da Imaxe. Ademais recolle as transferencias ao Consorcio para a promoción da música, ao Consorcio de Santiago e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e proxectos de dixitalización dos servizos en diversos ámbitos de actuación da administración autonómica, así como de apoio ao desenvolvemento da sociedade da información.

b) **PA 4.2. Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia.**

Desenvolveranse actividades culturais e de promoción do libro e da lectura, o investimento en lotes fundacionais e adquisicións de fondos bibliográficos na rede de bibliotecas de Galicia, actuacións de promoción, xestión, adquisición e dirección de arquivos, investimentos e outros gastos en museos e en infraestruturas culturais, actuacións de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural e investimentos en bens do patrimonio cultural destinados ao uso social, programas de promoción do galego, campañas de normalización lingüística, cursos e actividades de formación e o financiamento de accións culturais e de investigación lingüística por parte da Real Academia Galega.

c) **PA 4.3. Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.**

Os principais gastos desta PA destínanse, ademais de a gastos de persoal e correntes de funcionamento, á asistencia xurídica gratuíta, á modernización da Administración de xustiza e a investimentos en distintas infraestruturas xudiciais e equipamentos nas mesmas, a actuacións ligadas ao operativo do CAE I I 2, o financiamento dos consorcios provinciais e comarcais contra incendios e a formación en materia de seguridade pública, as infraestruturas e equipamentos nos servizos de emerxencias e protección civil, así como a adquisición de infraestrutura tecnolóxica e equipamento do edificio de atención ás emerxencias.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2022 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 6: Gasto orzamentario 2022 Eixe IV

E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	Importe	% total	% eixe
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	310.710.862	2,6	51,0
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	61.208.727	0,5	10,0
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	237.489.001	2,0	39,0
Total	609.408.590	5,2	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 6: Distribución gasto orzamento 2022 do Eixe IV por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

EIXE 5. ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE.

Para acadar os anteriores obxectivos precisamos unha administración eficiente, moderna, flexible e transparente, que preste servizos públicos de calidade e axude a resolver os problemas dos cidadáns e das empresas.

Para iso, precísase un persoal comprometido que debe mellorar a súa formación continua, especialmente no que atinxe a adquisicións de destrezas no manexo das TIC; pero tamén unha administración moderna debe explorar novos sistemas para incentivar o rendemento e flexibilidade que recoñezan máis a quen máis valor aporta ao servizo público.

A xeneralización dos servizos públicos dixitais e do e-goberno, debe contribuír a acadar a excelencia na xestión, posibilitando importantes economías por substitución dos sistemas tradicionais baseados no papel, e por economías de escala.

Estas novas tecnoloxías xerarán novos requirimentos e perfís profesionais, mais tamén, deixarán obsoletos un volume aínda maior doutros oficios e traballos; por iso é precisa a flexibilidade no movemento dos equipos de traballadores.

A administración debe tamén actuar como exemplo e sector tractor das principais políticas antes enunciadas, dende a innovación, implementando a compra pública innovadora e converténdose nun axente innovador en si mesmo, ata a rehabilitación dos seus edificios administrativos e vivenda pública, pasando pola eficiencia enerxética, a normalización lingüística e o dominio das linguas estranxeiras, a internacionalización, a aplicación de

criterios de igualdade de xénero e non discriminación, a integración social e a protección da familia e a conciliación.

Para iso desenvolveranse as seguintes Prioridades de actuación cos seus correspondentes obxectivos instrumentais:

PA5.1. Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público.

As principais actuacións neste apartado serán accións formativas para os empregados e empregadas públicas e desenvolver e aplicar estratexias e políticas de persoal axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, así como gastos de acción social e da asesoría xurídica.

Espérase acadar a cifra de 12.980 participantes (persoal público) nas actividades de formación.

PA5.2.Administración financeira transparente, eficiente e orientada a resultados.

Entre outras, engloba actuacións de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión, de renovación e mellora das infraestruturas públicas co obxecto de acadar unha mellora na eficiencia enerxética, de garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica, de garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos e de reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.

Espérese acadar 74 adhesións á contratación centralizada e 85 contratos centralizados sobre o total de prestacións susceptibles de centralización. Por outra parte o número de usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/servizos de Administración electrónica ascenderán a 27.770. O número de auditorías relacionadas con Programas Operativos será de 128.


No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2022 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro 7 Gasto orzamentario 2022 Eixe V

E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	Importe	% total	% eixe
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	14.580.882	0,1	8,1
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	166.056.189	1,4	91,9
Total	180.637.071	1,5	100,0

Fonte: Consellería de Facenda

Gráfico 7: Distribución gasto orzamento 2022 do Eixe V por prioridades de actuación



Fonte: Consellería de Facenda

IV.4. A Política de Cohesión da Unión Europea 2021-2027

A política de cohesión é a principal política de investimento da Unión Europea. Contribúe a reforzar a cohesión económica, social e territorial e o seu obxectivo é corrixir os desequilibrios entre países e rexións, atendendo ás prioridades políticas da Unión, especialmente as transicións verde e dixital.

Para acadar estes obxectivos e abordar as diversas necesidades de desenvolvemento en todas as rexións da UE asignáronse, dentro do **Marco Financeiro Plurianual (MFP)**, 337.735 millóns de euros a prezos de 2018, case un terzo do mesmo.

A adopción definitiva do paquete lexislativo da política de cohesión para 2021-2027, polo Consello o 28 de maio, e a súa aprobación polo pleno do Parlamento Europeo, o 23 de xuño de 2021, marca a etapa final do procedemento lexislativo e permite a entrada en vigor da lexislación sobre cohesión o 1 de xullo.

A política de cohesión prestará apoio ás prioridades da Unión Europea concretadas en cinco obxectivos políticos:

- a) unha **Europa máis competitiva e intelixente**, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións;
- b) unha **Europa máis verde**, baixa en carbono, en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sustentable;
- c) unha **Europa máis conectada**, mellorando a mobilidade;
- d) unha **Europa máis social e inclusiva**, por medio da aplicación do alicerce europeo de dereitos sociais;
- e) unha **Europa máis próxima aos seus cidadáns**, fomentando o desenvolvemento integrado e sustentable de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

A política de cohesión desenvólvese a través dos seguintes fondos específicos:

○ **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** para investir no desenvolvemento social e económico de todas as rexións e cidades da UE, o **Fondo de Cohesión (FC)**, para investir no medio ambiente e transporte nos países menos prósperos da UE, o **Fondo Social Europeo Plus (FSE+)** para apoiar o emprego e crear unha sociedade xusta e socialmente inclusiva nos países da UE e o **Fondo de**

Transición Xusta (FTX) para apoiar ás rexións máis afectadas pola transición cara á neutralidade climática.

Os recursos para a cohesión económica, social e territorial dispoñibles para compromisos orzamentarios no período 2021-2027 dentro do marco financeiro plurianual ascenden a 330.235 millóns de euros en prezos de 2018, para o FEDER, o FSE+ e o Fondo de Cohesión, e a 7.500 millóns de euros en prezos de 2018 para o Fondo de Transición Xusta. Os recursos do FTX complétanse con 10.000 millóns de euros que constituirán ingresos externos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación (Next Generation-EU), e como tales, poñeranse a disposición no período 2021-2023. En definitiva, **os recursos totais da Política de Cohesión para o período 2021-2027 ascenden a 347.735 millóns de euros (prezos de 2018).**

Cadro 8: Recursos da Política de Cohesión 2021-2027 por tipo de fondo. Millóns de euros a prezos de 2018

Fondo	MFP	NGEU	TOTAL
FEDER	200.360		200.360
FSE+	87.319		87.319
Fondo de Cohesión	42.556		42.556
Fondo de Transición Xusta	7.500	10.000	17.500
TOTAL	337.735	10.000	347.735

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea

Ademais da perspectiva por tipo de fondo, os recursos do MFP para a política de cohesión destínanse a dous obxectivos: Inversión en emprego e crecemento e cooperación territorial europea (Interreg). Así, os recursos de MFP destinados ao **obxectivo «Investimento en emprego e crecemento»** ascenderán a un total de 339.685 millóns de euros (a prezos de 2018) e asignaranse do seguinte xeito:

Os recursos do FEDER e do FSE+ destinados a este obxectivo, asígnanse entre as seguintes **tres categorías de rexións** de nivel NUTS 2, determinándose a clasificación das rexións en función da relación entre o PIB per cápita de cada rexión, medido en niveis de poder adquisitivo e calculado sobre a base das cifras da Unión correspondentes ao período 2015-2017, e o PIB medio per cápita da UE-27 no mesmo período de referencia:

- 202.227 millóns EUR para as **rexións menos desenvolvidas**, aquelas cuxo PIB per cápita sexa inferior ao 75% do PIB medio per cápita da UE-27;
- 47.772 millóns EUR para as **rexións en transición**, que teñen un PIB per cápita entre o 75% e o 100% do PIB medio per cápita da UE-27;
- 27.203 millóns EUR para as **rexións máis desenvolvidas**, aquelas que superan o 100 % do PIB medio per cápita da UE-27;

Ademais,


d) 42.556 millóns EUR para os Estados membros que reciben axudas do **Fondo de Cohesión** (dos que 10.000 millóns EUR destinaranse ao Mecanismo «Conectar Europa»);

e) 1.928 millóns EUR en concepto de financiamento adicional para as **rexións ultraperiféricas**;

f) 500 millóns EUR para **investimentos interregionales en innovación**.

g) 17.500 millóns EUR para o **Fondo de Transición Xusta** (7.500 do MFP e 10.000 millóns de euros procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación).

Mapa 1. Clasificación das rexións europeas por categorías no período 2021-2027



Fonte: Comisión Europea

Por outro lado, os recursos procedentes do FEDER correspondentes á **obxectivo «Cooperación territorial europea»** ascenderán a un total de 8.050 millóns EUR e asignaranse como segue:

- a) 5.812 millóns EUR para a cooperación transfronteiriza marítima e terrestre;
- b) 1.466 millóns EUR para a cooperación transnacional;
- c) 490 millóns EUR para a cooperación interregional;
- d) 281 millóns EUR para a cooperación coas rexións ultraperiféricas.

Cadro 9: Recursos da Política de Cohesión 2021-2027 por obxectivo. Millóns de euros a prezos de 2018

Obxectivos	MFP	NGEU	TOTAL
Obxectivo de inversión en emprego e crecemento	329.685	10.000	339.685
Rexións menos desenvolvidas	202.227		202.227
Rexións en transición	47.772		47.772
Rexións máis desenvolvidas	27.203		27.203
Fondo de Cohesión	42.556		42.556
Financiamento adicional rexión ultraperiféricas	1.928		1.928
Inversións interrexionais en innovación	500		500
Fondo de Transición Xusta	7.500	10.000	17.500
Obxectivo de Cooperación Territorial	8.050		8.050
Cooperación transfronteiriza	5.812		5.812
Cooperación transnacional	1.466		1.466
Cooperación interrexional	490		490
Cooperación coas rexións ultraperiféricas	281		281
TOTAL	337.735	10.000	347.735

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea

A asignación financeira que recibirá **España** dentro dos recursos da Política de Cohesión, ascende a **32.178 millóns de euros (prezos de 2018)**, o que representa un 9,5 do total da UE. Dos fondos FEDER e FSE+ disporá do 10,7% (21.492 M€) e 11,3% (9.896 M€) do total, respectivamente, mentres que do Fondo Transición Xusta correspóndelle o 4,5% (790 M€). Por outro lado, hai que ter en conta que a renda nacional bruta per cápita de España, medida en niveis de poder adquisitivo, supera o 92% da media da UE-27, e polo tanto, España non é perceptor da axuda do Fondo de Cohesión.

Recentemente, o Ministerio de Hacienda e Función Pública comunicou a asignación por comunidade autónoma dos fondos europeos da política de cohesión para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento (FEDER, FSE e FTX).

Galicia ten asignado un montante global de 2.896 millóns de euros a prezos de 2018 (3.261 millóns de euros a prezos correntes), distribuídos do seguinte xeito:

- a) 1.892 millóns EUR do FEDER a prezos de 2018, que non inclúe a territorialización dos recursos asociados ao obxectivo de cooperación territorial europea.

b) 903 millóns EUR para o FSE+ a prezos de 2018, que representa o 32,3% do total dos fondos estruturais (FEDER e FSE+).

c) 101 millóns EUR do Fondo de Transición Xusta asignados ao territorio da provincia da Coruña, a prezos de 2018.

En definitiva, **a asignación a Galicia dos fondos estruturais (FEDER e FSE+), para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento, é de 2.795 millóns de euros** (3.150 M€ a prezos correntes). En termos absolutos, é tras Andalucía a comunidade autónoma que recibe máis fondos.

O tramo rexional, correspondente á xestión da CA de Galicia na devandita asignación, é do 44,1%, o que significa que se programarán 834 millóns no programa operativo FEDER de Galicia 2021-2027 (940 M€ a prezos correntes) e 398 millóns de euros no programa operativo FSE+ de Galicia 2021-2027 (449 M€ a prezos correntes).

Respecto ao anterior período 2014-2020, no que os recursos asignados a Galicia ascenderon a 2.930 M€ a prezos correntes do período 2014-2020 (FEDER, FSE, Iniciativa de Emprego Xuvenil e FEAD) e a Xunta xestionou o 44,3% dos mesmos, tanto a asignación global como o montante xestionado pola Xunta no período 2021-2027 presentará un descenso próximo ao 5%.

En termos per cápita, Galicia recibirá 1.034€ por habitante para o conxunto do período 2021-2027 a prezos de 2018, un 59% superior á media do conxunto do Estado, e un 62,5% superior á media das rexións en transición.


Cadro 10: Asignación territorial dos recursos da P. Cohesión 21-27 para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento

Tipoloxía de rexión	Comunidade autónoma	Asignación total prezos 2018 (M€)	Tramo rexional	Tramo Adm. Xeral do Estado	Poboación (millóns persoas)	Asignación per cápita € prezos 2018
Menos desenvolvidas	Estremadura	2.418	1.344	1.381	1,062	2.277
Menos desenvolvidas	Andalucía	11.277	5.535	7.175	8,478	1.330
Menos desenvolvidas	Cidade Autónoma de Melilla	96	45	63	0,084	1.134
Transición	Canarias	2.471	1.157	1.628	2,237	1.105
Menos desenvolvidas	Castela-a Mancha	2.182	1.069	1.390	2,046	1.067
Transición	Galicia	2.795	1.389	1.761	2,703	1.034
Menos desenvolvidas	Cidade Autónoma de Ceuta	87	40	58	0,084	1.034
Transición	Región de Murcia	1.092	508	723	1,505	726
	ESPAÑA	30.781	16.165	18.527	47,333	650
Transición	Principado de Asturias	518	395	189	1,019	509
Transición	Castilla y León	1.069	525	680	2,401	445
Transición	Comunidad Valenciana	2.194	1.063	1.410	5,029	436
Transición	Illes Balears	430	251	234	1,211	355
Transición	Cantabria	165	116	70	0,582	283
Transición	La Rioja	85	59	37	0,316	270
Máis desenvolvidas	Aragón	320	223	138	1,330	241
Máis desenvolvidas	Cataluña	1.821	1.241	811	7,652	238
Máis desenvolvidas	Comunidad de Madrid	1.309	892	583	6,747	194
Máis desenvolvidas	País Vasco	353	245	153	2,189	161
Máis desenvolvidas	Comunidad Foral de Navarra	98	68	43	0,657	150

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Hacienda y Función Pública

Deste xeito, reciben máis financiamento por habitante que Galicia, as rexións menos desenvolvidas, salvo Ceuta que é similar, e Canarias, que recibe un financiamento adicional por ser rexión ultraperiférica.

Mapa 2. Asignación territorial por habitante dos recursos da Política de Cohesión 21-27 para o obxectivo de inversión en emprego e crecemento



Os fondos da Política de Cohesión

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

O FEDER ten por obxecto reforzar a cohesión económica, social e territorial na Unión Europea corrixindo os desequilibrios entre as súas rexións. En 2021-2027, permitirá investir nunha Europa máis intelixente, máis ecolóxica, máis conectada e máis social que esta máis preto dos seus cidadáns.

O FEDER financia programas en réxime de responsabilidade compartida entre a Comisión Europea e as autoridades nacionais e rexionais dos Estados membros. As administracións dos Estados membros elixen que proxectos financiar e asumen a responsabilidade da súa xestión.

No período 2021-2027 e de conformidade cos obxectivos políticos da UE, o fondo apoiará os seguintes obxectivos específicos:

- O desenvolvemento e mellora das capacidades de investigación e innovación, o apoio ás pequenas e medianas empresas, o desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e así como a dixitalización e a conectividade dixital.

- O fomento da eficiencia enerxética e as enerxías renovables; a adaptación ao cambio climático; a resiliencia e a prevención do risco de catástrofes; o fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible; o fomento da transición cara unha economía circular e eficiente no uso dos recursos; o fomento da protección e conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas; por último, o fomento da mobilidade urbana multimodal sostible.

- O desenvolvemento e reforzo dunha mobilidade sostible, resiliente, intelixente e intermodal.


- Os obxectivos relacionados cunha Europa máis social, apoiando, fundamentalmente mediante infraestruturas, o emprego efectivo e integrador, a educación, as capacidades, a inclusión social e a igualdade de acceso á asistencia sanitaria, así como a mellora do papel da cultura e o turismo sostible.

- O fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo en zonas urbanas e non urbanas.

En base ao seu grao de desenvolvemento, todas as rexións e Estados membros concentrarán o apoio nunha Europa máis competitiva e intelixente (obxectivo político — OP 1), así como nunha transición máis ecolóxica e con baixas emisións de carbono cara a unha economía neutra desde o punto de vista do clima e unha Europa resiliente (OP2). No caso de Galicia, deberá asignar como mínimo, o 40 % dos seus recursos do FEDER ao OP 1, e, como mínimo, o 30 % ao OP 2.


Ademais, todas as rexións e Estados membros tamén concentrarán polo menos o 8% da súa asignación ao desenvolvemento urbano, e tamén se espera que as operacións no marco do FEDER contribúan co 30 % da dotación financeira global aos obxectivos climáticos.

Gráfico 8. Asignación por habitante e país dos recursos FEDER (sen cooperación territorial)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea

Mapa 3. Asignación por habitante e país dos recursos FEDER



Fondo Social Europeo Plus (FSE+)

O novo FSE+ seguirá sendo o principal instrumento da UE para investir nas persoas: abordar as consecuencias socioeconómicas da pandemia de COVID-19, promover altos niveis de emprego, construír protección social e desenvolver unha forza laboral capacitada e resiliente lista para a transición a unha economía verde e dixital.

Cos recursos dispoñibles para o FSE+ se apoiará a implementación do Piar Europeo de Dereitos Sociais, proclamado conxuntamente polo Consello, o Parlamento Europeo e a Comisión, como a folla de ruta da UE para responder aos desafíos sociais en Europa. Así, o FSE+ axudará ás persoas, ás rexións e aos Estados membros a afrontar distintos retos, desde a recuperación da pandemia actual ata o cumprimento dos obxectivos da UE en materia de emprego, inclusión social, educación e clima.

O FSE+ integra o antigo Fondo Social Europeo (FSE), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (YEI), o Fondo de Axuda Europea para os Máis Desfavorecidos (FEAD) e o Programa da UE para o Emprego e a Innovación Social (EaSI), o que permite utilizar os fondos da maneira máis eficiente e coherente posible. Investirá nas seguintes áreas prioritarias:

- Apoiar á mocidade que se veu particularmente afectada pola crise da COVID-19, deste xeito, os recursos do FSE+ axudarán a que atopen unha cualificación, un traballo de boa calidade e a mellorar a súa educación e formación.

- Axudar aos nenos necesitados mediante a asignación de recursos do FSE+ a accións específicas para combater a pobreza infantil e apoiar aos máis vulnerables da sociedade que sofren perdas de emprego e redución de ingresos, incluída a provisión de alimentos e asistencia material básica aos máis desfavorecidos.

- Capacitar ás persoas para a transición a unha economía verde e dixital.

- Crear capacidade para interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil.


- Cooperación transnacional para promover a innovación social na UE.

- Apoio directo pola Comisión Europea á innovación social no marco do capítulo Emprego e Innovación Social (EaSI).

No que se refire á concentración temática, os Estados membros asignarán polo menos o 25 % dos seus recursos do capítulo do FSE+ en réxime de xestión compartida, aos obxectivos específicos relacionados co ámbito estratéxico da inclusión social. Ademais, un mínimo do 5 % dos seus recursos para apoiar as accións específicas e as reformas estruturais necesarias para loitar contra a pobreza infantil. Por último, asignarase polo menos un 3% a facer fronte á privación material mediante alimentos e/ou a prestación de asistencia


material básica ás persoas máis desfavorecidas, en particular aos menores, e establecer medidas de acompañamento que apoien a súa inclusión social.

Gráfico 9: Asignación por habitante e país dos recursos FSE+



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea


Mapa 4: Asignación por habitante e país dos recursos FSE+



O Fondo de Cohesión (FC)


O Fondo de Cohesión creouse co obxectivo de reforzar a cohesión económica, social e territorial da Unión con vistas a fomentar o desenvolvemento sustentable. Está destinado aos Estados membros cuxa renda nacional bruta (RNB) per cápita é inferior ao 90 % da renda media da UE no período de referencia 2015-2017: Bulgaria, Chequia, Chipre, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Portugal e Romanía.

Gráfico 10: Asignación por habitante e país do Fondo de Cohesión



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea

Mapa 5. Asignación por habitante e país do Fondo de Cohesión




Este fondo proporcionará axuda para investimentos no medio ambiente, en particular as relacionadas co desenvolvemento sustentable e a enerxía que presenten beneficios para o medio ambiente, con especial atención nas enerxías renovables e investimentos na Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T), así como na asistencia técnica e información, comunicación e estudos.

Fondo de Transición Xusta (FTX)

○ Fondo de Transición Xusta é un instrumento clave para apoiar aos territorios máis afectados pola transición cara á neutralidade climática, proporcionándolles un apoio a medida. Aplícase en réxime de xestión compartida, no marco xeral da política de cohesión.


○ Fondo mitigará os custos socioeconómicos provocados pola transición climática, apoiando a diversificación económica e a reconversión dos territorios afectados. Isto implica o apoio aos investimentos produtivos en pequenas e medianas empresas, a creación de novas empresas, a investigación e a innovación, a rehabilitación ambiental, a enerxía limpa, a mellora das capacidades e a reciclaxe dos traballadores, a asistencia na procura de emprego e programas de inclusión activa dos solicitantes de emprego, así como a transformación das actuais instalacións con altas emisións de carbono, cando estes investimentos dean lugar a importantes recortes de emisións e á protección do emprego.

Gráfico 11: Asignación por habitante e país do Fondo de Transición Xusta



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea

Mapa 5. Asignación por habitante e país do Fondo de Transición Xusta



IV.5. Alíñamento dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

No pasado exercicio 2021 presentouse por primeira vez a vinculación dos Orzamentos da Comunidade Autónoma aos 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030. Continuando coa labor iniciada o ano anterior, incorpórase de novo aos orzamentos do ano 2022 un informe de alíñamento, que permite valorar como contribuírán as partidas orzamentarias á consecución dos obxectivos marcados polas Nacións Unidas. Este informe preséntase xunto co informe do Impacto na Infancia.

Gráfico 12: Obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos por Nacións Unidas



Fonte: Nacións Unidas

O principal obxectivo do informe é reflectir a relación entre os 17 ODS e as políticas e programas orzamentarios previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022.

O Informe circunscribese ás entidades con orzamento limitativo e refírese aos estados de gastos dos Orzamentos consolidados. Ademais, realízase en termos de políticas e programas de gasto. En concreto, levouse a cabo o alíñamento de máis de 2.300 proxectos, recollidos en 113 programas de gasto (a excepción do 911A de “Amortización e gastos financeiros da débeda pública), clasificados á súa vez nas 20 prioridades de actuación do Plan Estratéxico de Galicia.

Os tres alicerces que sustentan o Desenvolvemento Sustentable son o crecemento económico inclusivo, o benestar e xustiza social e a protección do medio ambiente. Estes tres alicerces enmárcanse ademais nunha dimensión institucional, configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas ao logro dos obxectivos da Axenda 2030.

Cada unha das dimensións concentra por tanto varios ODS dos 17 previstos da Axenda 2030.

Gráfico 13: Dimensións diferenciadas dentro do conxunto dos ODS



Fonte: Nacións Unidas

Unha vez diferenciadas as catro dimensións fundamentais nas que se basea o desenvolvemento sustentable, lévese a cabo unha análise de cada unha delas, amosando as prioridades de actuación e os programas de gasto vinculados a cada unha, cos seus importes correspondentes.

Dentro do análise de cada dimensión, realízase unha avaliación máis detallada de cada un dos ODS, tendo en conta as principais metas que establecen as Nacións Unidas para á consecución dos obxectivos, así coma un pequeno diagnóstico da situación actual de Galicia en cada ámbito de actuación.

No que se refire aos principais resultados, o 95% do orzamento está aliñado cos ODS, un 69% na dimensión social, un 16% na económica, o 8% na medioambiental e un 2% na institucional.

Cadro 11: Aliñamento dos orzamentos 2022 coas dimensións da Axenda 2030

	Orzamento	% sobre o total
Dimensión Social	8.168.755.468	69%
Dimensión económica	1.889.487.539	16%
Dimensión medioambiental	977.039.040	8%
Dimensión institucional	220.222.751	2%
Non aliñado	535.878.024	5%
	11.791.382.822	

Fonte: Consellería de Facenda

Se temos en conta cada un dos ODS, o reparto do orzamento quedaría da seguinte maneira:

Cadro 12: Reparto do orzamento entre os 17 ODS

	Obxectivos de desenvolvemento sustentable	Orzamento 2022	% sobre o total
	1. Fin da pobreza	73.782.509	0,6%
	2. Fame cero, nutrición e agricultura sustentable	55.932.019	0,5%
	3. Vida saudable e benestar	4.531.996.826	38,4%
	4. Educación de calidade	2.630.368.293	22,3%
	5. Igualdade de xénero	38.753.478	0,3%
	6. Auga limpa e saneamento	68.710.442	0,6%
	7. Enerxía asequible e sustentable	100.192.174	0,8%
	8. Traballo decente e crecemento económico	981.408.712	8,3%
	9. Industria, innovación e infraestruturas	908.078.827	7,7%
	10. Redución das desigualdades	837.922.343	7,1%
	11. Cidades e comunidades sustentables	292.393.232	2,5%
	12. Produción e consumo responsables	36.658.504	0,3%
	13. Acción polo clima	195.947.214	1,7%
	14. Vida submarina	94.115.304	0,8%
	15. Vida dos ecosistemas terrestres	189.022.170	1,6%
	16. Paz, xustiza e institucións sólidas	207.392.926	1,8%
	17. Alianzas para cumprir os obxectivos	12.829.825	0,1%
	Non aliñado	535.878.024	4,5%
	Total	11.791.382.822	

Fonte: Consellería de Facenda

O ODS 3, relacionado coa vida saudable e o benestar, é o ODS que concentra a maior contía respecto do total (máis dun 38%), seguido polo ODS 4 relacionado coa educación e a formación (máis dun 22%), ambos ODS pertencentes á dimensión social.

IV.6. Distribución por Consellerías e Organismos estatutarios.

O cadro recollido de seguido mostra as variacións do orzamento consolidado da administración xeral, no que se refire ao gasto non financeiro.


En termos absolutos, as consellerías de maior peso seguen a ser as que desenvolven as grandes políticas de gasto correspondentes a prestación de servizos públicos básicos

como sanidade, educación e cultura e política social. A tendencia é que estas consellerías sigan gañando peso, dado o seu carácter básico.

Con todo, neste exercicio a consellería que mais medra respecto ao orzamento consolidado e consolidable (neto da transferencia extraordinaria do Estado) é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, cun 23,4% froito da aportación de fondos Next Generation. As seguintes que mais medran son a Consellería de Política Social, nun 14,2% e a Consellería de Emprego e Igualdade nun 10,5%. Tamén destaca o cada vez menor peso da débeda pública, que baixa mais dun 25%, o que é indicativo dunha política de endebedamento controlada e san, que nos permite destinar cada vez menos recursos no pago de xuros, e polo tanto destinar estes a financiar políticas de gasto.

As consellerías mais grandes crecen en xeral en torno a media, o 6,9%. Así a Consellería de Sanidade medra un 6,2% e a de Cultura, Educación e Universidade un 6,9%. Por enriba sitúase a Consellería de Política social que medra un 14,2% como xa se comentou anteriormente. Con todo, as diferencias en termos absolutos mais grandes concéntranse nestas consellerías, Sanidade medra 269 millóns de euros, Cultura, Educación e Universidade 177 millóns e Política Social 115 millóns de euros.

En canto aos entes instrumentais medra a Axencia de Turismo de Galicia nun 27,2% por mor do Xacobeo, a Axencia Galega de Innovación nun 20,6%, a Axencia Galega de Modernización un 11,3%, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural nun 25,6% e o Instituto Galego de Vivenda e Solo nun 28,9% e sobre todo o Instituto Enerxético de Galicia nun 87,4%. Todas elas son beneficiarias do acervo investidor, de xeito que a maioría recibe fondos para financiar proxectos de reactivación, tanto fondos REACT-EU como novos provenientes do MRR.



	2021	2021C	2022	DIFERENCIA	TV 21/20
01 - PARLAMENTO	20.477	20.477	20.646	169	0,8%
02 - CONSELLO DE CONTAS	7.811	7.811	7.923	111	1,4%
03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	2.783	2.783	2.842	59	2,1%
04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	61.536	54.559	60.832	6.273	11,5%
303.04 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	186.236	181.236	201.751	20.515	11,3%
TOTAL PRESIDENCIA	247.772	235.796	262.583	26.788	11,4%
05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO	268.589	263.280	265.075	1.794	0,7%
105.05 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.162	3.162	3.229	67	2,1%
306.05 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	112.477	99.094	126.027	26.934	27,2%
402.05 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.197	8.197	8.207	10	0,1%
TOTAL VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA	392.425	373.733	402.538	28.805	7,7%
06 - VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN	54.263	54.233	53.748	-485	-0,9%
107.06 - INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	6.779	6.773	6.803	29	0,4%
304.06 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	120.229	120.129	144.920	24.791	20,6%
310.06 - AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	23.510	23.499	16.877	-6.622	-28,2%
405.06 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	130.058	120.058	104.161	-15.897	-13,2%
407.06 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	38.675	28.666	53.720	25.054	87,4%
TOTAL VICEPRESIDENCIA SEGUNDA	373.515	353.359	380.230	26.871	7,6%
07 - CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	25.836	25.836	26.505	669	2,6%
101.07 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.048	4.048	4.183	136	3,4%
102.06 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.581	4.581	4.677	96	2,1%
305.06 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	15.728	15.728	15.871	142	0,9%
404.06 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.000	1.000	1.038	38	3,8%
TOTAL FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	51.193	51.193	52.274	1.081	2,1%
08 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA	113.632	113.403	133.627	20.224	17,8%
111.08 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	3.656	3.652	5.597	1.945	53,3%
201.08 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	95.514	95.479	123.041	27.562	28,9%
TOTAL MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA	212.802	212.534	262.265	49.731	23,4%
09 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	209.170	204.121	194.807	-9.314	-4,6%
302.09 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	254.738	244.738	270.895	26.156	10,7%
TOTAL INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	463.908	448.859	465.702	16.843	3,8%
10 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	2.674.528	2.552.027	2.729.298	177.271	6,9%
301.10 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	21.941	21.941	22.186	244	1,1%
TOTAL CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE	2.696.469	2.573.968	2.751.484	177.516	6,9%
1.11 - CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	393.055	379.949	420.617	40.667	10,7%
110.11 - INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	6.553	6.523	6.616	94	1,4%
411.11 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.224	1.224	1.272	47	3,9%
TOTAL EMPREGO E IGUALDADE	400.832	387.697	428.505	40.808	10,5%
12 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	94.040	82.771	88.126	5.356	6,5%
103 - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	4.462.112	4.208.280	4.471.061	262.781	6,2%
308.12 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE	3.508	3.508	3.735	227	6,5%
309.12 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	27.403	25.418	25.786	368	1,4%
TOTAL SANIDADE	4.587.063	4.319.976	4.588.708	268.732	6,2%
13 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	881.601	798.834	914.282	115.448	14,5%
307.13 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	14.647	13.910	14.032	122	0,9%
TOTAL POLÍTICA SOCIAL	896.248	812.744	928.314	115.569	14,2%
14 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	455.570	451.016	467.921	16.905	3,7%
203.14 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	43.340	43.336	65.129	21.793	50,3%
408.14 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	40.595	37.590	47.203	9.614	25,6%
409.14 - AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA	40.802	40.772	41.929	1.157	2,8%
TOTAL MEDIO RURAL	580.307	572.713	622.182	49.469	8,6%
15 - CONSELLERÍA DO MAR	183.778	183.678	190.315	6.637	3,6%
410.15 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	3.894	3.861	3.861	0	0,0%
TOTAL MAR	187.672	187.539	194.176	6.637	3,5%
20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.136	2.136	2.171	35	1,6%
21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	127.058	127.058	135.714	8.656	6,8%
22 - DÉBIDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	99.500	99.500	74.000	-25.500	-25,6%
23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	212.984	87.984	45.107	-42.877	-48,7%
TOTAL GASTO NO FINANCIERO	11.562.954	10.877.860	11.627.363	749.503	6,9%



ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2022

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2022

V.1. Grandes cifras

V.1.1. Evolución do Sistema de Financiamento. Teito de gasto e Capacidade de gasto

A crise sanitaria provocada pola COVID-19 puxo a proba as finanzas e a capacidade de xestión de tódolos niveis de administración pública, en especial o autonómico, que soportan a meirande parte do gasto en servizos públicos básicos e unha parte moi importante no vencellado ao fomento da actividade económica.

Neste sentido, o dito gasto en servizos públicos é, na súa meirande parte, estrutural e moi estable, e cunha tendencia ao crecemento como consecuencia do envellecemento da poboación, en cambio o mesmo finansiase, fundamentalmente, cun sistema de financiamento autonómico que evoluciona segundo o ciclo económico, e que polo tanto, non está deseñado para reaccionar ante crises de tal magnitude, como xa se evidenciara nos anos 2008 e 2009.

Neste sentido, o peso dos recursos do sistema de financiamento autonómico dentro do total de recursos non financeiros, con carácter xeral, supoñen en torno ao 80% dos ingresos non financeiros totais, non obstante, neste orzamento debido aos fondos Next Generation UE baixan ata o 71%.

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento que se inclúen no proxecto de orzamentos en base ás contías recollidas no proxecto de Lei de PGE, que coinciden coas comunicadas de xeito provisional tralo CPFF e xa incorporados ao teito de gasto.

No ano 2022 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico diminuírá nun -2,8% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior.

No que atinxe ás entregas a conta do ano 2022 o seu importe experimenta unha variación dun 6,9% respecto ao ano anterior, recollendo os froitos da recuperación, principalmente debido ao incremento das entregas do Fondo de Suficiencia, do IRPF e do Fondo de Garantía, xa que medran respectivamente nun 16,8%, 9,7% e nun 8,5%. En cambio, as entregas relativas ao IVE e aos IIEE de Fabricación crecen de forma moito máis modesta, arredor do 2%.

En canto á liquidación do ano 2020 a estimación provisional comunicada polo Ministerio é dunha liquidación negativa por importe de -367,6 M€, como consecuencia da forte caída que experimentou a recadación tributaria nese ano por mor da pandemia, principalmente no IVE e nos IIEE, xa que a liquidación negativa soamente polos ditos conceptos para Galicia ascende a -479,4 M€.

Isto suporía 743,9 M€ menos que os recursos recibidos no ano 2021 en concepto de liquidación, xa que neste ano a mesma foi positiva por un importe de 376,3 M€. Este efecto reflicte as claras o impacto extraordinario da crise COVID no sistema de financiamento no ano 2020.

Ademais, a liquidación anual do sistema de financiamento hai que axustala como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009, e que ascenden a -84,8 millóns de euros. Por tanto, o saldo total da liquidación de anos anteriores do sistema de financiamento sería no exercicio orzamentario 2022 ata os -452,4 M€.

Para compensar o deterioro do financiamento autonómico no ano 2020, e non prexudicar o apoio fiscal á recuperación en cernes, o Pleno do Consejo de Política Fiscal y Financiera acordou na súa reunión do día 28 de xullo de 2021 dotar as CCAA cunha transferencia extraordinaria polo importe estimado da liquidación negativa, de modo que esta quede neutralizada, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia recibirá o vindeiro ano unha transferencia extraordinaria de 367,5 M€ para compensar o impacto da súa liquidación negativa.

Ademais no ano 2022 o Estado compensará, 3 anos despois de cando debera, o importe deixado de abonar indebidamente no ano 2019 como consecuencia da implantación no IVE no ano 2017 do Suministro inmediato de información. A dita compensación producírase grazas a que Galicia, e outras CCAA, acudiron aos tribunais para reclamar o dito importe, de modo que tras o fallo favorable do Tribunal Supremo no pasado mes de maio que recoñece o dereito de Galicia a ser compensada pola mensualidade do IVE de 2017 –máis os xuros de demora- no Consello de Política fiscal e Financeira acordouse indemnizar a todas as CCAA por este concepto. Este ingreso extraordinario, estimado en 211 millóns de euros máis os ditos xuros, colaborará parcialmente a paliar a merma da liquidación do SFA, e a desaparición dos fondos extraordinarios COVID.

Por outra parte, as transferencias finalistas doutras administracións crecen de forma moi importante respecto ao exercicio anterior nun 24,4%. Estas proceden basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos.

No que atinxe aos fondos europeos estímase un crecemento dun 31,5%. Isto débese fundamentalmente á inclusión no ano 2022 duns recursos adicionais procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) establecido no Regulamento (UE) 2021/241, co gallo de facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da COVID-19. O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia. A previsión é que a Galicia lle correspondan entomo a 507,7 millóns para o ano 2022.

Tamén, neste ano 2022 inclúense outros recursos adicionais procedente dun Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) establecido no Regulamento (UE) 2020/2094 del Consejo co obxectivo de afrontar as repercusións da crise da COVID-19 e as súas consecuencias no sector agrícola e nas zonas rurais. Os ditos fondos se incorporan para a súa xestión no PDR 2014-2020 e contarán cun 100% de financiación UE.

Por outra banda, no ano 2021 dentro dos fondos europeos orzamentouse un novo instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma, propostas na Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coronavirus (IIRC) e a Iniciativa de Inversión en Resposta ao Coronavirus Plus (IIRC+). Para o ano 2021 a estimación que se fixo para Galicia destes recursos foi de 430 millóns de euros, agora se recolle a programación destes recursos para 2022 que se estima en 249 millóns de euros.

En canto ao resto dos fondos europeos estímase unha baixa dun 1,7% debido á finalización dos recursos do período 14-20 e de que aínda non se dispoñen das contías que poderá xestionar a Xunta de Galicia no vindeiro período 21-27.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, este incrementábase nun 12,4% respecto ao exercicio anterior fundamentalmente polo incremento das contías do nivel mínimo de protección garantido pola Administración Xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do SAAD pola Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, así como da repartición estimada dos fondos de emprego segundo as cantidades distribuídas para Galicia na Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego, celebrada o día 27 de abril de 2021, e a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais do 28 de abril de 2021.

Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais o seu importe incrementábase nun 16,3%, é dicir, o mesmo importe previsto no teito de gasto salvo polo impacto dos beneficios fiscais previstos para o ano 2022, tanto no Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) como no xogo, cun impacto estimado de 16,7 millóns de euros.


A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o ITP-AXD, o Imposto sobre sucesións e doazóns e o Imposto sobre o Patrimonio, xa que estes 3 impostos representan máis da metade desta partida. De modo que a principal causa do aumento destes recursos débese á forte recuperación que se espera no ITP-AXD, en liña coa da evolución da actividade económica, cunha repunta esperada tanto no número de operacións como no valor delas.

Evolución Sistema de Financiamento autonómico

Na gráfica seguinte recolleemos a evolución dos ingresos do SFA durante os anos de vixencia do actual sistema (dende 2009), unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir nas contías que foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2. (dende 2011 se está a deducir a liquidación negativa fraccionada dos exercicios 2008 e 2009).

Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao PIB, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidacións que vencellan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación.

Gráfico VII. Galicia. Ingresos do sistema de financiamento e PIB.




O descalabro do PIB no 2020 e o mantemento dos ingresos do sistema xa anticipaba a forte liquidación negativa que se prevé recibir no ano 2022, e que no caso de Galicia estimase en -367,5 millóns de euros.

Como pode ollarse os ingresos derivados do sistema de financiamento no ano 2022, de non ser pola compensación da liquidación negativa do ano 2020, volverían aos niveis do ano 2019.

Cadro XV. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.


	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Sistema de financiamento	6.736	7.034	7.412	7.673	7.974	7.849	7.627
Compensación liquidación negativa 2020							368
TOTAL	6.736	7.034	7.412	7.673	7.974	7.849	7.995
Variación absoluta	503	298	379	260	302	-125	146
Porcentaxe variación	8,1%	4,4%	5,4%	3,5%	3,9%	-1,6%	1,9%

Gráfica VIII. Galicia. Evolución dos ingresos a conta e do PIB nominal.



O cálculo das entregas a conta mostra un crecemento tendencial con certa relación coa evolución da economía. Malia que no período observado houbo dous grandes axustes tributarios, un a alza no 2012 e outro á baixa no 2015, axustes que alteran esa correlación.

Gráfica IX. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento



No que atinxe ás liquidacións, estas mostran unha evolución discordante coa do PIB do exercicio corrente, que mellora cando a comparamos co PIB do exercicio n-2 ao que fan referencia, que é o que se recolle na gráfica. O montante negativo de 2011 se corresponde co primeiro pago da liquidación negativa de 2008.

A forte baixa do exercicio 2019 mostra a sensible merma da liquidación de 2017, pola non compensación da implantación do SII no IVE.


Aínda así, as disparidades que xorden entre as liquidacións e o PIB do exercicio n-2 derivan do acerto na estimación dos ingresos a conta e do funcionamento dos fondos de nivelación e cooperación que operan cunha lóxica diferente á evolución do PIB. Agás, a anomalía de 2019, as restantes liquidacións so se separan da evolución do PIB n-2 pola entrada de novas comunidades nos fondos de cooperación, que agora renden menos ao se repartir entre máis beneficiarios.

O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi autorizado polo Consello da Xunta o día 29 de xullo e estableceuse en 11.571 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2022 é de 11.627 millóns de euros, montante que supera o devandito teito, en aplicación do disposto no artigo 12.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que autoriza a superar o límite aprobado nas variacións nos ingresos do sistema de financiamento ou dos fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de PGE, como neste caso ocorreu, xa que o gasto non financeiro incluído no proxecto de lei de orzamentos incorpora 73,1 millóns de euros adicionais aos previstos no límite aprobado en xullo pola inclusión de novos fondos do MRR, e redúcese a baixa en 16,7 millóns de

euros polo impacto das baixadas de tributación no ITP-AXD e no xogo. O que deixa o límite de gasto non financeiro en 11.627 millóns de euros.

Cadro XV. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros



De seguido pasamos a analizar as principais masas financeiras do orzamento consolidado e a súa comparación coas contas do ano 2021. Os orzamentos de 2021 estiveron marcados por unha situación de crise sanitaria a nivel mundial motivada pola irrupción do virus COVID-19, polo que os recursos que sustentaron as políticas de gasto recollidas nas contas do 2021 tiveron unhas características especiais motivadas pola realidade que conforma esta crise sanitaria.


Así no ano 2021 o Goberno de España transfire un fondo extraordinario non consolidable de 13.486 millóns de euros destinado a financiar os gastos extraordinarios motivados po-la pandemia. Este fondo é financiado con endebedamento extraordinario.

En función da información transmitida no Consello de Política Fiscal e Financeira, Galicia orzamentou o dito fondo con 685 millóns de euros o pasado ano, resultado de aplicar o 1,1% ao PIB estimado de Galicia para 2021.

Todo isto fai necesario homoxeneizar as cifras inicialmente aprobadas nese exercicio co fin de proporcionar un marco axeitado de análise que permita realizar comparacións co orzamento de 2022. Esta homoxeneización permite visualizar o incremento do gasto consolidable nas contas autónomas.

Como sempre, a efectos comparativos en series longas, recóllese o orzamento minorado en exercicios anteriores coa participación dos concellos nos tributos do estado e as primas da pac do FEAGA.

Gráfico X. Evolución do gasto non financeiro consolidado do orzamento en millóns de euros.



O gasto non financeiro consolidado de 2022 supón unha suba do 6,9% en relación ao orzamento de 2021 (sen ter en conta os fondos Covid), en termos absolutos 749,5 millóns de euros.

Os ingresos financeiros aumentan en máis de 900 millóns de euros.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2022 ascenden a 13.117,9 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 11.260,42 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 1.857,52 millóns de euros, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro XVI. Cadro de ingresos do orzamento consolidado.miles de euros

Distribución económica								
			Variación 2022/2021		Valor Relativo			
			C					
Capítulos	2021	2021 Consolidable	2022	Importe	% 2021 C	2021 C	2022	
I Impostos directos	2.747.988	2.747.988	2.843.932	95.944	3,5	21,6	21,7	
II Impostos indirectos	3.337.412	3.337.412	3.094.325	-243.087	-7,3	26,3	23,6	
III Taxas, prezos e outros ingresos	171.582	171.582	173.358	1.777	1,0	1,3	1,3	
IV Transferencias correntes	3.702.638	3.017.544	3.737.917	720.373	23,9	23,7	28,5	
V Ingresos patrimoniais	6.996	6.996	22.899	15.902	227,3	0,1	0,2	
OPERACIÓNS CORRENTES	9.966.617	9.281.522	9.872.431	590.909	6,4	73,0	75,3	
VI Alieamento de investimentos reais	4.961	4.961	8.451	3.490	70,3	0,0	0,1	
VII Transferencias de capital	1.039.296	1.039.296	1.379.542	340.245	32,7	8,2	10,5	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.044.257	1.044.257	1.387.993	343.735	32,9	8,2	10,6	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	11.010.874	10.325.779	11.260.424	934.645	9,1	81,2	85,8	
VIII Activos financeiros	25.110	25.110	94.684	69.574	277,1	0,2	0,7	
IX Pasivos financeiros	2.360.521	2.360.521	1.762.840	-597.682	-25,3	18,6	13,4	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.385.632	2.385.632	1.857.524	-528.107	-22,1	18,8	14,2	
Total	13.396.506	12.711.411	13.117.948	406.537	3,2	100,0	100,0	

O total de ingresos non financeiros crece respecto ao importe do ano anterior consolidable en 934,6 millóns de euros máis, un 9,1% máis. Este incremento débese por unha parte a un incremento dos ingresos correntes nun 6,4% e ao incremento do 32,9% que experimentan os ingresos de capital.

O incremento dos ingresos correntes explícase entre outras causas polo incremento do total de recursos procedentes do sistema de financiación autonómica, un 1,9% respecto as partidas consignadas no orzamento do ano anterior e que se debe ao efecto combinado do cálculo das entregas a conta, a liquidación do exercicio 2020, ao pago das contías adiadas das liquidacións negativas de 2008 e 2009 e a compensación extraordinaria pola liquidación negativa do 2020.

En canto aos ingresos de capital o incremento de 343,7 millóns de euros explícase pola inclusión nas transferencias de capital doutros ingresos dentro dos Fondos do Next Generation , os correspondentes ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) por importe de 400,5 millóns de euros.

En canto aos ingresos financeiros a minoración nun 22,1% débese, principalmente, ao diminución da necesidade de financiamento no exercicio 2022 respecto ao 2021, pasando dun 1,1% do PIB a un 0,6%.

Aumento do gasto non financeiro nun 7%

O gasto consolidado para 2022 acada a suma de 13.177,9 millóns de euros, 11.627,3 corresponden a gasto non financeiro e 1.490,5 a gasto financeiro, co detalle que mostra a seguinte táboa

Cadro XVII. Cadro de gasto do orzamento consolidado.

Distribución económica								
			Variación 2022/2021		Valor Relativo			
			C					
Capítulos	2021	2021 Consolidable	2022	Importe	%	2021 C	2022	
I Gastos de persoal	4.305.902	4.123.572	4.327.397	203.824	4,9	32,4	33,0	
II Gastos en bens correntes e servizos	2.012.895	1.854.132	1.983.876	129.744	7,0	14,6	15,1	
III Gastos financeiros	99.905	99.905	74.469	-25.437	-25,5	0,8	0,6	
IV Transferencias correntes	2.595.833	2.524.927	2.641.743	116.816	4,6	19,9	20,1	
OPERACIÓNS CORRENTES	9.014.535	8.602.537	9.027.485	424.948	4,9	67,7	68,8	
V Fondo de continxencia	45.417	45.417	45.417	0	-	0,4	0,3	
VI Investimentos reais	1.534.666	1.307.339	1.441.946	134.607	10,3	10,3	11,0	
VII Transferencias de capital	968.336	922.567	1.112.516	189.949	20,6	7,3	8,5	
OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.503.002	2.229.905	2.554.461	324.556	14,6	17,5	19,5	
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	11.562.954	10.877.860	11.627.363	749.503	6,9	85,6	88,6	
VIII Activos financeiros	243.624	243.624	220.367	-23.257	-9,5	1,9	1,7	
IX Pasivos financeiros	1.589.928	1.589.928	1.270.218	-319.709	-20,1	12,5	9,7	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.833.551	1.833.551	1.490.585	-342.966	-18,7	14,4	11,4	
Total	13.396.506	12.711.411	13.117.948	406.537	3,2	100,0	100,0	

O gasto non financeiro aumenta en 749,5 millóns de euros, o que supón unha variación dun 6,9%, os cales se destinarán tanto a sanidade, educación e servizos sociais en canto ao gasto corrente que aumenta un 5% como a desenvolver a estratexia Next Generation Galicia, apoiando aos sectores produtivos estratéxicos, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, internacionalizado e sustentable.

Mellora o aforro neto grazas á uns maiores ingresos correntes e aos aforros de custe financeiro

Nestes orzamentos o aforro bruto acada os 844,9 millóns de euros manténdose como o ano anterior nos niveis máis altos da última década,. En concreto o aforro bruto increméntase nun 24,4% respecto ao orzamento consolidado do 2021. Isto ocorre porque os ingresos correntes crecen un 6,4% mentres que os gastos aumentan un 4,9%.

Débese ter en conta a importante caída que experimentan os gastos financeiros, 25,4 millóns de euros, o que supón un 25,5% menos que o ano anterior, no que xa se reducirán de xeito importante

Cadro XVIII. Aforro Bruto e primario por operacións correntes. Orzamento consolidado. Miles €

Conta Financeira				
Operacións Correntes	2021 C	2022	Var. 2022/2021C	
			Importe	%
Ingresos	9.281.522	9.872.431	590.909	6,4
Impostos directos	2.747.988	2.843.932	95.944	3,5
Impostos indirectos	3.337.412	3.094.325	-243.087	-7,3
Taxas, prezos e outros ingresos	171.582	173.358	1.777	1,0
Transferencias correntes	3.017.544	3.737.917	720.373	23,9
Ingresos patrimoniais	6.996	22.899	15.902	227,3
Gastos	8.602.537	9.027.485	424.948	4,9
Gastos de persoal	4.123.572	4.327.397	203.824	4,9
Gastos en bens correntes e servizos	1.854.132	1.983.876	129.744	7,0
Gastos financeiros	99.905	74.469	-25.437	-25,5
Transferencias correntes	2.524.927	2.641.743	116.816	4,6
Aforro bruto	678.985	844.946	165.962	24,4
Gastos financeiros	99.905	74.469	-25.437	-25,5
Aforro neto	579.080	770.478	191.398	33,1

Mantense a formación de capital: 2.554 millóns de euros de gastos de capital.

A formación de capital do próximo orzamento mantense en niveis similares aos do ano anterior acadando os 1.166 millóns de euros. Isto é así porque os gastos de capital medran súa intensidade respecto ao ano 2021 acadando os 2.554 millóns de euros, un 14,6% mais

A maior parte de dos mesmos fináncianse tanto cos ingresos de 1.387,9 millóns de euros, o que supón un incremento dun 32,9%, explicado fundamentalmente pola inclusión dos Fondos Next Generation tanto REACT-UE como MRR, como co aforro bruto por importe de 845 millóns de euros. O resto finánciase a través da necesidade de financiamento.

Cadro XIX. Formación de capital

Operacións de Capital	2021C	2022	Var. 2022/2021C	
			Importe	%
Ingresos	1.044.257	1.387.993	343.735	32,9
Alleamento de investimentos reais	4.961	8.451	3.490	70,3
Transferencias de capital	1.039.296	1.379.542	340.245	32,7
Gastos	2.229.905	2.554.461	324.556	14,6
Investimentos reais	1.307.339	1.441.946	134.607	10,3
Transferencias de capital	922.567	1.112.516	189.949	20,6
Formación de Capital	1.185.648	1.166.468	-19.180	-1,6
Fondo de continxencia	45.417	45.417	0	0,0
Necesidade de Financiamento	-552.080	-366.939	185.141	-33,5

O fondo de continxencia mantense nos 45,4 millóns de euros

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, incrementouse no orzamento do 2021 para facer fronte as posibles necesidades non previstas dadas as importantes incertezas que e enfrontaban. Este ano 2022 a dotación mantense nos mesmos 45,4 millóns que se dotaron no exercicio anterior. .

A necesidade de financiamento acada os 367 millóns de euros

Nos orzamentos de 2022 a necesidade de financiamento é de 367 millóns de euros, 185 millóns menos que o ano anterior. Se temos en conta os axuste de contabilidade nacional a necesidade de financiamento aumenta ata os 408 millóns de euros..

Os axustes de contabilidade nacional diminúen en 8 millóns de euros principalmente polo aumento do axuste negativo relativo as outras unidade consideradas administracións públicas en 11 millóns de euros, que se compensan coa diminución no axuste negativo da recadación incerta (diferencia entre a recadación líquida e os dereitos recoñecidos netos en cada exercicio) e o aumento en dos millóns en outros axustes con carácter positivo

O saldo destes axustes corresponde á devolución das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009. Pola contra, outros gastos que non afectan aos orzamentos, modulan a través destes axustes o resultado orzamentario (como o resultado das achegas a entes instrumentais da comunidade autónoma agás a achega á CRTVG considerada un gasto financeiro no orzamento e que se deduce como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional)

A necesidade de financiamento deste exercicio orzamentario diminúe respecto ao ano anterior fundamentalmente porque o obxectivo de estabilidade para o 2021 foi dun 1,1% mentres o do ano 2022 fixouse nun 0,6%, en ambos casos establecidos como taxa de referencia

Cadro XX Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2021C	2022	Var. 2022/2021C	
			Importe	%
Ingresos Correntes	9.282	9.872	591	6,4
Gastos Correntes	8.603	9.027	425	4,9
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	679	845	166	24,4
Fondo de continxencia	45	45	0	0,0
Ingresos de Capital	1.044	1.388	344	32,9
Gastos de Capital	2.230	2.554	325	14,6
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-1.186	-1.166	19	-1,6
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO	-552	-367	185	-33,5
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-92	-103	-11	12,0
Recadación incerta	-34	-31	3	-9,4
Intereses devindicados	1		-1	-100,0
Outros axustes	6	8	1	17,2
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-33	-41	-8	24,4
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	-585	-408	177	-30,2

V.1.2. Principais Políticas de Gasto Priorizadas no Orzamento 2022


Se ben, como se ten indicado o gasto non financeiro consolidado aumenta no 6,9%, o orzamento total crece o 3,2% respecto ao orzamento consolidable de 2021 por mor da diminución do importe das operacións financeiras.

As políticas de gasto social polo xeral que garanten a seguridade sanitaria e a asistencia son, como é lóxico as que mais recursos concentran debido ao alto custo dos servizos sociais que se prestan e a súa vocación universal. Estas políticas abranguen a Sanidade, a Educación, a Política Social e o Emprego. O 84% do aumento do gasto non financeiro por funcións de gasto, que alcanza os 610,4 millóns de euros vai destinada a elas.

Estes servizos que se brindaron durante a crise gañando peso na estrutura de gasto mantéñense na actualidade debido a súa importancia para paliar os efectos da mesma nas persoas, nas familias en os traballadores. Deste xeito a suma de gasto en sanidade, educación, política social e emprego mantense en preto do 74% sobre o total de gasto non financeiro.

A composición das dotacións orzamentarias destas políticas de gasto obsérvase no seguinte gráfico.

Gráfico XI. Variación gasto non financeiro principais políticas de gasto social por funcións orzamentarias



Dentro das funcións de acción social e promoción social, non so se atopan as partidas da consellería de Política Social senón que tamén se contemplan outras desenvolvidas noutras seccións orzamentarias como emigración ou igualdade. Así, as políticas de igualdade medran un 13% . Do mesmo xeito, os servizos sociais relativos as migracións medran un 15% para continuar co desenvolvemento do plan e as oficinas de retomo, así como o sistema de bolsas de excelencia á mocidade no exterior e o reforzo as axudas a os galegos do exterior máis desfavorecidos..

En canto ás políticas de emprego estas acadan un importe de 395,1 millóns de euros aumentando 26,9 millóns o que supón un incremento de 7,3% respecto ao ano anterior.


V.1.3. Financiamento autonómico da Administración Local, investimento en I+D+i e financiamento das universidades.

A dotación ao fondo de cooperación local que acada en 2022 os 135,7 millóns de euros, estará formado polo fondo base de 112,9 millóns de euros, 9,7 millóns de euros do ano 2020 da liquidación de exercicios anteriores, e case 13 millóns de euros de fondo adicional, o que supón un incremento dun 45,2% respecto ao orzamento do ano anterior, isto é debido fundamentalmente a que, como medida extraordinario o próximo exercicio, non se teñen en conta as liquidacións do ano 2020 do IRPF, IVE e IIEE, que supoñen en conxunto un importe negativo de 433,76 millóns de euros. De haberse tido en conta as ditas liquidacións dentro do total de ingresos dos capítulos I, II e III da Administración xeral da Xunta de Galicia o importe do fondo adicional sería case 10 millóns de euros inferior.

Deste modo a comunidade autónoma volve a garantir o financiamento das entidades locais, xa que durante a anterior crise xa lles mantivo un financiamento estable, compen-

sádoas con axustes nos orzamentos das consellerías, de aí o montante estable do fondo base. Dende o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos Concellos, a Xunta garantiu un chan de FCL que pasou a denominarse fondo base e se reparte en base a os criterios fixados ata entón, por iso, a dotación ao FCL non baixou no período 2012-2015 a pesar de que o nivel de recadación dos tributos dos capítulos I a III non se recuperou ata o ano 2016, o que implicaría unha asignación inferior ao fondo.

Gráfico XII. Evolución Fondo Cooperación Local 2015-2022




En canto ao reparto do fondo adicional, na subcomisión permanente do réxime económico e financeiro da comisión de cooperación local acordouse xunto coa FEGAMP repartir o fondo adicional en función dos seguintes items de gasto compartido: os gastos de funcionamento dos concellos con centros de saúde, os gastos de funcionamento dos servizos de emerxencia supramunicipais, os gastos de limpeza das faixas de biomasa para a prevención de lumes, os gastos de funcionamento dos conservatorios de grao medio de titularidade municipal, aos concellos que teñan institucións penitenciarias no seu termo municipal, os gastos derivados da participación do plan de extinción de niños de velutina, os gastos en motobombas contra incendios e en camións para a recollida de lixo sostibles e no mantemento do estímulo financeiro aos municipios que se fusionen.

Existen ademais outros programas importantes non recollidos nas listaxes anteriores como os vencellados á I+D+i, á innovación e á modernización que desenvolven liñas básicas de crecemento do PEG.

Como pode apreciarse na gráfica seguinte o gasto en I+D de 2022 e mais do dobre no primeiro ano do PEG, 2015, compre salientar ademais os crecementos do 18% do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica e do 22% en investigación universitaria

Grafica.XII Evolución do gasto en I+D 15-22



Por último, polo que respecta ao financiamento das universidades no ano 2022 entrará en vigor o novo Plan galego de Financiamento Universitario 2022-2026, no cal partino do Plan anterior, realízanse unha serie de axustes para perfeccionar o seu funcionamento.

Neste sentido incorpórase un subfondo non condicionado de gasto de funcionamento, tanto de gasto corrente como de gasto de capital, co fin de financiar os gastos estruturais das Universidades, de modo que reciban un financiamento estable que lles permita facer fronte aos seus gastos estruturais.

E tamén se inclúe neste Plan un novo subfondo, tamén dentro do financiamento non condicionado, dotado no ano 2022 cuns 14 millóns de euros, denominado de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que se reparte en base ao cumprimento de obxectivos cuantitativos e cualitativos, tanto no eido académico investigador e docente como no eido financeiro.


No cadro seguinte amósanse as distintas masas e subfondos do novo Plan de Financiamento universitario:

Cadro XXI. Evolución masas e subfondos PGFU

MASAS	SUBFONDOS	Criterio Evolución
FINANCIAMENTO INCONDICIONADO	1. ESTÁNDAR	Masa salarial
	2.1 SERGAS	Masa salarial
	2.2 INEF personal	
	3. INEF funcionamento	Deflactor PIB
	4. SUBFONDO GASTO CORRENTE INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	5. SUBFONDO GASTO DE CAPITAL INCONDICIONADO	Deflactor PIB
	6. COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS E COMPENSACIÓN POR MATRÍCULAS	Complementos vixentes
	7. COSTES ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO DO SUG	Constante agás o ACSUG (masa salarial)
	8. TOTAL PANEL DE INDICADORES	PIB real
	9. SUBFONDO DE MELLORA	5% de 1, 4 y 5
TOTAL		
FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	10. FOMENTO I+D+I E TRANSFERENCIA	Dobre da taxa de referencia do crecemento do PIB
	11. FONDOS EUROPEOS	PO FEDER/FSE
	12. I+D+I (Cap II)	Constante
TOTAL		
FINANCIAMENTO TOTAL SUG		

E a gráfica seguinte amosa o importante incremento dos recursos dedicados ao financiamento das Universidades experimentado no ano 2022, cun aumento de case 25 millóns de euros, un 5,6% respecto ao ano anterior.

Gráfica XIII. Plan de Financiamento Universitario 2016-2022




V.1.4. Gasto con perspectiva territorial

O orzamento 2022 conta tamén cunha perspectiva territorial, que refire a todas as partidas de gasto agás as financeiras. (capítulos de gasto 3, 8, 9)

Así, unha vez deducido o gasto financeiro, o correspondente aos servizos centrais, é dicir, aqueles gastos asociados aos servizos prestados desde as sedes administrativas da Xunta situadas no Concello de Santiago, e o gasto cun ámbito superior ao provincial, a distribución provincial do gasto explica o 90,6% do gasto non financeiro, algo mais de catro puntos respecto ao orzamento anterior.

A distribución dese gasto por habitante e por provincias é a seguinte: A Coruña 3.760 euros por habitante, Lugo 4.926 euros por habitante, Ourense 4.809 euros por habitante e Pontevedra 3.584 euros por habitante.

Gráfico XIII . Distribución territorial do gasto





SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI. SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

VI.1. Regras fiscais e orzamento 2022

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos elaborou un escenario financeiro para o vindeiro 2022, que concreta as dispoñibilidades financeiras para a elaboración do orzamento da Comunidade Autónoma e que se adaptará á taxa de referencia de déficit para as comunidades autónomas sometida a informe do Consello de Política Fiscal e Financeira, e que se concretou no teito de gasto aprobado o 29 de xullo polo Consello da Xunta.

A principios de marzo de 2020 as Cortes Generales aprobaron os obxectivos de estabilidade e débeda para o trienio 2021-2023, de modo que para o ano 2021 se establecía para as CCAA un obxectivo de déficit dun -0,1%, e dun 0% para o 2022. Non obstante como consecuencia da crise sanitaria os ditos obxectivos finalmente ían quedar suspendidos.

Como é sabido, con posterioridade o 20 de marzo a Comisión europea activaba a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento, a mesma permite unha desviación temporal respecto da traxectoria de axuste cara ao obxectivo orzamentario a medio prazo, sempre que a dita desviación non poña en perigo a sostibilidade financeira a medio prazo. En agosto a Comisión reiterou que o vindeiro ano tamén segue activa a cláusula xeral de salvagarda.

De seguido o 5 de outubro no Consello de Política Fiscal e Financeira o Ministerio de Hacienda informou ás CCAA de que se suspendían as regras fiscais para os anos 2020 e 2021.

En concreto mediante o Acordo do Consejo de Ministros do día seguinte o Goberno decidiu suspender os obxectivos de estabilidade e de débeda para 2020 e para o trienio 2021-2023 aprobados polas Cortes Generales en marzo de 2020, que quedaron anulados e non se aprobaron uns obxectivos novos.

O Congreso dos Deputados ratificou o 20 de outubro de 2020 dito acordo do Consello de Ministros no que tamén se solicitaba a cámara baixa a apreciación de que España está sufrindo unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, aos efectos previstos nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, de modo que quedaron suspendidos definitivamente tanto o límite de déficit estrutural como o de volume de débeda pública.

Polo que respecta ao 2022, o 27 de xullo de 2021 o Consejo de Ministros acordou manter a suspensión das regras fiscais enmarcándose esta medida na decisión da Comisión Europea de manter a cláusula de salvagarda tamén para o 2022. Posteriormente, o 13 de setembro o Congreso dos Diputados ratificou esta suspensión

Non obstante, aínda que se suspenderon as regras fiscais o Consejo de Ministros fixou taxas de referencia de déficit para os distintos subsectores quedando a dita taxa para as comunidades autónomas nun 0,6%.

Na elaboración destes orzamentos a Comunidade Autónoma de Galicia empregou todo o potencial de crecemento dos ingresos maximizando a súa capacidade de gasto ao máximo. Deste xeito a necesidade de financiamento do 2022 fixouse no 06,% do PIB, isto é 408 millóns de euros.

En canto a débeda pública, a taxa de referencia fixada para as CCAA do 0,6% tamén actúa como límite de débeda xa que representa o importe máximo que o Estado vai financiar ás CCAA.

Polo tanto o endebedamento neto do vindeiro exercicio se determinará por unha parte polo importe das cantidades a reintegrar como consecuencia das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009 (85 millóns de euros) e, por outra parte, pola necesidade de financiamento do orzamento consolidado (408 millóns de euros), resultando unha necesidade de endebedamento total de 493 millóns de euros.

Polo que se refire a regra de gasto, regulada no artigo 12 da Lei 2/2011 do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira ao establecer que “a variación do gasto computable do sector público autonómico non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo que informe cada ano o Consello de Política Fiscal e Financeira”, o Goberno do Estado tamén decidiu suspender a súa aplicación de xeito coherente co establecido para das regras fiscais agás os prazos fixados para o periodo medio de pagamento das administracións públicas,

Con todo, a suspensión das regras fiscais non supón de ningunha maneira a desaparición da responsabilidade fiscal, e así a LOEPSF continúa plenamente vixente, e polo tanto seguirán co mesmo rigor, as tarefas de supervisión e seguimento que corresponden á Administración General del Estado. Continúan sendo por tanto de aplicación as medidas preventivas, correctivas e coercitivas.

VI.1.1. Límite de débeda.

Son dous os límites operativos que serven para fixar o límite da débeda no presente orzamento:

A taxa de referencia de déficit que marca o límite máximo de necesidade de endebedamento en termos de contabilidade nacional fixada para o 2022 nun 0,6% do PIB, esta se corresponde con 408 millóns de euros.

O límite de débeda congruente coa anterior taxa, que é o importe máximo de endebedamento que pode acadar a comunidade autónoma para 2022. Este límite será a débeda consolidada a finais de 2021 máis a necesidade de endebedamento derivada da taxa de referencia anterior (408 millóns de euros) máis o importe correspondente á devolución das liquidación negativas do sistema de financiamento autonómico correspondentes a 2008 e 2009 (85 millóns de euros), en total 493 millóns de euros como amosa o cadro adxunto.

A evolución do volume de débeda queda determinado entón por estas variables sen que se revesa ningún axuste adicional como mostra o seguinte cadro.

Cadro XXV. Límite de débeda 2022. Millóns € e %

Débeda prevista a 31/12/2020 (SEC 2010)	Incremento de débeda incluída nos obxectivos			Débeda prevista a 31/12/2021 (SEC 2010)
	Liquidacións negativas 2008 e 2009 SF CCAA	Obxectivo de déficit	Total	
1	2	3	4=2+3	5=1+4
11.714	85	408	493	12.207

Na conta financeira incluída na Memoria I pode observarse que as previsións máximas de endebedamento neto dos orzamentos consolidados acadan os 492,6 millóns de euros, esgotando case na súa totalidade o límite máximo autorizado.

VI.2. Evolución da situación financeira autonómica.

VI.2.1. Evolución orzamentaria

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado da comunidade autónoma nos últimos exercicios.

Ingresos

Os ingresos non financeiros superan de novo os 11.000 millóns de euros, ata acadar os 11.260 millóns de euros, 934 millóns máis ca no orzamento consolidable de 2021.


Cadro XXVII. GALICIA. Evolución do orzamento de ingresos consolidado. Datos homoxeneizados

millóns de euros	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2021C	2022
INGRESOS																
I Impostos directos	1.364	1.516	1.374	2.031	2.030	1.913	1.937	2.020	2.194	2.335	2.275	2.431	2.616	2.748	2.748	2.844
II Impostos indirectos	2.689	2.399	1.897	2.856	2.959	2.944	3.133	3.118	3.243	3.324	3.456	3.451	3.638	3.337	3.337	3.094
III Taxas, prezos e outros ingresos	253	286	271	174	180	205	166	177	179	169	169	178	187	172	172	173
IV Transferencias correntes	5.064	4.949	4.497	2.760	2.616	2.312	1.953	2.168	2.394	2.517	2.815	3.008	2.943	3.703	3.018	3.738
V Ingresos patrimoniais	24	54	20	16	22	23	24	19	16	9	8	9	8	7	7	23
Total operacións correntes	9.395	9.205	8.058	7.836	7.806	7.397	7.214	7.501	8.026	8.354	8.724	9.076	9.392	9.967	9.282	9.872
VI Alieamento de investimentos reais	99	111	49	27	32	30	13	10	13	7	11	7	7	5	5	8
VII Transferencias de capital	709	742	681	613	589	513	480	517	535	561	559	671	702	1.039	1.039	1.380
Total ingresos de capital	808	853	730	640	621	543	493	527	548	568	570	679	708	1.044	1.044	1.388
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	10.202	10.059	8.788	8.476	8.428	7.940	7.706	8.028	8.573	8.922	9.294	9.755	10.101	11.011	10.326	11.260
VIII Activos financeiros	1	1	1	10	11	20	20	14	32	30	43	21	29	25	25	95
IX Pasivos financeiros	474	851	2.048	1.340	1.373	1.476	2.507	1.700	1.657	2.031	1.387	1.768	1.692	2.361	2.361	1.763
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	474	852	2.049	1.349	1.384	1.496	2.527	1.714	1.690	2.061	1.430	1.789	1.721	2.386	2.386	1.858
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	10.676	10.910	10.837	9.826	9.812	9.436	10.233	9.743	10.263	10.982	10.724	11.544	11.822	13.397	12.712	13.118

Dentro do ingreso corrente, compre salientar a diferente porcentaxe de participación nos tributos cedidos a partires de 2011, dimanante da aplicación do novo sistema de financiamento no cálculo das entregas a conta do devandito sistema dificulta a comparación en toda a serie temporal.

Respecto o orzamento consolidable do 2021, o ingreso corrente crece en case 600 millóns de euros debido entre outras causas ao incremento nun 1,9% dos recursos procedentes do sistema de financiación autonómico polo efecto combinado do cálculo das entrega a conta, da liquidación do exercicio 2020 do pago das contías adiadas das liquidacións negativas de 2008 e 2009 e da compensación extraordinaria pola liquidación negativa de 2020. Xunto a esta causa existen outras como o importe a recibir do Estado para compensar o prexuízo causado as CCAA como consecuencia da implantación do IVE do subministro de información inmediata no ano 2017, tal como sentenciou o Tribunal Supremo, así como a achega extraordinaria de fondos Next Generation.


Gráfico XV. Evolución ingreso corriente 2009-2022 en millóns de euros.



O gráfico seguinte mostra a evolución do gasto corrente, en relación co aforro corrente na súa maior parte para reforzar e facer fronte ás necesidades en materia de sanidade, educación e servizos sociais. Isto fai crecer todos os capítulos de gasto corrente agás o de gastos financeiros (capítulo III), que baixa 25 millóns de euros acadando o dato máis baixo da serie.

Esta evolución leva o gasto corrente total moi por enriba dos 9.000 millóns de euros, o dato máis alto dos orzamentos da comunidade autónoma, se ben unha parte do incremento ten carácter extraordinario e, polo tanto non consolidable como se indicou na primeira parte de esta memoria.

Gráfico XVI. Evolución gasto corriente 2009-2022 en millóns de euros




Respecto aos ingresos de capital, o orzamento prevé un esforzo investidor extraordinario para reactivar a economía, para o que se incorporan os fondos REACT UE, e MRR por importes de e 226,7 e 400,5 millóns de euros

Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento dos gastos da comunidade autónoma.

De seguido, recollese un cadro ilustrativo coa evolución da capacidade de financiamento de gastos orzamentarios (capítulos I a VIII de gastos), a partires dos ingresos non financeiros e ingresos de capítulo VIII, que chamamos ingresos orzamentarios neste gráfico, a capacidade completase co endebedamento neto de cada período.

Gráfico XVIII. Capacidade de gasto total agás amortización débeda. 2009-2022. Millóns de euros



Dentro da senda mostrada as dispoñibilidades para gasto total agás a amortización de débeda acadan os 11.488 millóns de euros no 2022, a maior da serie en consonancia de novo co esforzo financeiro que se está a realizar.

Gastos

O orzamento consolidado de gastos recolle tamén a evolución en millóns de euros dende 2008. Compre sinalar a efectos comparativos que a contía que ata 2010 figuraba

no capítulo catro como participación dos concellos nos tributos do estado pasa a ter nese ano carácter extraorxamentario polo que resulta axustada en toda a serie para facilitar unha visión homoxenea da evolución do gasto en termos consolidados, así mesmo tamén se eliminan a efectos comparativos os gastos financiados con FEAGA nos que a Xunta actúa de mero intermediario, por ese mesmo motivo e seguindo as recomendacións do Consello de Contas.

Como pode apreciarse, atendendo ao gasto non financeiro, destácanse claramente tres etapas na evolución do gasto:

- unha crecente, correspondente á fase expansiva ata 2009 no que o orzamento consolidado non financeiro acada os 10.544 millóns de euros,

- outra fase decrecente que mostra un axuste á baixa no período 2010-2014, ata acadar un gasto non financeiro duns 8.343 millóns de euros nese último ano,

- e unha última de recuperación dende o orzamento de 2014 ata o actual, na que este medra ata os 10.149 millóns de euros no pasado orzamento para 2020, e experimenta un crecemento extraordinario no exercicio 2021 ata os 11.563 millóns de euros, 10.878 en orzamento consolidable do 2021. En canto ao 2022 esta magnitude medra ata os 11.627 millóns de euros.

Na medida en que foi preciso recorrer ao endebedamento para suavizar o impacto do axuste no gasto consolidado, o capítulo de operacións financeiras e o capítulo de gasto financeiro mostran unha evolución crecente a partires do 2010, porén no 2015 invertese a tendencia, sendo o primeiro exercicio dende o comezo da crise no que suben os gastos non financeiros e baixan os financeiros, no 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022 consolidase esta tendencia diminuindo o gasto financeiro en 278 millóns de euros con respecto a 2014, ata chegar a 74 millóns de euros (inferior ao orzamento de capítulo III de 1992)


Cadro XXVIII. Galicia. Orzamento consolidado de gastos. Datos homoxeneizados

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2021C	2022
GASTOS																
I Gastos de Persoal	3.444	3.692	3.773	3.627	3.609	3.391	3.367	3.382	3.567	3.681	3.762	3.889	4.031	4.306	4.124	4.327
II Gastos en bens correntes e servizos	1.348	1.416	1.381	1.353	1.384	1.376	1.364	1.388	1.483	1.634	1.724	1.783	1.840	2.013	1.854	1.984
III Gastos financeiros	146	148	157	198	295	299	352	336	271	235	170	165	143	100	100	74
IV Transferencias correntes	2.359	2.430	2.471	2.322	2.239	1.970	1.941	1.960	2.015	2.161	2.222	2.320	2.411	2.596	2.525	2.642
Total operacións correntes	7.297	7.686	7.782	7.500	7.527	7.036	7.024	7.066	7.335	7.712	7.878	8.158	8.424	9.015	8.603	9.027
V Fondo de Continxencia	65	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39	33	45	45	45
Total fondo de continxencia	65	99	62	78	76	85	105	125	52	37	39	39	33	45	45	45
VI Inversións Reais	1.382	1.439	1.251	805	782	711	666	700	777	841	881	911	929	1.535	1.307	1.442
VII Transferencias de Capital	1.337	1.320	1.108	720	704	604	548	496	593	631	688	741	762	968	923	1.113
Total operacións de capital	2.719	2.759	2.359	1.525	1.486	1.315	1.214	1.196	1.370	1.473	1.570	1.652	1.691	2.503	2.230	2.554
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	10.081	10.544	10.203	9.102	9.089	8.436	8.343	8.388	8.757	9.222	9.487	9.850	10.149	11.563	10.878	11.627
VIII Activos Financeiros	122	120	118	307	176	166	140	147	153	152	161	164	154	244	244	220
IX Pasivos Financeiros	474	246	516	417	548	834	1.750	1.208	1.353	1.608	1.076	1.531	1.519	1.590	1.590	1.270
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	595	366	634	723	723	1.000	1.890	1.355	1.506	1.761	1.237	1.695	1.673	1.834	1.834	1.491
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	10.676	10.910	10.837	9.826	9.812	9.436	10.233	9.743	10.263	10.982	10.724	11.544	11.822	13.397	12.711	13.118

O cadro anterior mostra a evolución dos pesos das diferentes partidas de gasto non financeiro nos orzamentos consolidados de 2022 respecto ás do 2008, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais), implica unha composición do gasto intensa no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Os capítulos I e II de gasto aumentan o seu peso co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos e suben 334 millóns no presente orzamento respecto do orzamento consolidable de 2021. O aumento do capítulo I explícase polo incremento retributivo aos funcionarios do 2% aprobado polo Estado.

As políticas de xestión da carteira de débeda aproveitando a expansión cuantitativa do BCE e o rigor no proceso de consolidación fiscal mostrado pola comunidade autónoma reflíctense na baixa do custo do endebedamento, que baixa a niveis históricos, liberando case 25 millóns de euros no 2022 que se poden dedicar a financiar o funcionamento de servizos públicos básicos sen afectar ao aforro bruto, como mostra a seguinte gráfica.

Gráfico XIX. Gastos financeiros. Evolución dos gastos financeiros no orzamento consolidado 2008-2022.



As transferencias correntes tamén pasan a acadar o nivel mais alto da serie, neste caso polo desenvolvemento da Lei de Dependencia e o apoio ás políticas de familia e de inclusión tentando garantir que a recuperación chegue primeiro a os que máis a precisan.


O resultado é que se no ano 2008 o peso do gasto corrente acadaba un 72,4% do gasto non financeiro do orzamento consolidado, no 2022 este é do 77,6%.

O gasto en capital reflicte o necesario impulso ás políticas de fomento e a os investimentos produtivos para apoiar a reactivación económica e social, estas superan os 2.500 millóns de euros duplicando a magnitude de 2014, este importante crecemento que mantén o nivel do pasado exercicio é posible polo aproveitamento das capacidade de endebedamento ao límite, os novos recursos europeos e o mantemento do esforzo en aforro bruto.

O resto das partidas do orzamento, veñen condicionadas pola rixidez do gasto corrente, así a capacidade de financiamento de investimentos de capital ven dada pola suma do aforro bruto, os ingresos de capital e a capacidade de endebedamento libre da financiación de activos.

Como detalle de este esforzo investidor, podemos apreciar na gráfica seguinte como crece respecto do ano anterior baseado nun sólido aforro bruto, e nos recursos de capital e capacidade de endebedamento de este ano algo menor ca do ano 2021.

Gráfico XIX. Evolución do financiamento do gasto de capital 2015-2022



Evolución do gasto real

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados realizados correspondentes ao período 2008-2020, última conta xeral da comunidade autónoma liquidada.

Compre salientar que todos os datos son os correspondentes á conta xeral da comunidade autónoma, homoxeneizados deducindo as partidas que pasan a ser extraor-zamentarias neste período (a participación das corporacións locais nos tributos do estado e o FEAGA).

A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2008- 2019 é a que segue:

Cadro XXVIII: Gastos Consolidados non financeiros (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros

ORZAMENTO DE INGRESOS	10.111	10.565	10.944	10.391	9.358	9.483	9.855	9.942	10.104	10.206	10.943	10.445	12.303	14.017
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
GASTOS														
I Gastos de Personal	3.276	3.576	3.899	3.823	3.725	3.441	3.447	3.451	3.560	3.668	3.749	3.845	4.066	4.278
II Gastos en bens correntes e servizos	1.280	1.409	1.414	1.357	1.321	1.594	1.541	1.567	1.646	1.650	1.786	1.831	1.864	2.057
III Gastos financeiros	150	135	111	122	214	257	302	365	308	270	224	154	158	141
IV Transferencias correntes	2.263	2.430	2.609	2.559	2.273	2.179	2.059	1.993	1.957	2.019	2.105	2.157	2.242	2.478
Total operacións correntes	6.970	7.550	8.033	7.863	7.533	7.470	7.349	7.376	7.470	7.606	7.864	7.987	8.330	8.954
V Fondo de Continencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total fondo de continencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
VI Inversións Reais	1.264	1.362	1.258	882	681	660	627	526	750	692	681	682	688	810
VII Transferencias de Capital	1.073	1.247	1.036	780	540	581	488	439	528	350	388	439	506	600
Total operacións de capital	2.337	2.609	2.294	1.663	1.221	1.241	1.115	965	1.278	1.041	1.069	1.122	1.194	1.409
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCIERAS	9.306	10.160	10.327	9.524	8.754	8.711	8.465	8.340	8.748	8.648	8.933	9.109	9.524	10.364
VIII Activos financeiros	170	136	134	132	113	196	130	168	141	176	127	130	393	159
IX Pasivos financeiros	457	348	246	520	420	508	1.026	1.461	1.306	1.334	1.756	1.034	2.710	3.423
TOTAL OPERACIÓN FINANCIERAS	627	484	380	652	532	704	1.155	1.629	1.447	1.510	1.883	1.164	3.103	3.582
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	9.933	10.644	10.707	10.175	9.286	9.415	9.620	9.969	10.195	10.158	10.816	10.273	12.628	13.946

En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2020 representou o 86,4% do gasto non financeiro total, 0,4 décimas menor que o ano anterior polo mellor desempeño dos investimentos. No exercicio 2019 crecen por enriba da media as inversións reais e as transferencias de capital, un 18% e 19% sobre un aumento medio non financeiro do 9%. Tamén destaca o mantemento en mínimos do gasto financeiro. Dende o ano 2008 ata o 2019 o incremento do gasto corrente foi de 1.404 millóns de euros (624 millóns no último ano a causa do impacto da crise sanitaria) un 18,5% máis.

En canto aos gastos de capital, a súa execución no 2019 representou unicamente o 13,6% do gasto non financeiro total, algo superior ao do ano anterior pero aínda en cifras relativamente modestas.

No que atinxe ao financiamento do gasto de capital 73% procede de fondos propios xerados co aforro corrente (1.037 millóns de euros) e un 24% dos ingresos de capital e o resto co recurso ao endebedamento.

Se botamos unha ollada á composición do financiamento dos investimentos, podemos apreciar como muda radicalmente e resulta financiado integramente polos ingresos de capital e o aforro bruto, e isto a pesares da continua baixa do Fondo de Compensación Interterritorial nos PGE, tradicional fonte de financiamento para cohesionar a capacidade de investimento dos diferentes territorios cuxa evolución non deixa de baixar dende a grande crise.

Cadro XXIX: Fontes de financiamento dos investimentos do orzamento consolidado en %

Ratio Inversión por fonte	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
%Financiamento FCI / Inversión Real	12,5%	6,7%	6,8%	4,8%	4,8%	4,6%	2,5%
%Financiamento fondos propios / Inversión Rea	56,2%	80,8%	78,4%	76,5%	74,5%	73,8%	70,9%
%Financiamento finalista do Estado / Inversión I	1,7%	2,6%	2,1%	1,0%	1,6%	1,5%	1,1%
%Financiamento europeo / Inversión Real	29,3%	9,7%	12,5%	16,2%	18,6%	18,9%	25,4%
Outros	0,3%	0,1%	0,2%	1,4%	0,4%	1,2%	0,1%
	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

En canto a evolución do gasto non financeiro total, o seu máximo neste período (2008- 2019) acadouse no ano 2009 cando o seu importe ascendeu a case 10.327 millóns de euros. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volta a producir nos anos 2011 a 2014. No 2015 comeza unha nova etapa do crecemento do gasto non financeiro consolidado que crece de xeito continuado ata os 10.364 millóns de euros no 2020, a causa dos gastos extraordinarios derivados da crise sanitaria do COVID.

No que atinxe aos ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2008-2020 mostra unha evolución aínda mellor, tanto en termos absolutos como no seu contido ao basearse nun crecemento sólido do ingreso corrente, tal e como pode apreciarse no seguinte cadro:

Cadro XXX. Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

millóns de euros	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
INGRESOS														
I Impostos directos	1.444	1.651	1.737	1.385	2.050	2.020	2.023	1.998	2.089	2.262	2.375	2.385	2.491	2.782
II Impostos indirectos	2.714	2.550	2.119	1.874	2.690	2.733	2.892	3.141	3.151	3.222	3.304	3.468	3.400	3.406
III Taxas, prezos e outros ingresos	282	252	262	248	256	166	180	186	204	177	171	181	197	174
IV Transferencias correntes	4.324	4.644	5.019	4.364	2.460	2.402	2.290	1.935	2.209	2.375	2.537	2.712	2.762	3.613
V Ingresos patrimoniais	51	61	29	19	23	25	41	29	14	19	12	11	12	17
Total operacións correntes	8.816	9.158	9.165	7.890	7.479	7.346	7.425	7.288	7.668	8.055	8.400	8.757	8.863	9.992
VI Alieamento de investimentos reais	56	84	66	22	24	16	17	11	8	8	4	4	16	4
VII Transferencias de capital	680	716	760	649	558	464	478	396	644	227	286	445	422	343
Total ingresos de capital	736	800	826	671	582	480	495	407	652	235	290	449	438	346
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	9.552	9.958	9.991	8.561	8.060	7.826	7.920	7.695	8.319	8.290	8.690	9.206	9.301	10.339
VIII Activos financeiros	17	19	16	7	4	33	26	26	33	35	35	44	30	33
IX Pasivos financeiros	542	588	936	1.822	1.293	1.624	1.909	2.221	1.752	1.882	2.218	1.194	2.971	3.645
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	559	607	953	1.830	1.298	1.657	1.935	2.247	1.785	1.916	2.253	1.239	3.002	3.679
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	10.111	10.565	10.944	10.391	9.358	9.483	9.855	9.942	10.104	10.206	10.943	10.445	12.303	14.017

Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose no 2014 respecto ao máximo de 2009 en 1.877 millóns de euros un 20,5% menos. Agora, no 2020, supérase o chan acadado no 2014 ata acadar os 9.992,2 millóns de euros, debido en gran parte as transferencias extraordinarias do Estado para combater os efectos da pandemia. Dende o 2011 esta masa financeira amosaba unha evolución estable en torno aos 7.400 millóns de euros, tras unha baixa anómala no 2014 (que explica a importante liquidación do sistema de financiamento no 2016), aumentan no 2015, e crecen con forza no 2016, 2017, 2018 e máis modestamente no 2019, de novo debido a unha liquidación anormalmente baixa do SFA, neste caso debida ao efecto non compensado do SII do IVE, que ven reclamando a comunidade autónoma. No 2020 volve crecer con forza polas causas antes mencionadas

No que refire á evolución dos ingresos non financeiros, logo de sufrir o impacto da grande crise no período entre 2010 (no que baixan 1.430 millóns de euros) e 2014, se recuperan ata os 10.339 millóns de 2020,

No que refire ao aforro corrente, ás abruptas caídas de ingresos da grande crise inhabilitaron a capacidade de xerar aforro corrente, chegando este a ser negativo ata en tres ocasións no período de crise, e non sendo ata 2015 que se inicie unha sólida senda de crecemento sube dende os 770 millóns do 2018 baixando algo no 2019 ata os 533 millóns no 2019 e volvendo a incrementarse ata os 1.037 millóns de 2020.

Como se ten indicado na parte orzamentaria, a importancia de este saldo orzamentario radica en que foi, e debe ser nunhas finanzas saneadas, o principal provedor de financiamento de investimentos da comunidade autónoma. Polo que de non recuperarse os ingresos correntes, a capacidade de investir no futuro verase limitada ás dispoñibilidades de fondos finalistas.

Finalmente, en canto á evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: no ano 2007 conseguiuase pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a 964 millóns de euros.


Despois dun superavit extraordinario no ano 2018, o saldo non financeiro volta a ser lixeiramente deficitario no 2019 e no 2020. -25 millóns de euros pero cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado como taxa de referencia para 2020.

VI.3. Evolución do Endebedamento: posición relativa

O principal resultado da evolución dos ingresos e gastos consolidados dunha administración é o seu saldo non financeiro ou resultado orzamentario que acabamos de analizar e o seu corolario, o endebedamento preciso para financeiro.

A ratio débeda/PIB da Comunidade Autónoma de Galicia sigue a mostrar un diferencial positivo en relación co ratio medio das Comunidades autónomas que se ven mantendo ao longo da serie histórica incrementándose a brecha ao longo do período, de un 5,9 a un 7,2.

Gráfico XX. Evolución débeda PDE. Ratio débeda/PIB. Banco de España




A necesidade dunha evolución moderada do endebedamento non é un fin en si mesmo, é a garantía de sostibilidade das finanzas públicas, xa que permitirá cando sexa preciso acudir de xeito temporal a os ingresos financeiros para compensar caídas do ingreso público en fases recesivas do ciclo, como a que estamos a vivir. En efecto, o actual non é o momento de preocuparse pola débeda, senon de impulsar investimentos productivos que permitan xerar emprego e riqueza e superar a perturbación causada polo COVID-19.

A estes efectos manter unha débeda controlada ata o de agora é unha fortaleza que nos permite soportar menores custes financeiros, pero tamén acudir máis facilmente a os mercados financeiros en caso de ser preciso. A seguinte gráfica mostra a evolución dos últimos anos do volume de débeda da comunidade autónoma e do custe de mantela, malia que o stock mantense ou descende levemente dende 2017, a súa ratio co PIB descende polo crecemento continuado de este último.

Como se pode apreciar o control de este stock combinado con unha axeitada política de xestión de pasivos aproveitando as favorables condicións de mercado, está a xerar importantes aforros de custes en xuros ás finanzas autonómicas.

Aínda que este era o camiño a seguir ata os niveis de débeda previstos na normativa de estabilidade orzamentaria, o radical cambio da situación socio económica causado pola pandemia muda este plantexamento, e motivou que houbera que retomar o recurso á débeda para apalancar a recuperación, si ben neste exercicio orzamentario o recurso á débeda será máis moderado que no exercicio 2021.

Gráfico XXI. GALICIA. Evolución da ratio débeda/PIB



VI.4. Transparencia

A Lei 2/ 2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19, adicado a instrumentación do principio de transparencia, apartado 5 que “Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario”.

As seguintes ratios elabóranse a partires do dato certo do último exercicio pechado (2020), da previsión de cerramento de 2021 e, do orzamento que se presenta para 2022. A cifra de referencia do PIB para a ratio débeda PIB é a tida en conta no protocolo PDE do Banco de España e as previsións de variación do PIB do IGE para 2021 e 2022.

Cadro XXXI. Ratios orzamentario-financeiros

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021C	2022
Necesidade de Financiamento (% PIB)	-0,70%	-0,60%	-0,20%	0,20%	-0,10%	-0,20%	-1,00%	-0,60%
Necesidade de Financiamento (M€)	-378	-341	-136	104	-69	-136	-585	-408
Investimentos reais das empresas públicas (M€)	127,9	92,7	101,0	101,1	116,8	136,3	193,3	181,7
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	14,9%	15,1%	15,3%	15,2%	15,3%	17,8%	16,8%	17,1%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	17,3%	17,7%	18,2%	17,2%	17,9%	20,4%	20,8%	19,3%
Ratio Investimento por habitante	255,9	285,9	310,6	326,1	338,0	299,7	486,2	539,0
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.084,6	3.236,3	3.405,3	3.509,7	3.653,2	3.850,5	3.919,0	4.346,2
Débeda Pública (M€)	10.375	10.854	11.210	11.342	11.315	11.538	11.714	12.205
Ratio Débeda - PIB	18,5%	18,8%	18,6%	18,1%	17,5%	19,5%	19,3%	19,3%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	138%	135%	134%	130%	125%	115%	123%	124%
Débeda por Habitante	3.793,9	3.989,6	4.139,5	4.195,8	4.196,5	4.290,4	4.356,7	4.562,1
Risco comprometido por avalís (M€)	138,2	108,0	91,7	63,0	31,5	30,6	16,1	4,3
Compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado I	3.067,6	2.857,0	2.722,0	2.617,2	2.478,7	2.335,1	2.194,1	2.050,6

Neste sentido a Necesidade de Financiamento de Galicia no exercicio 2020 será dun 0,2% do PIB rexional cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria vixente o cal supón unha necesidade de financiamento de 136 millóns de euros. Do mesmo xeito para 2021 o esforzo de financiamento das políticas expansivas de reactivación económica e compensación da baixa de recursos ordinarios fai que o recurso á débeda chegue ao 1% do PIB de xeito extraordinario, o que supón 685 millóns de euros. No 2022, seguindo a senda do ano anterior o recurso a débeda alcanzará os 492 millóns de euros (0,6% do PIB)

A gráfica seguinte compara a senda de consolidación fiscal de Galicia e do total das comunidades autónomas, permite apreciar como os esforzos temperás na contención do déficit permiten unha senda máis suave no espazo temporal obxecto de análise, o que se traduce en máis estabilidade na dotación das diferentes políticas de gasto a igual esforzo de redución do déficit da media das CCAA, o que xa permitiu rematar antes a senda de consolidación fiscal e xerar máis marxe de manobra fronte a posibles continxencias, como acontece neste ano, no que Galicia mantén unhas finanzas estable fronte á incertidume que nos rodea sen ter que facer esforzos de consolidación adicionais.


De seguido recóllese a mesma táboa para o conxunto do sector público (sen incluír a axuda ao sector financeiro).

Cadro XXXII. Taxas de déficit de referencia


	2020	2021	2022
Administración central	-6,6	-3,5	-3,5
Comunidades Autónomas	-0,6	-1,1	-0,6
Corporaciones Locales	0,0	-0,1	0
Seguridade Social	-4,1	-3	-0,8
TOTAL	-11,3	-7,7	-4,9

A representación gráfica de esta senda das diferentes administracións mostra como xurde con forza un novo actor na determinación das necesidades de financiamento das administracións públicas, que xa no 2016 supera ás comunidades autónomas neste parámetro, é a administración da seguridade social, que é a administración pública que sofre un maior deterioro por mor da crise e do desaxuste financeiro do sistema contributivo que a fornece de recursos, esta situación ven condicionando os repartos de obxectivos de déficit entre as diferentes administracións dende 2013, o gráfico seguinte permite apreciar como o seu déficit sigue por enriba do das comunidades autónomas.

Gráfico XXII. Da senda de consolidación fiscal 21-23...
as taxas de referencia 2021



Senda con taxas de referencia 21-22



No que atinxe aos investimentos reais das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma que non forman parte do orzamento administrativo no ano 2020, estes ascenden a 136,3 millóns de euros, no 2021 creceu ata os 193,3. No exercicio 2022 os investimentos alcanzan os 181,7 millóns de euros.

No que atinxe ás diferentes ratios de gasto; a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, descende do 19,5% da previsión de peche do 2021 a pesar do incremento no importe do gasto total ata o 19,3% do 2022 polo intenso crecemento do PIB.

En canto a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia queda nun 17,1% subindo lixeiramente respecto ao 2021, cinco décimas, pero baixando algo respecto ao 2020, polo intenso crecemento do PIB que actúa como denominador neste ratio.

En canto o nivel de Débeda Pública do ano 2019, a finais de dito ano, como se ten sinalado na parte de débeda, a débeda pública calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo acadou o importe de 11.315 millóns de euros e prevese que a finais do ano 2020 sexa de 11.551 millóns de euros, e para 2021 a previsión coherente co orzamento que se presenta e de que acade os 12.321 millóns de euros, que suporá un incremento da mesma de 492,6 millóns, os previstos na conta financeira dos orzamentos para 2021 que reflicten o recurso extraordinario á débeda para financiar as políticas de reactivación económica.


A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

A evolución da ratio débeda/PIB dende a última ratio informada polo Banco de España correspondente ao ano 2020, un 19,9 % diminúe case, retomando a, evolución descendente do ano anterior, Así no 2021 prevese pechar cunha ratio do 18,7%, e de cara a 2021 a taxa esperada é do 18%.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes a débeda prevista de Galicia no ano 2021 dita relación será do 123% como consecuencia do aumento do stock de débeda previsto. No que refire ao vindeiro exercicio 2022 o a ratio crece lixeiramente ata o 124% manténdose estable.

O mantemento dunha senda en parámetros aceptables, de acordo coas rexións máis solventes da nosa contorna, así como o cumprimento dos obxectivos e regras fiscais, non son un fin en si mesmo, senón a vía para aumentar a solvencia dos galegos -como mostra a seguinte gráfica con menos débeda per cápita que o resto das CCAA e, en última instancia a mellor garantía da sostibilidade dos servizos públicos e de reserva de marxe de manobra para circunstancias adversas como as que estamos a enfrentar.

Gráfico XXIII. Evolución da ratio débeda por habitante. Comparativa Galicia-media CCAA



De seguido referimos ao risco comprometido por avais, hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, respecto do límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano remite a Lei de Orzamentos.

Neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2021 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2021 será de 30

millóns de euros, de seguido establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2021, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros.

Dende xuño de 2015, a concesión de avais está suxeita ao principio de prudencia financeira dacordo ao artigo 13 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación de Comunidades Autónomas (LOFCA).

As condicións de prudencia para avais tense desenvolvido por Resolución da Secretaría General Coordinación Autonómica y Local, que fixa un límite do importe total de avais autorizado por cada comunidade autónoma do 1,5% do seu PIB rexional, os límites recollidos na lei de orzamentos recollidos no parágrafo anterior respectan esta limitación.

Para a comunidade autónoma de Galicia este límite sitúase por enriba do límite autorizado na Lei de orzamentos (500 mill.€) e ao risco vivo por avais estimado a peche de 2020 (16,1 mill.€). Para o ano 2021 estímase que as operacións de concesión de novos avais e amortización de vencementos rebaixen substancialmente o risco comprometido por avais polo IGAPE situándose en torno aos 4,3 millóns de euros.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información figura adicionalmente na memoria I.

En canto aos compromisos por emprego de formulas de pago adiado xa contratados son as mesmas contías que as correspondentes ao pasado orzamento menos unha anualidade, a seguinte táboa reflicte o detalle:

Cadro XXXIII. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública

Contratos celebrados colaboración público-privada e concesión de obra pública								
PROXECTOS	ADMINISTRACIÓN XERAL					SERGAS		
	AG-56 Santiago- Brión - As Galanas(N-550)- Pardiñas (AG-56)	Vía rápida VRG-4.1 O Salnés	Vía Rápida do Barbanza. VRG-1.1	A52 - Fronteira Portuguesa. VAC A-52 Celanova	Autovía Costa da Morte	Conc Obra Púb Novo Hospital de Vigo	Contrato Alta Tecnoloxía	
IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN	103.340	43.960	93.830	95.920	199.413	315.228		
COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS								
ANO	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Canons	Investimento	Canons
2022	13.771	6.467	11.366	10.105	25.492	27.652	37.746	10.945
2023	14.324	6.785	11.952	10.386	26.129	27.740	37.650	9.399
2024	14.900	7.130	12.557	10.695	26.782	27.828	37.553	
2025	15.543	7.456	13.183	10.918	27.452	26.563	38.945	
2026	16.126	7.747	13.855	11.165	28.138	26.650	38.848	
2027	16.777	8.045	14.551	11.409	28.842	31.230	33.811	
2028	17.452	8.383	15.299	11.685	29.563	31.333	33.697	
2029	18.206	8.683	16.072	11.892	30.302	29.235	36.005	
2030	18.885	9.025	16.899	12.112	31.059	29.332	35.898	
2031	19.643	9.375	17.756	12.331	31.836	29.429	35.792	
2032	20.430	9.760	18.638	12.585	32.632	29.526	35.684	
2033	21.313	10.110	19.584	6.707	33.448	24.596	41.108	
2034	21.959	10.497	20.560	6.826	34.284	23.582	42.223	
2035	15.987	7.708	21.600	6.941	35.141	17.309	30.884	
2036			8.213	7.080	36.019			
2037				7.182	36.920			
2038				7.303	10.368			
2039				7.429				
2040				2.256				
	245.316	117.174	232.084	177.007	504.407	382.003	515.843	20.344

Dita táboa reflicte que ata o ano 2040 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 2.194,17 millóns de euros. No ano 2022 non está previsto dispor de máis gasto a través destas fórmulas de pago adiado, polo que o importe comprometido ao final do devandito ano será de 2.050,63 millóns de euros.

Cadro XXXIV. :ANEXO: Investimentos reais das empresas públicas. Miles de €

	ENTIDADES	INVERSIÓN REAIS 2022
406	Portos de Galicia	15.610
412	Augas de Galicia	96.502
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	1.983
502	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	188
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	33
515	Consortio extensión universitaria e divulgación ambiental	58
516	Consortio de abastecemento de auga en Cervo e Buerela	0
517	Consortio Casco Vello de Vigo	2.956
519	Consortio Local dos Peares	6
413	Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	62
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	5.835
417	Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	0
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	36
604	Fundación Galicia Europa	4
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	5
607	Fundación Semana Verde de Galicia	0
608	Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	5
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	6.286
610	Fundación Exposicións e Congresos de A Estrada	0
611	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	29
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	64
615	Instituto Feiral de A Coruña	0
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	98
651	Fundación ROF Codina	10
652	Fundación Deporte Galego	10
654	Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	0
656	Fundación Galega de Formación para o Traballo	2
660	Fundación Camilo José Cela	0
702	Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	385
706	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	926
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	4.000
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	20
709	Galicia Calidade, S.A.	7
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	182
713	Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	0
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	102
717	Xenética Fontao, S.A.	380
718	Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios	2.472
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	34.418
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	12
729	Corporación Radio Televisión, S.A.	9.109
	TOTAL	181.793